



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Número 82
12 de setembro de 2024



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

I 10669 (12/INT-000473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre o modelo de desenvolvemento do sector lácteo galego

[34221](#)

Admisión a trámite e publicación

I 10173 (12/INT-000446)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o desenvolvemento e a modernización dos sistemas de transporte público en Galicia

[34232](#)

I 10184 (12/INT-000447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a viabilidade do actual modelo de tratamento de residuos urbanos de Sogama

[34235](#)

I 10226 (12/INT-000448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a situación do sector marisqueiro en Galicia

[34238](#)

I 10309 (12/INT-000449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as estratexias educativas para integrar o alumnado estranxeiro na cultura e lingua galegas

[34243](#)

I 10326 (12/INT-000450)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as políticas do Goberno galego destinadas ao impulso do consumo de produtos alimentarios de proximidade

[34246](#)

I 10336 (12/INT-000451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara



Sobre o actual modelo do Goberno galego de prevención e defensa contra os incendios forestais
[34250](#)

I 10361 (12/INT-000452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a regulación e a profesionalización da prestación de servizos na actividade física e deportiva
[34252](#)

I 10366 (12/INT-000453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a transparencia na contratación pública da Xunta de Galicia
[34255](#)

I 10374 (12/INT-000454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as diferenzas entre Galicia e o resto do Estado na actual evolución dos principais parámetros macroeconómicos
[34258](#)

I 10384 (12/INT-000455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o nivel de cumprimento por parte do Goberno galego da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero
[34261](#)

I 10417 (12/INT-000456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual
[34264](#)

I 10443 (12/INT-000457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o impulso e a mellora dos instrumentos para o apoio á muller e a súa protección
[34267](#)

I 10446 (12/INT-000458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a situación actual da economía familiar en Galicia
[34271](#)

I 10458 (12/INT-000459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a evolución da dixitalización no conxunto do territorio galego
[34275](#)

I 10480 (12/INT-000460)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a planificación e a execución orzamentaria da Xunta de Galicia

[34278](#)**I 10489 (12/INT-000461)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena**

Sobre o impacto na economía familiar e nos sectores produtivos galegos que está a producir a persistencia de altos niveis de inflación

[34282](#)**I 10493 (12/INT-000462)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre o nivel de presenza da lingua galega na Administración xeral do Estado

[34285](#)**I 10571 (12/INT-000463)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as políticas públicas destinadas a incrementar a actividade física da poboación como medio para mellorar a saúde

[34290](#)**I 10589 (12/INT-000464)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre as estratexias e as políticas públicas que desenvolve o Goberno galego para protexer os núcleos históricos das vilas e cidades de Galicia

[34292](#)**I 10595 (12/INT-000465)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre o modelo de xestión sanitaria adoptado polo Goberno galego

[34296](#)**I 10603 (12/INT-000466)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia na promoción do sector artístico

[34300](#)**I 10609 (12/INT-000467)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar

[34303](#)**I 10624 (12/INT-000468)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre as políticas públicas que demanda a actual crise inmigratoria

[34307](#)

I 10632 (12/INT-000469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a transparencia na contratación pública da Xunta de Galicia

[34310](#)

1.4.4. Preguntas**1.4.4.1. Preguntas orais en pleno****1.4.4.1.1. Preguntas orais****Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación****I 10671 (12/POP-001697)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a situación dos produtores de leite respecto da industria transformadora no actual contexto de crise de prezos

[34314](#)

Admisión a trámite e publicación**I 10077 (12/POP-001601)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o alcance das medidas de conservación da biodiversidade que se están a tomar en Galicia

[34323](#)

I 10079 (12/POP-001602)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o grao de desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024

[34326](#)

I 10081 (12/POP-001603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para cumprir os obxectivos da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular

[34329](#)

I 10083 (12/POP-001604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á cobertura de vacantes de profesionais sanitarios no Centro de Saúde Monteporreiro, de Pontevedra

[34331](#)

I 10085 (12/POP-001605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a cobertura territorial dos servizos da HADO na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

[34334](#)



I 10087 (12/POP-001606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns de que a Xunta de Galicia non licitase aínda o proxecto básico e de execución para a construción do Centro de Saúde de Meis

[34337](#)

I 10088 (12/POP-001607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os prazos previstos para licitar o proxecto básico e de execución do novo centro de saúde de Meis

[34339](#)

I 10090 (12/POP-001608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o criterio do Goberno galego ante unha eventual participación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na determinación das condicións e da localización da unidade de alto risco do Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

[34341](#)

I 10092 (12/POP-001609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as condicións laborais e económicas das letradas e dos letrados da quenda de oficio

[34343](#)

I 10094 (12/POP-001610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a cobertura da atención pediátrica no Centro de Saúde de Fornelos de Montes

[34345](#)

I 10096 (12/POP-001611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á creación de centros de crise 24 horas na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

[34347](#)

I 10098 (12/POP-001612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as peticións do equipo directivo do IES de Valga á Xunta de Galicia respecto da consolidación da oferta formativa do seu centro coa incorporación do bacharelato artístico

[34349](#)

I 10100 (12/POP-001613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da realización de melloras nas estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove

[34352](#)



I 10102 (12/POP-001614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o prazo en que o Goberno galego prevé a execución de obras de rehabilitación e mellora nas estradas PO-299 e PO-307, situadas na Illa de Arousa

[34355](#)

I 10104 (12/POP-001615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a execución do proxecto de prolongación da autovía do Salnés ata O Grove

[34357](#)

I 10106 (12/POP-001616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as condicións en que está o paseo do Cantiño, na Illa de Arousa

[34359](#)

I 10108 (12/POP-001617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para facer fronte á xeneralización dos hábitos sedentarios entre as galegas e os galegos

[34361](#)

I 10110 (12/POP-001618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a dotación sanitaria, en recursos humanos e técnicos, do Centro de Saúde de Arcade, en Soutomaior

[34363](#)

I 10112 (12/POP-001619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o estado das instalacións do CEIP Torre Illa, do concello da Illa de Arousa

[34365](#)

I 10150 (12/POP-001620)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre o caso que se está a producir coa discordancia entre nomes de propietarios/as de parcelas que figuran no Catastro e o de persoas solicitantes de axudas da PAC baseadas no uso desas mesmas parcelas

[34367](#)

I 10154 (12/POP-001621)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre o balance da posta en marcha dos programas Xuventude Mentoring e Xuventude Mentoring na Empresa

[34369](#)



I 10156 (12/POP-001622)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e 9 máis**Sobre o balance que fai o Goberno galego da campaña *O teu mellor verán* deste ano 2024 [34371](#)**I 10169 (12/POP-001623)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**Sobre a convocatoria de axudas para o desenvolvemento da formación profesional e da formación permanente no sector pesqueiro publicada no DOG o pasado 12 de agosto [34373](#)**I 10172 (12/POP-001624)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**Sobre a contía dos orzamentos destinados á modernización e mellora das infraestruturas dos portos pesqueiros, que se enmarcan no Plan de equipamentos pesqueiros de Galicia 2030 e no Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura [34375](#)**I 10177 (12/POP-001625)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís**Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego co obxecto de demandar unha mellora dos servizos ferroviarios en Galicia [34377](#)**I 10180 (12/POP-001626)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**Sobre a contía das axudas publicadas no DOG do 23 de xullo de 2024 destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar ante os estragos meteorolóxicos de outubro e novembro de 2023 [34380](#)**I 10182 (12/POP-001627)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis**Sobre a convocatoria de axudas a proxectos de rexeneración dos bancos marisqueiros publicada no DOG do 13 de agosto de 2024 [34382](#)**I 10188 (12/POP-001628)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos**Sobre as consecuencias do incremento do canon de Sogama [34388](#)**I 10192 (12/POP-001629)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis**

Sobre as razóns das avarías de agosto de 2024 no edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense [34386](#)

I 10195 (12/POP-001630)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total da convocatoria de axudas publicada no DOG o 12 de xullo de 2024 dirixidas á restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños [34388](#)

I 10200 (12/POP-001631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da calidade educativa dos centros de ensino do concello de Rianxo [34390](#)

I 10203 (12/POP-001632)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 8 máis

Sobre a convocatoria publicada no DOG do 23 de xullo de 2024 de axudas destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar logo das perdas provocadas polos temporais de finais de 2023 [34394](#)

I 10213 (12/POP-001633)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 8 máis

Sobre a convocatoria de axudas publicada o día 12 de agosto de 2024 con destino ao marisqueo a pé sometido a paralizacións temporais en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia [34396](#)

I 10216 (12/POP-001634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre o convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Goberno central mediante o que se aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación así como o do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo [34398](#)

I 10218 (12/POP-001635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a protección da igrexa de Santa María e da torre de Celas, en Culleredo, ante as obras que se levan a cabo á súa beira para instalar unha parada de autobús [34400](#)

I 10223 (12/POP-001636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a actitude do Goberno galego no conflito laboral que mantén o persoal da empresa concesionaria das ITV [34402](#)



I 10230 (12/POP-001637)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 4 máis**

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento dos acordos parlamentarios do 7 e 28 de maio relativos á concesión de axudas ao sector marisqueiro afectado polas condicións meteorolóxicas adversas

[34405](#)**I 10238 (12/POP-001638)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Davila, María Cristina e 2 máis**

Sobre o traballo específico levado a cabo nas comarcas do Condado-A Paradanta e da Louriña no referido á prevención de incendios forestais de cara ao 2024 e á recuperación da masa arbórea

[34409](#)**I 10247 (12/POP-001639)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e Queixas Zas, Mercedes**

Sobre os prazos para iniciar as obras de recuperación patrimonial da Ponte dos Cabalos, localizada entre os concellos de Lalín e Agolada

[34413](#)**I 10252 (12/POP-001640)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre o prazo previsto para orzar as obras da primeira fase da Cidade da Saúde, que acollerá a Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela

[34416](#)**I 10257 (12/POP-001641)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina**

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne á dotación do CEIP Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda, de profesorado especialista en Audición e Linguaxe

[34419](#)**I 10279 (12/POP-001642)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis**

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para intervir na procura dunha solución ao conflito laboral xurdido na empresa concesionaria que presta o servizo de transporte urbano da comarca de Ferrol

[34421](#)**I 10295 (12/POP-001643)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Varela Fernández, Katherinie e 8 máis**

Sobre os beneficios derivados da declaración dos núcleos históricos urbanos de Galicia como áreas Rexurbe

[34425](#)**I 10311 (12/POP-001644)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar co fin de que o alumnado estranxeiro teña garantida a adquisición de competencias en lingua galega

[34427](#)**I 10323 (12/POP-001645)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a dotación do CPIP Cabo da Area, de Laxe, de profesorado especialista para o curso 2024-2025

[34430](#)**I 10334 (12/POP-001646)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o nivel de control que realiza a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da normativa que obriga os xestores dos comedores escolares a utilizar produtos de proximidade

[34433](#)**I 10341 (12/POP-001647)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as dificultades dos concellos para atopar persoal co que formar as brigadas de prevención e extinción de incendios forestais

[34436](#)**I 10344 (12/POP-001648)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a idoneidade da Fundación Nuestra Señora de Fátima para a atención residencial de maiores logo dos incumprimentos constatados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

[34438](#)**I 10357 (12/POP-001649)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as condicións das instalacións do CEIP de Camelle, de Camariñas, e o nivel de seguridade do seu parque infantil

[34442](#)**I 10364 (12/POP-001650)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a intención do Goberno galego no que atinxe á regulación dos aspectos esenciais da prestación de servizos deportivos

[34445](#)**I 10370 (12/POP-001651)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a transparencia dos contratos do transporte público por estrada

[34447](#)

I 10378 (12/POP-001652)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis**

Sobre a evolución do IPC en Galicia en comparación coa do resto do Estado

[34450](#)**I 10388 (12/POP-001653)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla**

Sobre os atrasos na remisión por parte do Goberno galego dos informes prescritos na Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

[34453](#)**I 10393 (12/POP-001654)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Méndez López, Lara e 2 máis**

Sobre a forma en que vai afrontar o Goberno galego a falta de pediatras en Monforte de Lemos e no resto da provincia

[34456](#)**I 10399 (12/POP-001655)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que se refire á mellora do transporte metropolitano en autobús da comarca da Coruña

[34459](#)**I 10403 (12/POP-001656)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre o cumprimento por parte do IGVS dos anuncios da Xunta de Galicia relativos á promoción do uso da madeira estrutural na construción pública

[34464](#)**I 10405 (12/POP-001657)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas, dentro do marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

[34468](#)**I 10407 (12/POP-001658)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a presentación do informe de seguimento das Directrices de ordenación do territorio

[34471](#)**I 10409 (12/POP-001659)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre a reapertura da tramitación do Anteproxecto de lei de arquitectura de Galicia

[34475](#)

I 10411 (12/POP-001660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os baremos e criterios empregados polo IGVS na selección de proxectos e na repartición de fondos ao abeiro do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio [34479](#)

I 10413 (12/POP-001661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o estado de conservación da enseada de San Simón, espazo incluído na Rede Natura 2000 [34482](#)

I 10416 (12/POP-001662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre a dotación do cadro de médicos de familia do Centro de Saúde de Teis, do concello de Vigo [34487](#)

I 10419 (12/POP-001663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a evolución dos datos da violencia machista no que vai de 2024 [34490](#)

I 10422 (12/POP-001664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir a calidade e a axilidade da atención sanitaria en todos os centros de saúde de Vigo durante este verán [34493](#)

I 10424 (12/POP-001665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre o balance da xestión realizada polo Goberno galego do Programa do bono alugueiro mocidade [34497](#)

I 10439 (12/POP-001666)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da ampliación da Rede galega de atención temperá [34501](#)

I 10442 (12/POP-001667)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do impulso da Rede galega de atención temperá desde o seu inicio [34503](#)

I 10451 (12/POP-001668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego

[34506](#)**I 10453 (12/POP-001669)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a eventualidade de recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico para paliar os problemas da franxa de poboación en risco de pobreza

[34510](#)**I 10459 (12/POP-001670)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a previsión que ten a Xunta de Galicia canto á dotación de orzamentos destinados a avanzar na conectividade dixital no territorio galego

[34513](#)**I 10463 (12/POP-001671)**

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre o balance das últimas axudas do Goberno galego destinadas á subministración de froita fresca, castañas e leite aos centros educativos de Galicia

[34516](#)**I 10472 (12/POP-001672)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 máis

Sobre as xestións que realizou a Xunta de Galicia para promover a mellora do estado da estrada N-120 entre Valdeorras e Ourense

[34518](#)**I 10477 (12/POP-001673)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as perspectivas que mantén o Goberno galego no referido ao incremento do persoal docente do CPI Fonte Díaz, de Touro

[34522](#)**I 10484 (12/POP-001674)**

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mellorar a planificación orzamentaria co obxectivo de afrontar con máis eficacia as necesidades da sociedade e dos sectores produtivos

[34528](#)**I 10490 (12/POP-001675)**

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a diverxencia na evolución recente da inflación en Galicia respecto da media española en termos interanuais

[34528](#)

I 10497 (12/POP-001676)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Taibo Corsanego, Iria e 2 máis**

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para promover o uso da lingua galega na Administración xeral do Estado en Galicia [34530](#)

I 10505 (12/POP-001677)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara**

Sobre o atraso da Xunta de Galicia na remisión ao Goberno central do proxecto para a execución das obras de limpeza das canles da lagoa de Antela [34535](#)

I 10509 (12/POP-001678)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Prado Cores, María Montserrat**

Sobre a situación da atención pediátrica nos centros de saúde de Pazos de Borbén e de Fornelos de Montes [34537](#)

I 10511 (12/POP-001679)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís**

Sobre o balance do desenvolvemento no ano 2023 da Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida en Galicia [34540](#)

I 10515 (12/POP-001680)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel**

Sobre a planificación e limitación das vivendas de uso turístico [34543](#)

I 10549 (12/POP-001681)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre as solucións que prevé a Xunta de Galicia para lles garantir un novo aloxamento ás persoas que sufriron o incendio do pasado outubro na rúa Alfonso X de Vigo [34548](#)

I 10551 (12/POP-001682)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis**

Sobre a xestión dunha cesión de vivendas da Sareb en Vigo para incorporar ao parque público do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou, se é o caso, do propio Concello de Vigo [34551](#)

I 10556 (12/POP-001683)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis**

Sobre o acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a de Medio Ambiente e Cambio Climático para desenvolver un sistema de información e predición meteorolóxica destinado á xestión dos incendios forestais [34554](#)



I 10560 (12/POP-001684)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a pertinencia do nomeamento da esposa do director territorial de Ence en Galicia como directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

[34558](#)**I 10567 (12/POP-001685)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández Fernández, Secundino e 3 máis**

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para que o Goberno central impulse as obras da autovía A-76 entre Ponferrada e Ourense

[34561](#)**I 10575 (12/POP-001686)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia**

Sobre a intención do Goberno galego respecto da eventual implantación en 2º de bacharelato da materia optativa Desenvolvemento de Estilo de Vida Activo e Saudable como oferta obrigatoria en todos os centros de Galicia

[34566](#)**I 10593 (12/POP-001687)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis**

Sobre o estado en que se atopa a tramitación da declaración do núcleo histórico da cidade de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico, ou área Rexurbe

[34568](#)**I 10600 (12/POP-001688)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat e 2 máis**

Sobre o significado do acordo marco asinado polo Goberno galego cos hospitais privados da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés en canto ao modelo de sanidade pública que se defende

[34571](#)**I 10607 (12/POP-001689)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria**

Sobre a forma en que a Xunta de Galicia prevé reverter a débeda contraída coa Orquestra Sinfónica de Galicia

[34574](#)**I 10615 (12/POP-001690)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a postura do Goberno galego ante as análises e conclusións do informe do Consello da Cultura Galega relativo ao proxecto industrial de Altri na Ulloa

[34576](#)**I 10620 (12/POP-001691)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre o criterio que vai facer prevalecer o Goberno galego entre a defensa do patrimonio cultural que supón o Camiño de Santiago e o desenvolvemento do proxecto de Altri na Ulloa [34580](#)

I 10628 (12/POP-001692)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da colaboración co Goberno central na recepción dos inmigrantes irregulares que están chegando ás costas españolas [34584](#)

I 10633 (12/POP-001693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a cantidade de contratos menores de distinta tipoloxía adxudicados polas entidades do sector público autonómico de Galicia ao grupo Eulen ao longo do período 2009-2024 [34587](#)

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

I 10651 (12/PUP-000038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prieto Perille, Pablo Javier e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da delegación galega nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024 [34590](#)

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

Admisión a trámite e publicación

I 8877 (11/PDC-000005)

Sobre a modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para que permita aos galegos saber quen accedeu ao seu historial clínico do Sergas [34592](#)



A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 9 de setembro de 2024, adoptou os seguintes acordos:

1. Procedementos parlamentarios

1.4. Procedementos de información

1.4.3. Interpelacións

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 10669 (12/INT-000473)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre o modelo de desenvolvemento do sector lácteo galego

Admisión a trámite e publicación

- 10173 (12/INT-000446)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o desenvolvemento e a modernización dos sistemas de transporte público en Galicia

- 10184 (12/INT-000447)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a viabilidade do actual modelo de tratamento de residuos urbanos de Sogama

- 10226 (12/INT-000448)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre a situación do sector marisqueiro en Galicia

- 10309 (12/INT-000449)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis

Sobre as estratexias educativas para integrar o alumnado estranxeiro na cultura e lingua galegas

- 10326 (12/INT-000450)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre as políticas do Goberno galego destinadas ao impulso do consumo de produtos alimentarios de proximidade

- 10336 (12/INT-000451)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o actual modelo do Goberno galego de prevención e defensa contra os incendios forestais



- 10361 (12/INT-000452)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a regulación e a profesionalización da prestación de servizos na actividade física e deportiva

- 10366 (12/INT-000453)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a transparencia na contratación pública da Xunta de Galicia

- 10374 (12/INT-000454)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as diferenzas entre Galicia e o resto do Estado na actual evolución dos principais parámetros macroeconómicos

- 10384 (12/INT-000455)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre o nivel de cumprimento por parte do Goberno galego da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

- 10417 (12/INT-000456)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a evolución en Galicia do problema da violencia de xénero e da violencia sexual

- 10443 (12/INT-000457)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o impulso e a mellora dos instrumentos para o apoio á muller e a súa protección

- 10446 (12/INT-000458)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre a situación actual da economía familiar en Galicia

- 10458 (12/INT-000459)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a evolución da dixitalización no conxunto do territorio galego

- 10480 (12/INT-000460)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a planificación e a execución orzamentaria da Xunta de Galicia



- 10489 (12/INT-000461)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre o impacto na economía familiar e nos sectores produtivos galegos que está a producir a persistencia de altos niveis de inflación

- 10493 (12/INT-000462)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre o nivel de presenza da lingua galega na Administración xeral do Estado

- 10571 (12/INT-000463)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as políticas públicas destinadas a incrementar a actividade física da poboación como medio para mellorar a saúde

- 10589 (12/INT-000464)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre as estratexias e as políticas públicas que desenvolve o Goberno galego para protexer os núcleos históricos das vilas e cidades de Galicia

- 10595 (12/INT-000465)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o modelo de xestión sanitaria adoptado polo Goberno galego

- 10603 (12/INT-000466)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre o compromiso da Xunta de Galicia na promoción do sector artístico

- 10609 (12/INT-000467)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as análises do impacto que podería supor o proxecto de Altri no territorio no que se pretende implantar

- 10624 (12/INT-000468)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as políticas públicas que demanda a actual crise inmigratoria

- 10632 (12/INT-000469)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena
Sobre a transparencia na contratación pública da Xunta de Galicia

1.4.4. Preguntas

1.4.4.1. Preguntas orais en pleno

1.4.4.1.1. Preguntas orais

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia e publicación

- 10671 (12/POP-001697)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 24 máis

Sobre a situación dos produtores de leite respecto da industria transformadora no actual contexto de crise de prezos

Admisión a trámite e publicación

- 10077 (12/POP-001601)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o alcance das medidas de conservación da biodiversidade que se están a tomar en Galicia

- 10079 (12/POP-001602)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o grao de desenvolvemento do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024

- 10081 (12/POP-001603)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para cumprir os obxectivos da Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular

- 10083 (12/POP-001604)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á cobertura de vacantes de profesionais sanitarios no Centro de Saúde Monteporreiro, de Pontevedra

- 10085 (12/POP-001605)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a cobertura territorial dos servizos da HADO na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

- 10087 (12/POP-001606)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as razóns de que a Xunta de Galicia non licitase aínda o proxecto básico e de execución para a construción do Centro de Saúde de Meis

- 10088 (12/POP-001607)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre os prazos previstos para licitar o proxecto básico e de execución do novo centro de saúde de Meis

- 10090 (12/POP-001608)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o criterio do Goberno galego ante unha eventual participación das Forzas e Corpos de Seguridade do Estado na determinación das condicións e da localización da unidade de alto risco do Hospital Gran Montecelo, en Pontevedra

- 10092 (12/POP-001609)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as condicións laborais e económicas das letradas e dos letrados da quenda de oficio

- 10094 (12/POP-001610)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a cobertura da atención pediátrica no Centro de Saúde de Fornelos de Montes

- 10096 (12/POP-001611)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que atinxe á creación de centros de crise 24 horas na Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés

- 10098 (12/POP-001612)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre as peticións do equipo directivo do IES de Valga á Xunta de Galicia respecto da consolidación da oferta formativa do seu centro coa incorporación do bacharelato artístico

- 10100 (12/POP-001613)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as previsións que ten o Goberno galego verbo da realización de melloras nas estradas PO-317 e PO-316, no concello do Grove

- 10102 (12/POP-001614)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia



Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre o prazo en que o Goberno galego prevé a execución de obras de rehabilitación e mellora nas estradas PO-299 e PO-307, situadas na Illa de Arousa

- 10104 (12/POP-001615)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a postura da Xunta de Galicia ante a execución do proxecto de prolongación da autovía do Salnés ata O Grove

- 10106 (12/POP-001616)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as condicións en que está o paseo do Cantiño, na Illa de Arousa

- 10108 (12/POP-001617)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia para facer fronte á xeneralización dos hábitos sedentarios entre as galegas e os galegos

- 10110 (12/POP-001618)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre a dotación sanitaria, en recursos humanos e técnicos, do Centro de Saúde de Arcade, en Soutomaior

- 10112 (12/POP-001619)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis

Sobre o estado das instalacións do CEIP Torre Illa, do concello da Illa de Arousa

- 10150 (12/POP-001620)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Viso Diéguez, Miguel Ángel e 8 máis

Sobre o caso que se está a producir coa discordancia entre nomes de propietarios/as de parcelas que figuran no Catastro e o de persoas solicitantes de axudas da PAC baseadas no uso desas mesmas parcelas

- 10154 (12/POP-001621)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre o balance da posta en marcha dos programas Xuventude Mentoring e Xuventude Mentoring na Empresa

- 10156 (12/POP-001622)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia



Grueira Fernández, Nicole e 9 máis

Sobre o balance que fai o Goberno galego da campaña *O teu mellor verán* deste ano 2024

- 10169 (12/POP-001623)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a convocatoria de axudas para o desenvolvemento da formación profesional e da formación permanente no sector pesqueiro publicada no DOG o pasado 12 de agosto

- 10172 (12/POP-001624)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía dos orzamentos destinados á modernización e mellora das infraestruturas dos portos pesqueiros, que se enmarcan no Plan de equipamentos pesqueiros de Galicia 2030 e no Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura

- 10177 (12/POP-001625)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as actuacións que prevé levar a cabo o Goberno galego co obxecto de demandar unha mellora dos servizos ferroviarios en Galicia

- 10180 (12/POP-001626)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía das axudas publicadas no DOG do 23 de xullo de 2024 destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar ante os estragos meteorolóxicos de outubro e novembro de 2023

- 10182 (12/POP-001627)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a convocatoria de axudas a proxectos de rexeneración dos bancos marisqueiros publicada no DOG do 13 de agosto de 2024

- 10188 (12/POP-001628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre as consecuencias do incremento do canon de Sogama

- 10192 (12/POP-001629)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 2 máis

Sobre as razóns das avarías de agosto de 2024 no edificio de hospitalización do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense



- 10195 (12/POP-001630)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre a contía total da convocatoria de axudas publicada no DOG o 12 de xullo de 2024 dirixidas á restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños

- 10200 (12/POP-001631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións do Goberno galego no que atinxe á mellora da calidade educativa dos centros de ensino do concello de Rianxo

- 10203 (12/POP-001632)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 8 máis

Sobre a convocatoria publicada no DOG do 23 de xullo de 2024 de axudas destinadas a soste as entidades asociativas do sector do mar logo das perdas provocadas polos temporais de finais de 2023

- 10213 (12/POP-001633)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Mouzo Mas, Paula e 8 máis

Sobre a convocatoria de axudas publicada o día 12 de agosto de 2024 con destino ao marisqueo a pé sometido a paralizacións temporais en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia

- 10216 (12/POP-001634)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fidalgo Iglesias, Miguel e 8 máis

Sobre o convenio asinado entre a Xunta de Galicia e o Goberno central mediante o que se aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación así como o do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo

- 10218 (12/POP-001635)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre a protección da igrexa de Santa María e da torre de Celas, en Culleredo, ante as obras que se levan a cabo á súa beira para instalar unha parada de autobús

- 10223 (12/POP-001636)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e 2 máis

Sobre a actitude do Goberno galego no conflito laboral que mantén o persoal da empresa concesionaria das ITV

- 10230 (12/POP-001637)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do cumprimento dos acordos parlamentarios do 7 e 28 de maio relativos á concesión de axudas ao sector marisqueiro afectado polas condicións meteorolóxicas adversas

- 10238 (12/POP-001638)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Davila, María Cristina e 2 máis

Sobre o traballo específico levado a cabo nas comarcas do Condado-A Paradanta e da Louriña no referido á prevención de incendios forestais de cara ao 2024 e á recuperación da masa arborea

- 10247 (12/POP-001639)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e Queixas Zas, Mercedes

Sobre os prazos para iniciar as obras de recuperación patrimonial da Ponte dos Cabalos, localizada entre os concellos de Lalín e Agolada

- 10252 (12/POP-001640)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Prado Cores, María Montserrat

Sobre o prazo previsto para orzar as obras da primeira fase da Cidade da Saúde, que acollerá a Facultade de Farmacia da Universidade de Santiago de Compostela

- 10257 (12/POP-001641)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as previsións do Goberno galego no que concirne á dotación do CEIP Celso Emilio Ferreiro, de Cerceda, de profesorado especialista en Audición e Linguaxe

- 10279 (12/POP-001642)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón Tomás e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para intervir na procura dunha solución ao conflito laboral xurdido na empresa concesionaria que presta o servizo de transporte urbano da comarca de Ferrol

- 10295 (12/POP-001643)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Varela Fernández, Katherinie e 8 máis

Sobre os beneficios derivados da declaración dos núcleos históricos urbanos de Galicia como áreas Rexurbe

- 10311 (12/POP-001644)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 3 máis



Sobre as medidas que o Goberno galego prevé adoptar co fin de que o alumnado estranxeiro teña garantida a adquisición de competencias en lingua galega

- 10323 (12/POP-001645)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e 2 máis

Sobre a dotación do CPIP Cabo da Area, de Laxe, de profesorado especialista para o curso 2024-2025

- 10334 (12/POP-001646)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e 2 máis

Sobre o nivel de control que realiza a Xunta de Galicia respecto do cumprimento da normativa que obriga os xestores dos comedores escolares a utilizar produtos de proximidade

- 10341 (12/POP-001647)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre as dificultades dos concellos para atopar persoal co que formar as brigadas de prevención e extinción de incendios forestais

- 10344 (12/POP-001648)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 3 máis

Sobre a idoneidade da Fundación Nuestra Señora de Fátima para a atención residencial de maiores logo dos incumprimentos constatados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

- 10357 (12/POP-001649)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Insua Lema, Óscar e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as condicións das instalacións do CEIP de Camelle, de Camariñas, e o nivel de seguridade do seu parque infantil

- 10364 (12/POP-001650)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago

Sobre a intención do Goberno galego no que atinxe á regulación dos aspectos esenciais da prestación de servizos deportivos

- 10370 (12/POP-001651)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Ríos Santomé, Paulo e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as medidas que prevé adoptar a Xunta de Galicia co fin de mellorar a transparencia dos contratos do transporte público por estrada

- 10378 (12/POP-001652)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre a evolución do IPC en Galicia en comparación coa do resto do Estado

- 10388 (12/POP-001653)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre os atrasos na remisión por parte do Goberno galego dos informes prescritos na Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero

- 10393 (12/POP-001654)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e 2 máis

Sobre a forma en que vai afrontar o Goberno galego a falta de pediatras en Monforte de Lemos e no resto da provincia

- 10399 (12/POP-001655)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as previsións que ten o Goberno galego no que se refire á mellora do transporte metropolitano en autobús da comarca da Coruña

- 10403 (12/POP-001656)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o cumprimento por parte do IGVS dos anuncios da Xunta de Galicia relativos á promoción do uso da madeira estrutural na construción pública

- 10405 (12/POP-001657)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as medidas previstas pola Xunta de Galicia en relación co Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas, dentro do marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia

- 10407 (12/POP-001658)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para a presentación do informe de seguimento das Directrices de ordenación do territorio

- 10409 (12/POP-001659)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a reapertura da tramitación do Anteproxecto de lei de arquitectura de Galicia

- 10411 (12/POP-001660)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre os baremos e criterios empregados polo IGVS na selección de proxectos e na repartición de fondos ao abeiro do Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio

- 10413 (12/POP-001661)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre o estado de conservación da enseada de San Simón, espazo incluído na Rede Natura 2000

- 10416 (12/POP-001662)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre a dotación do cadro de médicos de familia do Centro de Saúde de Teis, do concello de Vigo

- 10419 (12/POP-001663)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e Rodil Fernández, Olalla

Sobre a evolución dos datos da violencia machista no que vai de 2024

- 10422 (12/POP-001664)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 3 máis

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para garantir a calidade e a axilidade da atención sanitaria en todos os centros de saúde de Vigo durante este verán

- 10424 (12/POP-001665)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Suárez Fernández, Iago

Sobre o balance da xestión realizada polo Goberno galego do Programa do bono alugueiro mocidade

- 10439 (12/POP-001666)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia respecto da ampliación da Rede galega de atención temperá

- 10442 (12/POP-001667)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 8 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia do impulso da Rede galega de atención temperá desde o seu inicio

- 10451 (12/POP-001668)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 2 máis



Sobre o eventual desenvolvemento, en colaboración coa Fegamp, dunha estratexia para estender os centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego

- 10453 (12/POP-001669)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández González, Ariadna e 3 máis

Sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a eventualidade de recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico para paliar os problemas da franxa de poboación en risco de pobreza

- 10459 (12/POP-001670)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Rodríguez Dacosta, María del Carmen

Sobre a previsión que ten a Xunta de Galicia canto á dotación de orzamentos destinados a avanzar na conectividade dixital no territorio galego

- 10463 (12/POP-001671)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Grueira Fernández, Nicole e 8 máis

Sobre o balance das últimas axudas do Goberno galego destinadas á subministración de froita fresca, castañas e leite aos centros educativos de Galicia

- 10472 (12/POP-001672)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 4 máis

Sobre as xestións que realizou a Xunta de Galicia para promover a mellora do estado da estrada N-120 entre Valdeorras e Ourense

- 10477 (12/POP-001673)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e Fernández Davila, María Cristina

Sobre as perspectivas que mantén o Goberno galego no referido ao incremento do persoal docente do CPI Fonte Díaz, de Touro

- 10484 (12/POP-001674)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa Olalla e 4 máis

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para mellorar a planificación orzamentaria co obxectivo de afrontar con máis eficacia as necesidades da sociedade e dos sectores produtivos

- 10490 (12/POP-001675)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a diverxencia na evolución recente da inflación en Galicia respecto da media española en termos interanuais

- 10497 (12/POP-001676)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Taibo Corsanego, Iria e 2 máis

Sobre as medidas que prevé adoptar o Goberno galego para promover o uso da lingua galega na Administración xeral do Estado en Galicia

- 10505 (12/POP-001677)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e Méndez López, Lara

Sobre o atraso da Xunta de Galicia na remisión ao Goberno central do proxecto para a execución das obras de limpeza das canles da lagoa de Antela

- 10509 (12/POP-001678)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Prado Cores, María Montserrat

Sobre a situación da atención pediátrica nos centros de saúde de Pazos de Borbén e de Fornelos de Montes

- 10511 (12/POP-001679)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre o balance do desenvolvemento no ano 2023 da Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida en Galicia

- 10515 (12/POP-001680)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e Pérez López, José Daniel

Sobre a planificación e limitación das vivendas de uso turístico

- 10549 (12/POP-001681)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre as solucións que prevé a Xunta de Galicia para lles garantir un novo aloxamento ás persoas que sufriron o incendio do pasado outubro na rúa Alfonso X de Vigo

- 10551 (12/POP-001682)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Gómez, Alexandra e 2 máis

Sobre a xestión dunha cesión de vivendas da Sareb en Vigo para incorporar ao parque público do Instituto Galego da Vivenda e Solo ou, se é o caso, do propio Concello de Vigo

- 10556 (12/POP-001683)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Conde, Ángel e 8 máis

Sobre o acordo de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e a de Medio Ambiente e Cambio Climático para desenvolver un sistema de información e predición meteorolóxica destinado á xestión dos incendios forestais



- 10560 (12/POP-001684)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a pertinencia do nomeamento da esposa do director territorial de Ence en Galicia como directora xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade

- 10567 (12/POP-001685)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Fernández, Secundino e 3 máis

Sobre as xestións realizadas polo Goberno galego para que o Goberno central impulse as obras da autovía A-76 entre Ponferrada e Ourense

- 10575 (12/POP-001686)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a intención do Goberno galego respecto da eventual implantación en 2º de bacharelato da materia optativa Desenvolvemento de Estilo de Vida Activo e Saudable como oferta obrigatoria en todos os centros de Galicia

- 10593 (12/POP-001687)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago e 2 máis

Sobre o estado en que se atopa a tramitación da declaración do núcleo histórico da cidade de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico, ou área Rexurbe

- 10600 (12/POP-001688)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 2 máis

Sobre o significado do acordo marco asinado polo Goberno galego cos hospitais privados da Área Sanitaria de Pontevedra e O Salnés en canto ao modelo de sanidade pública que se defende

- 10607 (12/POP-001689)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e Taibo Corsanego, Iria

Sobre a forma en que a Xunta de Galicia prevé reverter a débeda contraída coa Orquestra Sinfónica de Galicia

- 10615 (12/POP-001690)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a postura do Goberno galego ante as análises e conclusións do informe do Consello da Cultura Galega relativo ao proxecto industrial de Altri na Ulloa

- 10620 (12/POP-001691)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis



Sobre o criterio que vai facer prevalecer o Goberno galego entre a defensa do patrimonio cultural que supón o Camiño de Santiago e o desenvolvemento do proxecto de Altri na Ulloa

- 10628 (12/POP-001692)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e Iglesias Rey, Patricia

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da colaboración co Goberno central na recepción dos inmigrantes irregulares que están chegando ás costas españolas

- 10633 (12/POP-001693)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Iglesias Rey, Patricia e Espinosa Mangana, María Elena

Sobre a cantidade de contratos menores de distinta tipoloxía adxudicados polas entidades do sector público autonómico de Galicia ao longo do período 2009-2024

1.4.4.1.2. Preguntas urxentes (art. 155.5)

Admisión a trámite ao abeiro do artigo 155.5 do Regulamento do Parlamento, traslado á Xunta de Portavoces e publicación

- 10651 (12/PUP-000038)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prieto Perille, Pablo Javier e 8 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego da delegación galega nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París 2024

Santiago de Compostela, 10 de setembro de 2024

María Elena Candia López

Vicepresidenta 1ª

1.4.4.4. Preguntas de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 14 de agosto de 2024, adoptou o seguinte acordo:

Admisión a trámite e publicación

- 8877 (11/PDC-000005)

Sobre a modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, para que permita aos galegos saber quen accedeu ao seu historial clínico do Sergas

A Mesa acorda:

1º. A admisión a trámite e cualificación como pregunta de iniciativa popular.

2º. A súa publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.



3º. De conformidade co previsto no Regulamento do Parlamento e no artigo 17, apartado terceiro, da Lei 7/ 2015, do 7 de agosto, de iniciativa lexislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galicia, os deputados e deputadas poden asumir como propias e convertelas en preguntas con resposta escrita ou oral no prazo de 15 días hábiles, incluídos os sábados, a partir do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Así, a través do rexistro electrónico, aberto as 24 horas do día, poderá producirse a asunción só a partir das 00.00 horas de inicio do día seguinte á publicación no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*. Tal e como prevé o artigo citado, de seren varios os deputados ou deputadas que manifesten a súa asunción, será asignada a pregunta ao primeiro que o solicite.

Santiago de Compostela, 14 de agosto de 2024
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 147 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación polo trámite de urxencia**, sobre a crise de prezos do leite galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola situación na que se atopa o sector lácteo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A variabilidade dos prezos do leite galego é unha constante que se perpetúa no sector, constituíndo unha lacra que envolve o noso produto e, por ende, aos nosos gandeiros e gandeiras, que xa producen máis de 4 de cada 10 litros de leite do estado español. Aínda sendo unha actividade económica punteira en canto a instalacións e animais, cunhas entregas que se foron elevando a pesares do progresivo peche de granxas por falla de relevo xeracional nos últimos anos e unhas condicións de traballo e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de rendibilidade empresarial que deixaron aos produtores en situacións moi precarias en varias ocasións do pasado recente, ser competitivos no que aos prezos se refire é complexo e ten cunha compoñente que non depende directamente nin do produtor nin do seu produto.

As industrias lácteas, conscientes da grande calidade da nosa materia prima, teñen en Galiza un importante nicho de negocio motivado, entre outros factores pola baixa remuneración que os nosos gandeiros e gandeiras reciben decote, moi por debaixo dos prezos do resto do estado español feito que, en termos de calidade e cantidade do leite que aportamos ao mercado estatal, é dificilmente xustificable por parte do MAPA e da Xunta de Galiza.

Nese diferencial de prezo reside a viabilidade do sector lácteo galego, que se enfronta novamente dende febreiro do 2023, a baixadas constantes do percibido polo produto, acadando este verán cifras insostibles nas granxas do país, mentres no resto de España e Europa o litro se vende máis caro que no noso territorio, amparado pola alza de prezos da manteiga, que está a acadar máximos históricos e do leite en po ou o soro, que seguen esa mesma estela.

A necesidade de reducir e eliminar dito diferencial, que na Galiza leva ao sector contra as cordas, non pode ser invisibilizado á mantenta, xa que entre mans temos un problema que, de non ser atallado, será a fin de moitas explotacións galegas pola mingua do seu rendemento económico, co que iso supón para a continuidade do rural e a súa supervivencia, ademais de para a o propio país, no que significa o 1,7 % do PIB, aínda que ascende moito máis se contabilizamos as actividades asociadas á gandería de leite. Esta fenda do prezo é claramente visible en CCAA coma a veciña Asturias, na que durante o 2023 se pagou un 6,59% máis caro de media que en Galiza, xa que a súa empresa máis potente Central Lechera Asturiana é a que mellor remunera aos seus gandeiros do conxunto do estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Derivadas da actual crise de prezos do leite que sufrimos en Galiza de maneira xeralizada, na Consellería de Medio Rural, comezaron as xestións e reunións cos distintos compoñentes do sector, que até o de agora tiveron escasos efectos nos contratos firmados, e que se basearon en apelar á industria transformadora a frear a baixada de prezos, baseando as medidas previstas na súa boa vontade e non nunha intención real e un plan efectivo creado para os sector leiteiro en particular.

No marco destes encontros atopamos a recente entrevista da conselleira María José Gómez co director xeral de CAPSA no pasado mes de agosto, onde a representante da Xunta de Galiza lle manifestou o seu interese pola entrada de socios galegos no grupo Central Lechera Asturiana, nun intento insuficiente de afrontar a situación de crise de prezos no conxunto das ganderías do país por parte do goberno, tratándose dun parche para unha pequena parte das explotacións galegas que conviven de xeito permanente co diferencial de prezos. Este caso particular énos útil para poñer como exemplo dunha actitude moi xeneralizada da macroindustria transformadora láctea que se abastece do noso produto historicamente e o seu modo de operar. Hai que salientar que, tras a xuntanza, fontes do propio grupo aclararon que a entrada destes gandeiros galegos é un proxecto de futuro que non está planeado de xeito inmediato, aínda que o consideran na súa folla de ruta.

Ao abeiro destes pactos de futuro, o imprescindible debера ser garantir dende a administración, ademais da recollida, a desaparición do diferencial de prezos que os gandeiros e gandeiras galegas están a sufrir por parte da transformadora e a firma de contratos con duracións mínimas que fomenten a estabilidade do sector, eliminando a sensación de inseguridade que impera agora mesmo no noso país por este motivo. Se tomamos datos estatais, en Galiza, máis do 83% dos contratos de leite que se firman teñen duracións de 3 a 6 meses, co que isto implica a pe de campo na evolución do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CLAS (Central Lechera Asturiana) fai recollidas en 800 granxas dentro da súa comunidade, mais o peche de explotacións dedicadas á produción leiteira propiciou a súa saída a mercar fóra das súas fronteiras, momento no que entrou en xogo o noso país, que actúa compensando esa falla de entregas. É tanto así que, en Asturias, pechan de 8 a 10 granxas produtoras mensualmente de xeito que, dos 6500 socios actuais de CLAS, só están activos en canto a entregas aproximadamente un 12%. Dita falla de subministro foise agravando cos anos como evidencian datos de 2016, no que eran 1300, en 2020 no que xa descenderan a 1100 os produtores asturianos e as cifras actuais, que non auguran cambios que poidan chegar a reverter esta tendencia.

Seguindo co exemplo da industria asturiana pola que se interesou a Consellería de Medio Rural, a facturación do Grupo Central Lechera Asturiana SAT, que integran as firmas, ASA, Aseragro, CLAS Gestión e Biogastur, superou o ano pasado os 1054 millóns de euros, incrementando deste xeito un 8,4% con respecto ao período anterior, cun beneficio neto de 26,3 millóns de euros, consolidándose coma un grupo forte a nivel estatal, con grande influencia no sector. O seu último movemento dentro de Galiza por exemplo, a través de CAPSA, foi a adquisición do 40% da empresa Innolact SL, que produce distintos tipos de queixo en Castro de Rei baixo a marca Quescrem.

CAPSA engloba tanto a Larsa, ATO, Vega de Oro, Lácteas Flor de Burgos e Innova Ingredientes ente outros, coma a CLAS, que controla o 81,53% das súas participacións e é quen recolle en Galiza, a través de LARSA, o leite de 900 granxas. Estas non se benefician dos mesmos prezos que os gandeiros asturianos, que reciben actualmente 5 céntimos por litro máis que os galegos de xeito que, aqueles que subministran a LARSA no noso país, non ven o diferencial positivo no seu produto a pesar de o leite ter o mesmo destino e ir á mesma industria. O prezo base en Central Lechera Asturiana oscila nos 42 céntimos por litro na súa CCAA de orixe, ao que se lle engade un complemento chamado “reparto de valor”, que é o que suma os cinco céntimos de diferenza e ao que se lle agrega a maiores o pago por trazabilidade, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pode chegar aos 2,25 céntimos e para o cal as granxas deben cumprir unha serie de requisitos. A estes complementos hai que engadirlle as primas por cantidade que, calculadas segundo cifras da campaña anterior, de 2023, se moven entre 0,5 e 1,5 céntimos, dende os produtores de máis de 250000 aos de mais de 1 millón de litros anuais, beneficiando coma de costume aos de maior volume de entregas.

No tocante a LARSA, os contratos actuais son a prezo fixo e van desescalando en consonancia co tamaño da explotación, primando o volume de entrega, como é habitual na maioría das industrias transformadoras. Até o de agora, esta empresa presentaba unha parte do contrato na que o prezo era fixo e supoñía o 70% da entrega, fronte ao 30% restante que se cinguía ao valor variable vinculado co prezo da manteiga no momento dado, indexación da que están a prescindir actualmente. Este feito de fixar o total do prezo, amparado legalmente nos dous casos, coincide coa alza nos produtos derivados e que eran, especialmente a manteiga, quen establecían a parte variable. Ao prezo base, LARSA, súmalle a prima por cantidade e calidade hixiénico-sanitaria, de elevada esixencia, e a de pastoreo no caso das explotacións en extensivo, influíndo menos no prezo final ambas as dúas últimas.

A pesar deste movemento por parte do goberno galego, que empraza á unha parte da industria a futuros acordos, a baixada de prezos actual continúa a abafar aos produtores galegos sen verse resolta, coa ausencia de medidas efectivas e xerais para paliar as consecuencias económicas derivadas da crise no momento crítico actual por parte da Consellería de Medio Rural.

O goberno galego, na creación dun marco protector para o sector lácteo galego ten, presuntamente, dúas ferramentas chave para evitar as fluctuacións extremas de prezos e os seus diferenciais. Unha delas é o paquete lácteo e outra, a máis destacada por propios cargos da Xunta de Galiza a colación deste asunto, a Lei de Medidas para Mellorar o Funcionamento da Cadea Alimentaria. Ambas as dúas deberían traer ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sector trazabilidade e transparencia nas transaccións comerciais a través da firma de contratos, facultando deste xeito á administración pública para exercer a vixilancia e o control nestas transaccións.

A través destes contratos, que no seu inicio eran rexeitados polo partido do actual goberno, lembrando as negociacións para a homologación de contratos na época onde Suárez Canal era conselleiro, obrígase a que as relacións comerciais entre as distintas partes da cadea do leite queden perfectamente establecidas antes de que o produto se entregue, sendo as dúas partes coñecedoras das súas obrigas, recolléndose no RD 95/2009 do 1 de marzo que todos os elementos destes deben ser libremente negociados e que a duración destes debe ser de un ano como mínimo. De non cumprirse a norma e detectárense abusos provocados por unha situación de dominancia nun dos elos da cadea ao respecto do outro, a Xunta de Galiza debería tomar cartas no asunto e aplicar as sancións correspondentes citadas na lei, sen permitir baixadas de prezos por debaixo dos prezos de custo e vixiando os contratos para detectar incidencias no que se refire ao diferencial de prezos con respecto a outros territorios do estado que non sexan debidamente xustificadas ou se consideren documentalmente abusivos. No caso de existiren diferenzas significativas entre produtores por razóns de orixe do produto, cargos do goberno comprometéronse recentemente a trasladar os debidos expedientes á Comisión Galega de Competencia ou no seu caso á CNMC.

En resumo, a produción láctea galega, a máis alta do estado español, deixa un valor engadido menor ao que debera no país en beneficio de outros. Malia sermos grandes produtores (xa superamos o 40 % do leite producido no total do estado), a industria transformadora láctea situada en Galiza supón un 10% da presente na totalidade do estado, derivando diso unha incapacidade manifesta de xerar un maior volume de produtos elaborados. O acento, polo tanto, debe poñerse non tanto na cantidade de leite producida, senón nos beneficios que este leite lle aporta ao país e que agora mesmo foxen por falla de transformación galega, de xeito que non temos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade abonda para que o noso produto xere valor engadido dentro das nosas fronteiras. A aposta decidida pola industria transformadora galega, así coma o cumprimento estrito da Cadea de Valor do Leite serían dous piares precisos nos que poñer o foco dende o goberno da Xunta, apostando por un sector chave a nivel económico, social e territorial, evitando como problema de fondo, o baleirado do rural galego, xa nunha fonda crise demográfica.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación polo trámite de urxencia:

1. Considera a Consellería de Medio rural que existe equilibrio negociador á hora de firmar os contratos no sector lácteo entre industria transformadora e produtores e que ambas partes acceden con total liberdade á súa firma?

2. Considera a Xunta de Galiza que os contratos ofrecidos por parte da industria transformadora na actualidade, cunha duración menor a 6 meses, cumpren a legalidade ao abeiro do RD 95/2019 do 1 de marzo? Que medidas se están tomando ao respecto por parte da administración se é que era consciente da problemática?

3. Poderían tipificarse, baixo unha ollada obxectiva da administración, nalgúns casos as firmas destes contratos nos que un dos elos da cadea ten unha posición de privilexio dentro dun “abuso de situación de dependencia económica”? Se o considera así, que se está facendo por parte da administración e do goberno da Xunta para evitar estas situacións?

4. Que medidas aplicou a Consellería de Medio Rural a raíz de que a propia Comisión Galega da Competencia amose dúbidas sobre o equilibrio negociador dos contratos entre industria e produtores?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

5. Que medidas xerais se están a desenvolver para afrontar a actual crise de prezos que afecta ás explotacións gandeiras do país e para darlle un pulo á industria transformadora de capital galego que xere valor engadido en Galiza?

6. Que explicación se obtivo derivada da reunión co director xeral de CAPSA para que o leite galego non goce do complemento chamado “reparto de valor” cando o leite é usado por parte da mesma industria de ser interpelado nese senso?

7. Cal é o motivo de que os gandeiros galegos perciban un 6,59 % menos que os gandeiros asturianos polo mesmo produto no 2023, se parte do leite que procesa o grupo CLAS provén de granxas galegas?

8. Que medidas prevé a Xunta de Galiza para levar a cabo ao respecto de ser o país onde menor é o prezo do leite dentro do Estado Español e onde os contratos son de menor duración segundo datos recentes do propio MAPA?

9. Detectou a Xunta de Galiza a existencia de contratos de leite onde se firman prezos por debaixo do custo de produción? Se é así, que medidas se están a tomar?

10. Detectou a Xunta de Galiza contratos onde os prezos do leite galego teñen un diferencial cos do leite doutros territorios do estado sen motivos xustificados ou mesmo que teñen o mesmo destino final? Se é así, que medidas se están a tomar?

11. Prevé a Xunta de Galiza enviar os correspondentes informes sobre os casos de diferenciais de prezos do leite galego segundo territorio, sobre o incumprimento da normativa que esixe unha duración mínima de contratos ou sobre a produción por debaixo dos prezos de custo a Comisión Galega da Competencia ou a CNMC?

12. Prevé a Xunta de Galiza solicitar que os casos de “abuso por situación de dependencia económica” volvan ser responsabilidade das autoridades de Competencia en lugar do Tribunal de Xustiza, para salvagardar o anonimato do denunciante?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

13. Considera a Consellería de Medio Rural que a entrada de socios galegos no grupo CLAS/CAPSA solucionará a situación de crise xeral de prezos?

Santiago de Compostela, 6 de setembro 2024

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2024 14:21:13

Mercedes Queixas Zas na data 06/09/2024 14:21:31

Rosana Pérez Fernández na data 06/09/2024 14:21:41

Daniel Pérez López na data 06/09/2024 14:23:00

Iria Carreira Pazos na data 06/09/2024 14:23:10

Iria Taibo Corsanego na data 06/09/2024 14:23:19

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2024 14:23:29

Daniel Castro García na data 06/09/2024 14:23:41

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/09/2024 14:23:50





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández na data 06/09/2024 14:24:02

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2024 14:24:16

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/09/2024 14:24:28

Sonia Vidal Lamas na data 06/09/2024 14:24:39

Secundino Fernández Fernández na data 06/09/2024 14:25:27

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2024 14:25:46

Alexandra Fernández Gómez na data 06/09/2024 14:26:07

Paulo Ríos Santomé na data 06/09/2024 14:26:26

Carmela González Iglesias na data 06/09/2024 14:26:39

Cristina Fernández Davila na data 06/09/2024 14:26:54

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/09/2024 14:27:06

Ariadna Fernández González na data 06/09/2024 14:27:19

Luis Bará Torres na data 06/09/2024 14:27:29

Óscar Insua Lema na data 06/09/2024 14:27:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/09/2024 14:27:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

José Manuel Golpe Acuña na data 06/09/2024 14:28:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de que o Goberno galego reclame ao Estado español a mellora dos servizos de ferrocarril e o remate das incidencias continuadas no actual servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E é que o reto da intermodalidade é a chave para a mobilidade do futuro, onde as distintas modalidades de transporte deben ser complementarias e estar conectadas e interconectadas.

O ferrocarril xoga un papel central nesta cuestión, polo que un bo funcionamento desta modalidade de transporte é central para unha mobilidade de calidade.

Na última década observamos unha clara intencionalidade dos diferentes gobernos do estado en deixar baixo mínimos os servizos de transporte por ferrocarril en Galiza, coa eliminación de horarios e itinerarios, a desaparición do tren en moitas comarcas do país ao que se ven a sumar o déficit histórico en materia de financiamento en infraestruturas e servizos ferroviarios.

Os principais indicadores avalan o uso do ferrocarril en Galiza, sendo o eixo atlántico unha das rutas de media distancia con máis viaxeiros no estado español.

Coa chegada da COVID e das súas consecuencias, implementáronse diferentes bonificacións que fixeron máis accesible a mobilidade en ferrocarril, mais é incomprendible como Galiza segue a padecer a non restitución de horarios e itinerarios e mesmo a ampliación dos servizos para superar os que xa foron eliminados.

Por se a situación non fose preocupante, coa chegada tardía dos novos trens Avril agudizáronse as deficiencias no servizo, con atrasos xeralizados na principal vía de comunicación do noso país, o eixo atlántico.

Así pois, o sistema ferroviario galego leva moitos anos no esquecemento dos distintos gobernos, tanto a nivel de atención aos servizos como no que se refire aos investimentos, deixando aos nosos servizos ferroviarios moi atrasados en relación a outros servizos prestados en diferentes territorios do estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que accións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para demandar a mellora dos servizos ferroviarios, maiores investimentos, poñer fin as incidencias continuadas no servizo e a creación do servizo de proximidade ferroviaria do goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 30/08/2024 13:08:39

Luis Bará Torres na data 30/08/2024 13:09:06





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10184
Data envío: 31/08/2024 09:46:43,976

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **interpelación**.

O pasado mes de xuño de 2024 a sociedade mixta Sogama, (participada nun 51 % polo Xunta e nun 49 % por Naturgy), que xestiona os residuos de 295 concellos galegos, anunciou a suba do canón do lixo alegando uns sobrecustos na súa xestión imposibles de asumir.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos no Parlamento de Galicia a través dunha proposición non de lei que se mantiver o canon existente coas bonificacións impostas no ano 2019 alegando que os argumentos utilizados polo Goberno galego para xustificar esta suba eran falaces como demostramos con datos obxectivos.

Esta petición foi rexeitada en pleno polo voto en contra do PP, que priorizou os intereses do goberno aos da veciñanza que vai soportar esta suba.

Como consecuencia disto desde o mes de xullo a taxa de Sogama aos concellos quedou fixada en 66 euros por tonelada suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano. A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.





Neste momento o Goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e como consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

Desde o Grupo Socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecustos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan interpelan ao Goberno nos seguintes termos:

1. Entende o Goberno galego que os sobrecustos na xestión do lixo, derivados do modelo obsoleto de Sogama, teñen que ser asumidos pola cidadanía?
2. Vai seguir o Goberno galego afogando aos concellos cunha nova suba do canon de Sogama para 2025?
2. Como vai incentivar o Goberno galego os concellos para a implantación do contedor marrón?
3. Que políticas ten previsto impulsar o Goberno galego dirixidas á modificación do actual sistema de xestión de residuos cara a priorizar a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro?
4. En aras ao consenso por que non constitúe unha comisión de traballo entre Sogama, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a Fegamp para determinar as condicións do canon para o ano 2025?





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10184
Data envío: 31/08/2024 09:46:43,976

5. Vai o Goberno galego ampliar o número de plantas de biorresiduos como estipulaba no PXRUG 2010-2022?

6. Vai o Goberno galego destinar a cantidade recadada co imposto sobre depósito e vertedoiro para compensar os sobrecustos que actualmente ten Sogama?

Parlamento de Galicia, 30 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 31/08/2024 09:38:59

Carlos López Font na data 31/08/2024 09:39:11

CSV: B6PISJTB037020aVpnhw2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

34237

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre o incumprimento da Xunta de Galiza dos acordos parlamentares unánimes sobre actuacións para amparar e protexer o sector marisqueiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cumpríronse xa 10 meses do comezo dunha campaña marisqueira verdadeiramente nefasta para os recursos, para as confrarías e sobre todo para as propias traballadoras e traballadores do sector. E, malia o extremo da situación, a Consellaría de Mar non foi quen de convocar as axudas cofinanciadas polo FEMPA antes do mes de maio deste ano, para o caso de a frote, e no mes de agosto, para o marisqueo a pé, por paralización temporal da actividade marisqueira.

As convocatorias, ademais de chegaren moi tarde (as de a frote non estarán resoltas antes de mediados de outubro e as de a pé antes de mediados de xaneiro de 2025), amosan, de novo, non só o desprezo da Xunta de Galiza aos acordos unánimes do Parlamento galego senón tamén o seu reincidente desleixo e desinterese por un sector que aínda emprega a preto de 7.000 persoas no noso país.

O Goberno galego volve incumprir un acordo parlamentar. Neste caso, o aprobado unanimemente na Comisión de Pesca do sete de maio pasado a proposta do BNG que *“insta ao Goberno galego a modificar o proxecto de ordes de axuda para 2024 para as persoas mariscadoras afectadas pola paralización temporal en diferentes*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bancos marisqueiros intermareais de Galiza, de xeito que os 120 días de actividade extractiva non teñan que ser verificados necesariamente coas notas de venda realizadas nas lonxas ou centros de venda autorizados, co obxectivo primordial de evitar os posibles prexuízos que puideran ter lugar". Tanto na Orde de convocatoria de axudas por paralización temporal da actividade do marisqueo a frote como no de a pé, este requisito segue a exixirse.

Por outra banda, tanto as axudas para o marisqueo a frote como paro o marisqueo a pé só van dirixidas a traballadoras e traballadores dun número moi concreto de bancos marisqueiros e os requisitos para a súa solicitude gardan importantes diferenzas entre elas sen ningún tipo de xustificación.

En primeiro lugar, os cretos orzamentarios dedicados a cada unha delas. No primeiro caso (marisqueo a frote), dedícanse un máximo de 7.200.000 euros (5,2 para as persoas armadoras e 2 millóns de euros para as persoas tripulantes). No segundo (marisqueo a pé), o importe máximo das axudas *"ascenderá a 1.250.000 euros"*.

En segundo lugar, o requisito de estar dado/a de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores /as do mar esíxese, no primeiro caso, *"no momento de sobrevivir a paralización temporal"* e, no segundo, *"no momento da solicitude"*, aínda tendo en conta que moitas traballadoras do marisqueo a pé tiveron que buscar outro traballo, precisamente por non teren axudas e teren esgotadas as súas prestacións.

En terceiro lugar, as contías das axudas. Para as do marisqueo a frote márcase unha cantidade por día hábil de parada que, para as persoas armadoras é dun mínimo de 134 euros/día e, para as persoas tripulantes é dun máximo de 50 euros/día. E establécense claramente 62 días hábiles de parada tanto para armadores como para tripulantes. No caso do marisqueo a pé, percibirán por día 81,9 euros, mais dos 11 plans de xestión afectados, só dous acadan os 62 días de parada que si se subvencionan no caso do marisqueo a frote. Os 9 restantes, debido ao inxusto baremo que emprega a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellaría de Mar, están moi por debaixo, sendo os casos máis significativos o de Cariño e o de Arcade con 4 e 14 días respectivamente de parada subvencionábeis.

En definitiva, estes e outros graves condicionantes son os que están a levar a moitas traballadoras e traballadores do mar a mal vivir ou directamente a verse obrigadas a abandonar a súa actividade, sobre todo no caso do marisqueo a pé. As axudas resolveranse como moi pronto un ano despois de teren comezado as choivas, a perda masiva de bivalvos nos areais galegos e a brutal diminución de ingresos por parte das mariscadoras e mariscadores e despois de que a Consellaría, por enésima vez, non reaccionase a tempo e non amparase, aínda a día de hoxe, ás miles de persoas que tratan de seguir vivindo do seu traballo.

O Executivo galego vén, ademais, actuando de xeito totalmente contrario ao que decide e aproba por unanimidade o Parlamento galego, o que incide na desconfianza de que se vaian levar a cabo accións acordadas e que beneficiarían ao sector e amosa a nula importancia e respecto que a Xunta ten polo propio Parlamento e polas súas decisións.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

- Que valoración fai o Goberno galego da situación que están a vivir os mariscadores e mariscadoras galegas nos últimos anos, nomeadamente dende o pasado mes de outubro?
- Cales son as razóns, dada a situación do sector, polas que as axudas por paralización temporal do marisqueo se levaron a cabo tan tarde?
- Cales son os criterios que se empregaron para convocar esas axudas só para un número determinado de bancos marisqueiros de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera que a única axuda recibida por parte da Administración galega, de 550 euros, é suficiente para que o sector poida manter unha renda digna dende o mes de outubro?

- Por que non deu cumprimento aínda aos acordos unánimes do Parlamento galego, dos pasados sete e 28 de maio, sobre todo no referido ás axudas directas dende outubro e ata que se recupere a actividade con normalidade ao sector marisqueiro?

- Vai convocar urxentemente as axudas directas ao sector marisqueiro que leva nunha situación extrema dende o mes de outubro?

- Cando vai o Goberno galego respectar e cumprir os acordos unánimes do Parlamento galego, votados favorablemente tamén polo propio Grupo Parlamentar que o sostén?

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Rosana Pérez Fernández na data 02/09/2024 12:54:24

Carmela González Iglesias na data 02/09/2024 12:55:01

Daniel Castro García na data 02/09/2024 12:55:23

Daniel Pérez López na data 02/09/2024 12:55:34

Paulo Ríos Santomé na data 02/09/2024 12:55:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a necesidade de a Xunta activar un plan de adquisición das competencias en lingua galega para o alumnado estranxeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consello de goberno da Xunta do 2 de setembro aprobou o Plan MEGA de mellora educativa de Galiza, unha estratexia anunciada co obxectivo de incrementar o nivel das competencias clave do alumnado, personalizar o apoio educativo e a atención ás necesidades específicas e avanzar nun modelo de ensino inclusivo.

Segundo o conselleiro de Educación, o Plan inclúe medidas para “avanzar nunha aprendizaxe máis personalizada, reforzar as competencias clave e a atención a todo tipo de diversidade”.

Entre as diferentes liñas de actuación, destácase unha específica centrada na atención ao alumnado estranxeiro, cada vez máis presente nas aulas galegas en todas as etapas, a partir das “intervencións educativas necesarias para o desenvolvemento persoal, cultural e social destes estudantes desde unha participación activa na vida escolar”.

A través desta liña proporcionarase apoio ao alumnado estranxeiro para asegurar a expresión e a comprensión lingüística efectiva e fortalecer as súas habilidades de lectura e escritura, imprescindíbeis para garantir o dereito á educación desde a equidade e a inclusión.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na información trasladada aos medios de comunicación non se concreta ningunha estratexia ou actuación para axudar o alumnado estranxeiro a se integrar social, educativa, cultural e lingüisticamente en galego, polo que xa temos solicitado, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento, copia do mencionado Plan MEGA para coñecelo en detalle.

Con todo, a habitual falta de resposta e transparencia do goberno da Xunta ás peticións de documentación requiridas desde o grupo parlamentario do BNG, sustenta moitas preguntas sobre o desenvolvemento da metodoloxía necesaria para favorecer a adquisición da lingua galega por parte do alumnado estranxeiro, así como de como se vai proceder á súa implantación neste inminente comezo de curso escolar.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Que medidas vai implementar o goberno da Xunta para que o crecente alumnado estranxeiro teña garantida a adquisición das competencias en lingua galega?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2024 10:05:21

Iria Taibo Corsanego na data 03/09/2024 10:05:30

Cristina Fernández Davila na data 03/09/2024 10:05:40

Daniel Castro García na data 03/09/2024 10:05:51





Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

As familias das escolas infantís da rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Política Social), manifestaron reiteradamente que queren que os seus fillos e fillas consuman nos comedores escolares produtos de proximidade. Produtos como froitas e verduras de tempada, peixe fresco, como o capturado polo cerco galego, e carne de procedencia galega, como é a nosa denominación de orixe Tenreira Galega.

Na actualidade o menú que se ofrece cumpre, por suposto e non se pon en dúbida, con todas as normas sanitarias e de seguridade, así como as nutricionais, pero non inclúe esa proximidade na orixe: a carne pode chegar de Polonia, o peixe é conxelado e de especies que se pescan lonxe das nosas costas e que, en numerosas ocasións, nin se consumen tradicionalmente na nosa comunidade.

A Xunta obriga, desde a norma de 2019, ás empresas que xestionan os menús a optar por provedores de proximidade, pero non significa que o produto fornecido sexa efectivamente de proximidade; os provedores locais, á súa vez, traen os alimentos de diferentes partes do mundo, xa non de Galicia ou España. A consulta da trazabilidade dos produtos demostrou que a carne viña de Polonia, o peixe deixou de ser fresco para pasar a ser conxelado, as froitas e hortalizas percorren grandes distancias até chegar o prato dos nosos fillos e fillas, etc. Esta situación non parece lóxica nin desde o punto de vista de defensa do noso sector primario nin desde a sustentabilidade.





Os nosos fillos e fillas merecen unha alimentación de calidade e é fundamental que a escola pública a idades tan temperás sexa un exemplo de calidade e equilibrio nutricional xa que a alimentación senta as bases da saúde infantil, enfrontando así problemas actuais e de futuro como é a obesidade infantil. É importante que os nenos aprendan cal é a frecuencia adecuada de inxesta semanal, por exemplo, de peixe e carne e a importancia dos vexetais e a froita na saúde. Pero non só a calidade alimenticia senón que a seguridade dos produtos consumidos é fundamental e non se soluciona cos produtos de proximidade, por iso, é importante a información do procesado e a trazabilidade dos produtos coa colaboración cos distintos axentes da cadea de produción e distribución.

Para iso, debemos pór en marcha un plan en colaboración coas asociacións de produtores agrícolas, gandeiros e distribuidores que permita dispor de produtos de proximidade na cantidade, calidade e seguridade adecuada para un sistema de comedores distribuídos por toda a comunidade autónoma. Igualmente, sería importante contar coa participación das asociacións de pescadores das distintas pesqueiras, especialmente coas do cerco, así como coas lonxas.

Esta colaboración en rede é necesaria porque, aínda que cada comedor dá servizo a poucos usuarios, a cantidade global é moi importante e en ocasións un único produtor podería individualmente dar soporte a toda a rede.

En definitiva, sería un modelo que por unha banda une a calidade nutricional e alimenticia coa formación en hábitos saudables desde a infancia cos menús escolares co apoio aos sectores primarios da agricultura, gandería e pesca e por último coa sustentabilidade enerxética xa que se evitan longos desprazamentos das materias primas. Un exemplo claro de economía circular da que tan necesitada está a nosa comunidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 11:28:34
Nº Rexistro: 10326
Data envío: 03/09/2024 11:28:34.368

Este modelo foi testado na nosa comunidade autónoma con moi bos resultados, eficiente e sustentable economicamente. Este é o caso dos ecocomedores que utilizan, por exemplo, na escola infantil municipal da Caracola, en Novo Mesoiro da Coruña, que non só ten unha mellor calidade do produto, utiliza produtos ecolóxicos, senón que consegue un descenso importante no custo do menú para as familias. Trátase de escalar e estender o modelo.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Realiza a Consellería un seguimento do cumprimento da normativa da Xunta de Galicia do ano 2019 que obriga aos xestores dos comedores escolares a utilización de provedores de proximidade?
2. Ten o Goberno galego constancia da utilización de produtos de proximidade, e da súa trazabilidade, dos polos provedores utilizados polos xestores dos comedores escolares?
3. Dispón a Consellería dun plan específico para fomentar hábitos alimenticios saudables entre os nosos nenos e nenas?

Parlamento de Galicia, 3 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 03/09/2024 11:20:34

Silvia Longueira Castro na data 03/09/2024 11:21:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34248

@PSdeG



CSV: BGPISIRBQ35Z3XPKJNV2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 11:28:34
Nº Rexistro: 10326
Data envío: 03/09/2024 11:28:34.368

Elena Espinosa Mangana na data 03/09/2024 11:21:12

CSV: BGRISJTBG35Z3XPKJN42-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34249

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 12:24:00
Nº Rexistro: 10336
Data envío: 03/09/2024 12:24:00,498

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivos, de vixilancia e defensa contra incendios forestais. Os labores preventivos son financiados por fondos europeos mentres os labores de vixilancia e defensa contra incendios son financiados pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou de forma reiterada que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin a virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias e ano tras ano son menos os concellos que as constitúen pola dificultade de atopar persoal para formalas e polas características do propio convenio ofertado polo Goberno galego.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 12:24:00
Nº Rexistro: 10336
Data envío: 03/09/2024 12:24:00,498

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que valoración fai o Goberno galego da diminución que se está a producir na contratación de brigadas de incendios por parte dos concellos?
2. Cantas brigadas municipais de prevención e loita contra incendios se constituíron no ano 2024?
3. Sendo coñecedor o Goberno galego da falla de profesionais para formar as brigadas que medidas adoptou para arranxar esta situación?
4. Que concellos galegos non constituíron as brigadas de incendios conveniadas coa Xunta de Galicia?
5. Pensa o Goberno galego adoptar algunha medida ao respecto ou seguir no inmovilismo actual?

Parlamento de Galicia, 3 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/09/2024 12:17:40

Lara Méndez López na data 03/09/2024 12:17:50

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34251

@PSdeG



CSV: B6P1S1R3G1M1z0AG1Jk4y8-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a regulación da prestación de servizos deportivos en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A práctica do deporte e o fomento da actividade física entre a poboación xeral trae consigo, indubidablemente, unha serie de beneficios para as persoas, as familias, as comunidades e a sociedade en xeral ademais dun notable crecemento e impacto social positivo. Iso si, sempre que a actividade deportiva sexa axeitadamente organizada, ensinada e dotada de recursos, xa que tamén pode constituír unha importante ameaza para a saúde e a seguridade das persoas se é executada de forma irregular baixo a dirección ou supervisión de persoas sen a cualificación necesaria.

É por este motivo que desde o BNG consideramos fundamental que se regulen canto antes, no ámbito competencial da Xunta de Galiza, os aspectos esenciais da prestación de servizos deportivos no país determinando cales son os servizos profesionais, que funcións son propias de cada un e que cualificación é necesaria para a súa adecuada prestación.

É innegable que na actualidade no noso país os servizos de educación física, actividade física e deporte “están sendo realizados frecuentemente por persoas sen a cualificación axeitada, o que resulta impropio dunha sociedade preocupada pola seguridade e a calidade dos servizos que nela se prestan, e a saúde da súa cidadanía”, segundo alertan desde o Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física (Colef).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así que, tras varios infrutuosos intentos por parte do Estado español de establecer unha ordenación estatal na materia, é o momento de que o Goberno galego tome partido e exerza as súas competencias para regular a práctica da actividade física en Galiza.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte interpelación:

- Prevé a Xunta de Galiza regular os aspectos esenciais da prestación de servizos deportivos en Galiza, e en caso afirmativo, como o fará?
- Garantirá o Goberno galego na presente lexislatura os dereitos das persoas en materia de calidade, saúde e benestar, evitando situacións que prexudiquen a súa seguridade ou que poidan menoscabar a saúde, a integridade física ou a vida das persoas destinatarias dos servizos deportivos?
- Por que non actuou a Xunta ante as tentativas fallidas do Estado de establecer unha ordenación estatal na materia?
- Ten interese a Xunta en crear, tal e como solicita o sector, o Rexistro Oficial de Axentes Prestadores de Servizos Deportivos de Galiza?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**
Iago Tabarés Pérez-Piñeiro
Deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/09/2024 13:51:08

Iago Suárez Fernández na data 03/09/2024 13:51:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as medidas a adoptar polo goberno galego para dotar de transparencia a execución dos contratos do transporte público por estrada en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a posta en marcha no Plan de Transporte o servizo de transporte público por estrada en Galiza experimentou grandes mudanzas, tanto no seu deseño como na súa execución.

Así pois, son moitas e preocupantes os diferentes incumprimentos e irregularidades tanto na contratación como na propia execución dos contratos derivados do Plan de Transporte da Xunta de Galiza, onde nos últimos anos asistimos a un proceso de concentración monopolística, o esmorecemento paulatino do sector, o empeoramento das condicións laborais dos traballadores e traballadoras das grandes empresas de transporte de viaxeiros e tamén unha peor e errática prestación de servizos aos usuarios e usuarias.

Aínda que isto sexa evidente para unha parte importante da sociedade, e após de diferentes sentenzas e procesos xudiciais, a Xunta de Galiza continúa a negar a existencia destes problemas, incumprimentos e irregularidades.

Así pois, lonxe de poñer solucións enriba da mesa e exercer un control público da execución e deseño dos contratos, a Xunta de Galiza vén de crear unha Dirección Xeral paralela, abdicando das súas responsabilidades no servizo de transporte público





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por estrada en favor dunha empresa pública para levar a cabo as labores de control e deseño destes contratos.

É por iso que desde o BNG, entendemos que é necesario que a Xunta de Galiza faga un exercicio de transparencia, tan necesario nun servizo público fundamental como é o do transporte por estrada, que poña branco sobre negro sobre a execución dos diferentes contratos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para dotar dunha maior transparencia o deseño e a execución dos contratos do servizo público de transporte por estrada recollidos no Plan de Transporte?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 03/09/2024 14:15:26





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 03/09/2024 14:15:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Óscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución do índice de prezos ao consumo e o feito de que Galiza teña a inflación máis alta de todo o Estado respecto do ano anterior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución do Índice de Prezos ao Consumo é un dos problemas económicos máis importantes e constantes dos últimos anos, desde que no período post pandemia se sucedeu unha importante crecida. Malia as medidas impulsadas desde os ámbitos supra estatais, o certo é que este índice mantén aínda unha intensidade considerable, unha suba acumulada e que non tivo un descenso como o que prevían distintos organismos internacionais ou, no caso estatal ou galego, as propias administracións e o Banco de España.

É por iso, que esta é unha evolución que o goberno galego debería vixiar, sobre todo tendo en conta tanto o diferencial entre Galiza e o Estado, como tendo en conta o efecto por acumulación que ten nas condicións materiais de vida das maiorías sociais e na afectación ao sistema produtivo.

O pasado 13 de agosto de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba o Informe sobre as variacións nos índices de prezos de consumo cos datos definitivos correspondentes ao mes de xullo de 2024. Como vén sendo habitual, Galiza rexistraba unha taxa superior á do Estado español. Así, fronte a un 2,8% estatal, Galiza rexistraba





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

un aumento de tres décimas máis, situándose no 3,1%, malia que en termos mensuais se rexistrara un descenso do 0,5%. Así mesmo, é preocupante que unha vez máis a inflación subxacente é tamén superior á rexistrada no Estado.

Con respecto a xullo de 2023, todos os grupos agás o de “comunicacións” rexistra suba dos prezos e os incrementos máis potentes danse nos ámbitos da restauración e hoteis e no de alimentos e bebidas non alcohólicas, cuestión preocupante esta última polo seu impacto no día a día dos fogares ao falarmos de bens esenciais.

Outro aspecto preocupante, e que se vén dando nos últimos meses, é que se observamos a comparativa con outras comunidades autónomas, Galiza é na que máis sobe a inflación respecto do ano anterior, cun 3,1%, a cifra máis alta de todas.

Diante desta situación, o goberno galego debe facer unha lectura actualizada do impacto da inflación nos distintos estratos da economía galega e impulsar a posta en marcha de medidas que alivien a situación nos sectores máis afectados.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

Cal é a valoración do goberno galego de que Galiza teña a inflación máis alta do Estado en termos interanuais?

Cal é a valoración do goberno galego respecto do diferencial Galiza-Estado na evolución da inflación?

Como avalía o goberno galego o impacto nas maiorías sociais? E nos sectores produtivos? Vai impulsar algunha medida de actualización do seu Plan Estratéxico?

E das súas medidas económicas, impulsando accións conducentes a paliar as consecuencias nas maiorías sociais?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2024 16:30:54

Rosana Pérez Fernández na data 03/09/2024 16:31:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/09/2024 16:31:15

Óscar Insua Lema na data 03/09/2024 16:31:33

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/09/2024 16:31:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre as razóns do goberno galego para incumprir a lei galega de violencia machista e non remitir ao Parlamento Galego os informes que esta recolle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten desde hai décadas un marco lexislativo en materia de violencia machista que é pioneiro e referencial e que xa se adiantou aos preceptos e recomendacións do Convenio de Istambul mesmo antes da súa ratificación e posterior aprobación por parte do Estado Español.

Entre outros aspectos, o noso marco lexislativo contempla a recompilación de información e o seu estudo como un dos aspectos claves, como recomenda a literatura científica, para afondar na prevención, na eliminación e na loita contra a violencia machista.

Con ese espírito, coa finalidade de dar cumprimento ao preceptuado na Disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a Xunta de Galiza remite anualmente ao Parlamento Galego un informe anual de violencia machista. É máis, nos últimos anos, froito dunha modificación unánime da lei e froito dun consenso político unánime nunha Proposición non de lei, o goberno galego remite, como addenda a este informe, outros dous: un sobre a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e outro sobre violencias sexuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, o Parlamento Galego descoñece aínda os informes correspondentes ao ano 2023, cun atraso sen precedentes e que non se pode exculpar na convocatoria electoral de febreiro de 2024, toda vez que o Parlamento Galego funciona a pleno rendemento e que xa pasaron máis de cen días de funcionamento do novo goberno. Un novo goberno, ademais, que decidiu estrearse coa supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e a súa dilución en dúas direccións xerais equivalentes ás subdireccións que xa preexistían.

Este atraso ocorre, ademais, nun momento onde os índices de violencia machista seguen a ser preocupantes, como tamén o son os discursos negacionistas. Hoxe é absolutamente necesario ter información obxectiva e veraz da evolución da violencia machista en Galiza e do uso e funcionamento dos recursos, de cara a poder acordar propostas para mellorar a intervención e a prevención.

O feminismo mantivo historicamente unha loita a favor da información nesta materia e por iso hoxe existen, aínda con todas as necesidades de mellora que se poidan observar, información tanto estatística como cualitativa que nos poden axudar a avanzar e a recoñecer a violencia contra as mulleres.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte interpelación:

Por que o goberno incumpre a lei galega de violencia machista e aínda non remitiu o informe anual de violencia machista do ano 2023 ao Parlamento Galego?

Por que non remitiu tampouco aínda o informe sobre prestacións económicas do ano 2023, pese a ter a información pechada das axudas que emitiu?

Por que tampouco remitiu aínda o informe sobre violencia sexual, pese a que maioritariamente esta información provén de datos estatais das forzas de seguridade e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

do ministerio e xa son públicos? Non vai facer ningunha valoración a maiores nin render conta dos recursos propios aplicados?

O atraso débese á desidia do goberno galego ou ao desmantelamento das políticas de igualdade?

Que departamento é responsable desta situación?

Cal das súas direccións xerais é responsable deste atraso sen precedentes?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2024 17:27:45

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2024 17:27:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

À Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a valoración por parte do goberno galego da evolución da violencia machista e dos feminicidios en Galiza

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é un problema de primeira orde para a sociedade galega e que se manifesta de múltiples formas e polo tanto debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos, asegurar o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista e mellorar os recursos activos. Máis aínda, nun contexto de evidentes retrocesos no discurso político e institucional, co avance das posicións negacionistas, e nun contexto de avance da manófera, que constitúen unha enorme ameaza para a vida das mulleres e para a calidade democrática.

Cómpre recordar que desde o ano 2003 son máis de 70 as mulleres que foron asasinadas na Galiza e no que vai de ano Galiza xa tivo que responder e lamentar, de forma oficial, o asasinato en marzo de Andrea Yturry Alave, veciña de Ribeira de 25 anos, e de Mercedes Ríos Muñiz, de 74 anos, veciña da Coruña. Todo isto tendo en conta a existencia de casos en vías de investigación e a existencia aínda de prexuízos e limitacións na aplicación da definición de violencia machista que fan que moitos casos, especialmente de mulleres en situación de prostitución ou vulnerabilidade, tarden en computar ou non cheguen a ser tidos en conta como asasinatos machistas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, recentemente coñeciamos as informacións estatísticas do Ministerio respecto da violencia sexual, unha das formas de violencia machista, e son tamén a punta do iceberg dunha violencia estrutural e profunda pois estímase que só se denuncia arredor dun 20% destas agresións. Así, o informe do Ministerio do Interior sobre delitos contra a liberdade sexual serve para ser conscientes do seu impacto. En Galiza, no 2023, houbo un total de 924 de delitos coñecidos rexistrados, 205 máis que no 2022, un aumento do 22%.

Estes e outros datos, estatísticos ou cualitativos, reafirman a necesidade de avaliar como funcionan os nosos mecanismos de prevención, sensibilización, intervención e apoio de cara a os mellorar e ampliar.

Por todo o exposto fórmulanse a seguinte interpelación:

Que valoración fai o goberno galego da evolución dos datos de violencia machista no que vai de 2024?

Que valoración fai o goberno galego da evolución da violencia machista e as súas consecuencias en Galiza observando a serie histórica?

Desenvolveu a Xunta, ao abeiro dos seus instrumentos, unha avaliación pormenorizada dos últimos feminicidios en Galiza?

E sobre a evolución da violencia sexual?

Que aspectos considera máis urxentes para mellorar o sistema de protección?

Ten detectado ámbitos de mellora?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que o marco legal galego está suficientemente desenvolvido? E
cumprido?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2024 09:45:37

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2024 09:45:49





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Desde que no ano 2004 se aprobou o primeiro decreto que regula os centros de información ás mulleres (CIM) en Galicia, foi moita e definitiva o labor que dende eles veñen facendo os e as profesionais en defensa da igualdade, dándolle apoio e soporte a milleiros de mulleres galegas.

É importante lembrar que pese a que a prevención, detección, tratamento e loita contra as violencias machistas, así como a atención ás mulleres vítimas son funcións prioritarias destes centros, o decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia define os CIM como “aqueles recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.”

Temos, entón, que son moitas as funcións encomendadas a uns centros que son esenciais como servizo de apoio integral ás mulleres, en todas as súas vertentes, pero que nos últimos tempos están dedicados practicamente na súa totalidade a tarefas asistenciais con mulleres vítimas de violencias machistas ou en contextos de vulnerabilidade, tal e como se recolle nun informe recente elaborado pola Fegamp. Ademais, desde o ano 2016 os centros de información





á muller teñen encomendadas novas responsabilidades profesionais como ser un servizo de información, atención e asesoramento ao colectivo LGTB, unha función que debería ser vinculada a servizos ad hoc co fin de prestar realmente atención a un colectivo efectivamente marxinado e necesitado de políticas propias por parte do Goberno galego.

Por iso, o Grupo Socialista cre necesario iniciar unha reflexión profunda acerca das funcións dos centros de información ás mulleres, a capacidade de cumprilas, a súa estrutura técnica e de recursos humanos e o seu financiamento, entre outras cuestións. Un dos principais déficits que teñen os centros de información ás mulleres é a falla de recursos, principalmente humanos, o que provoca unha carga de traballo non asumible e en moitos casos, como denuncia a propia Asocim, unha diminución non desexada na calidade da atención. Isto débese, entre outras razóns, á inexistencia de criterios rigorosos que establezan o número e tipoloxía de profesionais que ten que existir nun CIM atendendo, por exemplo, ao número de mulleres residentes na área xeográfica que debe cubrir ese centro.

Entre as moitas tarefas que dende os CIM teñen que deixar de realizar pola excesiva carga de traballo que soportan figuran, por exemplo: a difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes; a realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución da igualdade; actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade cara á integración da perspectiva de xénero nas accións de entidades locais, ou o fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.

Moitas delas poderían ser desenvolvidas por unha figura imprescindible e escasamente presente nos CIM como é a da/do axente de igualdade. Por outra banda, gran parte do traballo que realizan as persoas técnicas dos CIM é





administrativa, e o propio Decreto 130/2016 establece no seu artigo 10.2 a posibilidade de que os CIM contén con persoal de apoio ou persoal administrativo que se considere conveniente, algo que acontece en moi poucos centros.

A Xunta de Galicia subvencionou no ano 2022 un total de 84 CIM, dos que 33 son xestionados por agrupacións de concellos ou mancomunidades, resultando así que só 193 concellos dos 313 que existen contan con este servizo imprescindible. Dito doutro xeito: as mulleres de case o 40 % do territorio galego non dispoñen deste recurso. Ademais, en moitos casos, aínda nos concellos con CIM a situación para as mulleres pode resultar moi gravosa tendo en conta a dispersión xeográfica do noso país, nomeadamente nas zonas rurais, e o precario do transporte público interurbano, que dificulta o desprazamento a estes centros.

O Decreto 130/2016 establece a posibilidade de que o persoal dos CIM se desprace para facilitar o acceso a este recursos, pero dado o colapso na súa carga de traballo esta é unha tarefa imposible. Todo o anterior é produto dunha normativa laxa nalgunha esixencia e moi estrita noutras, de maneira que estes centros adolecen dunha estrutura obrigada eficaz que responda ás necesidades de todas as mulleres galegas, sen que existan diferenzas en función do territorio.

Por iso, é necesario elaborar unha estratexia, tal e como manifesta a propia Fegamp, que comece polo establecemento dun novo marco de financiamento que, ademais de incrementarse con fondos propios da Xunta de Galicia, estableza unha ratio de persoal necesario en función da poboación e do número de mulleres atendidas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2024 12:23:06
Nº Rexistro: 10443
Data envío: 04/09/2024 12:23:06.501

Ten previsto o Goberno galego elaborar, en colaboración coa Fegamp, unha estratexia para estender a rede de centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego e para actualizar a normativa vixente?

Santiago de Compostela, 4 de septiembre de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/09/2024 11:57:21

Elena Espinosa Mangana na data 04/09/2024 11:57:38

Silvia Longueira Castro na data 04/09/2024 11:57:48

CSV: B6PISJTBGATz9Y0XdnW2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34270

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Cristina Fernández Davila, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a capacidade de aforro das familias galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As cifras do risco pobreza ou exclusión social no noso país acadaron en 2023 dous puntos porcentuais máis que no 2022, chegando esa situación de emerxencia ao 25,5% da poboación galega segundo a enquisa de condicións de vida do INE. Con datos recollidos na renda de 2022 o INE indica tamén, que un 19,4% dos galegos e galegas estaban nese momento en risco, de maneira que os datos empeoran dende o período anterior, deixando ver unha situación crítica para as familias do país, evidenciándose nas carencias severas de material que aumentaron en dous puntos porcentuais dende 2022 ao pasado ano, acadando o 8,2% da poboación.

A pesares de que a renda media neta anual de Galiza por persoa subiu ata os 13.147 euros no pasado exercicio, esta continúa case mil euros por debaixo da do Estado español, que medrou un 8,3% a comparación coa nosa, cun discreto 6,4%. Os períodos vacacionais non son unha opción economicamente viable no caso do 40% das familias galegas, que non teñen capacidade para gozar nin sequera dunha semana de vacacións ao ano, así coma da incapacidade para facerlle fronte a gastos imprevistos do 29%, coa inseguridade que deriva desta situación para quen a vive a diario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A todos os datos anteriores únese un estudo recente que desvelou, neste pasado mes de agosto, que máis de un de cada catro fogares galegos son incapaces de aforrar parte dos seus salarios, indicador que empeorou con respecto á anterior análise, sen esquecer que un 7,5% de fogares galegos vive en baixa intensidade de traballo en Galiza. O mes de setembro, co inicio do curso escolar e as actividades asociadas propias da rutina, supón un sobrecusto para as familias, que chegan a situacións económicas críticas ao afrontar o pago de libros, materiais, actividades extraescolares, roupa, etc. das súas crianzas, coa alza de prezos actual, que non está debidamente acompañada por a subida salarial.

Un ano atrás a capacidade de aforro das familias chegaba ao 75,9% da poboación mentres, segundo os datos aportados recentemente e que amosan ese empeoramento, sitúan as aforradoras nun 73%, tres puntos porcentuais menos. A cantidade dos ingresos reservada en Galiza para o seu aforro é peor que a do resto do estado, alcanzando un 16%, dous puntos menos que no exercicio anterior, o que evidencia o estado económico dos fogares galegos, dos cales recoñecen ter dificultades para chegar a fin de mes o 54,5% segundo datos do IGE do primeiro trimestre de 2024. Os gastos da cesta da compra, transporte, gas, luz ou electricidade, entre outros, son os que máis preocupan en canto a situación financeira dos fogares, que se reduciron nun 19,4% das familias no 2023, evidenciando a gravidade da situación, cambiando hábitos de consumo no 33,1% dos fogares, coma por exemplo na cesta da compra, onde os produtos de marca branca gañaron espazo.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

1. Que conclusións extrae a Xunta da Galiza da incapacidade de aforro dun 27% das familias galegas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Que conclusións saca a Xunta de Galiza de que case o 40% das familias galegas non teñan capacidade de gozar de unha semana de vacacións?

3. Considera a Xunta de Galiza positivo o dato de que o 29% das familias galegas non teñan capacidade de afrontar gastos imprevistos?

4. Que medidas propón a Xunta de Galiza para paliar a situación de necesidade económica das familias que se agrava en setembro derivado dos gastos asociados ao comezo do curso escolar das crianzas?

5. Cal é a contía destinada por parte da Xunta para sufragar os gastos dos libros de texto no curso 24/25 e cantas familias accederán a ditas axudas?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 04/09/2024 12:21:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 04/09/2024 12:21:43

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2024 12:21:52

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2024 12:22:02





igualdade de oportunidades e a garantir a libre elección de vivir no lugar desexado.

Hoxe as novas tecnoloxías son imprescindibles no noso día a día, no ámbito laboral, educativo, e social. Polo que a implicación das administracións e imprescindible.

Desde o Goberno de España estase a facer un investimento de fondos que combaten esta realidade tanto a nivel de usuarios individuais como do esforzo investidor en Pymes e Autónomos e o financiamento en proxectos tecnolóxicos a través dos Pertes.

A Comunidade Autónoma tamén ten posto en marcha distintos proxectos ou estratexias coa mesma finalidade algunhas delas con fondos europeos, entre eles a Estratexia Galicia Dixital 2030, con investimentos privados e públicos.

Pero o compromiso da Xunta debe ser maior para asegurar a igualdade de dereitos e a igualdade de oportunidades e con iso potenciar a nosa economía, as relacións persoais, as relacións coas administracións, así como o asentamento da poboación no rural.

A pesares destes avances a fibra óptica non dá cobertura á totalidade do territorio nin á totalidade dos fogares galegos, aínda existen retos para levar a conectividade de alta calidade ás zonas rurais e máis despoboadas para seguir estendendo a cobertura e calidade do acceso a internet en toda a comunidade autónoma.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2024 12:30:21
Nº Rexistro: 10458
Data envío: 04/09/2024 12:30:21.636

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten previsto a Xunta de Galicia dotar de máis orzamento para proxectos ou estratexias que permitan a Galicia alcanzar o 89,87 % de conectividade e, cando menos, obter os niveis estatais?

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 04/09/2024 12:26:37

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2024 12:26:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Óscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa á valoración do goberno galego respecto da súa planificación e execución orzamentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país.

Porén, a planificación e execución orzamentaria do goberno galego arrastra desde hai máis dunha década recorrentes eivas que non son abordadas con dilixencia, malia ser evidentes á luz de cada período executado e á luz dos distintos informes que o Consello de Contas vén elaborando, singularmente os referidos á Conta Xeral.

Así, se atendemos ao seu Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma respecto do exercicio do ano 2022, observamos novamente eivas como o abuso do recurso ao fondo de continxencia, a constancia das modificacións orzamentarias, a incorrecta inclusión no capítulo VI do orzamento de gastos da Administración xeral gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital, as cuestións referidas á contabilidade do SERGAS, a falta de concordancia do inventario de inmovilizado material, a falta de elaboración do rexistro de entidades





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

malia o mandato legal, financiamentos non permitidos polos remanentes, utilización recorrente das ampliacións de crédito que constata unha deficiente orzamentación, dado que se reiteran as mesmas partidas todos os anos, etc.

Por outra banda, salienta, ano a ano, a falta de execución de importantes contías orzamentarias. Por exemplo, no último exercicio económico do que temos datos pechados, o 2023, deixou sen executar 1.051 millóns de euros no total de seccións e aquelas con menor nivel de execución relativo son recorrentes en exercicios precedentes. Tamén, no ámbito orzamentario, salienta negativamente o escaso resultado dos teóricos esforzos anunciados para impulsar o gasto en investimentos reais, que no 2023 deixaron atrás arredor de 500 millóns de euros. Finalmente, cómpre lembrar que canto á execución por programas, hai numerosos programas que ano a ano non superan un nivel de execución do 50%, o cal amosa unha debilidade na planificación que non pode escusarse cun ano concreto nin cunha conxuntura específica.

Mellorar a planificación orzamentaria e afondar na transparencia son aspectos fundamentais para mellorar a calidade democrática e para mellorar na eficiencia da xestións dos recursos públicos, algo esencial en xeral e máis aínda nun contexto de profundas transformacións económicas, inestabilidade política e volta á senda centralista e neoliberal do déficit e da limitación de gasto e do exercicio do noso autogoberno.

Por todo o exposto fórmase a seguinte interpelación:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para evitar que a súa deficiente planificación orzamentaria fure capacidade económica para enfrontar as necesidades da sociedade e dos sectores produtivos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que mecanismos prevé ou vai prever para mellorar a execución global dos orzamentos?

E daquelas áreas de gasto que recorrentemente arrastran unha baixa execución orzamentaria?

Que vai facer o goberno galego para deixar de orzar como imprevistos aqueles gastos correntes e previsibles, coma os destinados ao pagamento de nóminas?

Vai aplicar sen máis dilación as recorrentes recomendacións do Consello de Contas que se reiteran ano a ano e cada unha das Contas Xerais?

Que medidas vai impulsar para afondar na transparencia orzamentaria, singularmente canto ás modificacións impulsadas ao longo do exercicio económico?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Ramón Fernández Alfonso

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2024 14:10:54

Rosana Pérez Fernández na data 04/09/2024 14:11:06

Ramón Fernández Alfonso na data 04/09/2024 14:11:15

Óscar Insua Lema na data 04/09/2024 14:11:24

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/09/2024 14:11:31





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

A evolución do Índice de Prezos ao Consumo é un dos problemas económicos máis importantes e constantes dos últimos anos, desde que no período post pandemia se sucedeu unha importante crecida.

Malia as medidas impulsadas desde o Goberno progresista de España, o certo é que este índice mantén aínda unha intensidade considerable, unha suba acumulada e que non tivo un descenso como o que prevían distintos organismos internacionais ou, no caso estatal ou galego, as propias administracións e o Banco de España.

No recente estudo publicado polo Banco de España sobre "*heteroxeneidade rexional na evolución recente da inflación en España*" de 3 de setembro de 2024, amósase que Galicia está na cola de España respecto a evolución da inflación.

A evolución recente da inflación en España foi heteroxénea entre as diferentes comunidades autónomas. O informe ofrece unha análise pormenorizada desta heteroxeneidade e discute algúns dos seus principais factores determinantes.

Entre xuño de 2019 e xuño de 2024, a inflación acumulada, para o conxunto da economía española, foi do 18,9 %. O incremento acumulado dos prezos variou de maneira apreciable por rexións. Galicia foi a Comunidade Autónoma cunha maior inflación acumulada neste período do 21,2 %.





O pasado 13 de agosto de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba o Informe sobre as variacións nos índices de prezos de consumo cos datos definitivos correspondentes ao mes de xullo de 2024. Como vén sendo habitual, Galiza rexistraba unha taxa superior á do Estado español. Así, fronte a un 2,8 % estatal, Galiza rexistraba un aumento de tres décimas máis, situándose no 3,1 %, malia que en termos mensuais se rexistrara un descenso do 0,5 %. Así mesmo, é preocupante que unha vez máis a inflación subxacente é tamén superior á rexistrada no Estado.

É por iso, que esta é unha evolución que o Goberno galego debería vixiar, sobre todo tendo en conta tanto o diferencial entre Galicia e o Estado, como tendo en conta o efecto por acumulación que ten na vida das maiorías sociais e no sistema produtivo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cal é a valoración do Goberno galego de que Galicia teña a inflación máis alta do Estado en termos interanuais?
2. Como avalía o Goberno galego o impacto da subida da inflación nas familias e na maioría social? E nos sectores produtivos no noso país?
3. Vai o Goberno galego a impulsar algunha medida ou acción específica conducente a paliar as consecuencias da subida da inflación?

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/09/2024 17:22:05





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2024 17:26:03
Nº Rexistro: 10489
Data envío: 04/09/2024 17:26:03,369

Elena Espinosa Mangana na data 04/09/2024 17:22:14

CSV: BGRISJTBGzrtz00NkrufN2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34284

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a situación da lingua galega na Administración central do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, puidemos ler nos medios de comunicación a noticia de que dous avogados denunciaron o Instituto Nacional da Seguridade Social porque se lles negou a atención en lingua galega. Segundo esta denuncia, unha funcionaria da Delegación Provincial do INSS negoulles a resolución dunha consulta, en varias ocasións, por non falaren castelán.

A Mesa pola Normalización Lingüística denuncia de xeito recorrente, tanto a través do informe anual da Liña do Galego como na súa actividade habitual, innumerábeis queixas relacionadas coa presenza do galego, ou mesmo coa imposibilidade de recibir atención ou documentación nesta lingua. De feito, o 54 % das queixas que recibiu este servizo da Mesa pola Normalización en 2023, segundo se recolle no seu informe anual, estaba relacionado coa administración pública (o 34 % delas corresponde á administración estatal).

O Plan Xeral de Normalización Lingüística, que neste mes de setembro fai 20 anos, indica entre os seus obxectivos, en relación coa Administración do Estado con presenza en Galiza, e recoñecendo a existencia dun “marco lexislativo que recoñece





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o status legal da lingua galega como lingua propia de Galiza e que lles impón ás administracións asentadas en Galiza a obriga de usala”:

- Velar, en cumprimento dos mandatos constitucional e estatutario, polo uso do galego nos departamentos e organismos radicados en Galiza dependentes da Administración do Estado.
- Lograr que o carácter plurilingüe do Estado sexa un feito recoñecido como natural na práctica desa Administración.
- Eliminar as trabas existentes, co fin de que os cidadáns poidan exercer con naturalidade os seus dereitos lingüísticos nas oficinas asentadas en Galiza, dependentes da Administración periférica do Estado.

Alén diso, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón:

“Artigo 6º

1. Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
2. As actuacións administrativas en Galiza serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.
3. Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.
4. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Artigo 9

1. (...) Nos Rexistros Públicos non dependentes da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galiza promoverá, de acordo cos órganos competentes, o uso normal do galego.”

“Artigo 11

1. A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración Pública e ás empresas de carácter público en Galiza.”

O Artigo 10 da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, tratado internacional ratificado polo Goberno de España en 2001, durante o mandato de José María Aznar, indica os seguintes compromisos:

i a asegurar que as autoridades administrativas empreguen as linguas rexionais ou minoritarias; ou

ii a asegurar en particular que aqueles funcionarios que estean en contacto co público empreguen as linguas rexionais ou minoritarias nas súas relacións con persoas que se dirixen a eles nas devanditas linguas; ou

iii a asegurar que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan formular as súas peticións orais ou escritas nas linguas rexionais ou minoritarias, así como a recibir resposta nestas mesmas linguas; ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iv a asegurar que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan formular as súas peticións orais ou escritas nas linguas rexionais ou minoritarias; ou

v a asegurar que os habitantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan formular validamente as súas peticións nestas linguas.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Como valora o goberno galego a escasa presenza do galego na Administración do Estado en Galiza?
- Que informes ou recollidas de datos vai levar a cabo o goberno sobre o uso do idioma galego na Administración do Estado en Galiza?
- Que iniciativas desenvolveu o goberno galego nos últimos 4 anos para o fomento do uso do idioma galego na Administración do Estado en Galiza?
- Que iniciativas desenvolveu o goberno galego nos últimos catro anos para a protección dos dereitos lingüísticos dos e das falantes de galego na Administración do Estado en Galiza
- Que medidas do Plan xeral de normalización da lingua galega, de entre as referidas ao ámbito do uso da lingua galega na Administración do Estado en Galiza, ten previsto impulsar o goberno galego na presente lexislatura?
- Que medidas prevé levar a cabo para protexer os dereitos lingüísticos das persoas falantes de galego neste ámbito?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten previsto o goberno galego demandar ao Goberno do Estado que o coñecemento do galego sexa requisito para a función estatal que presta servizos en Galiza?

- Ten previsto o goberno galego dirixirse ao Goberno do Estado para promover o uso da lingua galega na Administración do Estado en Galiza, tal e como prevén a Lei de normalización lingüística e o Plan Xeral de Normalización Lingüística, demandando, entre outras medidas, a oferta positiva?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/09/2024 17:28:39

Daniel Castro García na data 04/09/2024 17:28:42

Iria Taibo Corsanego na data 04/09/2024 17:28:54





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

Cada vez hai máis estudos que amosan a importancia tanto de aumentar a actividade física como de reducir o sedentarismo, xa que ambos factores teñen unha influencia clara na mellora da saúde, na prevención dalgunhas enfermidades crónicas e na xestión destas, e polo tanto, na calidade e na esperanza de vida da poboación.

Os últimos informes publicados revélannos que os índices de sedentarismo e abandono da práctica deportiva medran a partires dos 16 e ata os 30 anos, o que provoca un impacto negativo na saúde deste rango de poboación.

Para loitar contra isto son moitas as CC.AA que tomaron medidas entre as que se atopa a implementación da educación física como materia de libre configuración en 2º de Bacharelato.

Unha materia que baixo a denominación “ Desenvolvemento de Estilo de Vida Activo e Saudable” pretende ser unha ferramenta para que os alumnos se conciencien sobre a necesidade da práctica da actividade física para a saúde e poidan adquirir certo rango de autonomía para a programación, execución e seguimento do seu propio proceso de exercicio físico saudable, cara á súa vida adulta.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista cremos que o Goberno da Xunta ten que se sumar a esta medida principalmente por entender que nesta etapa





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 13:50:26
Nº Rexistro: 10571
Data envío: 05/09/2024 13:50:26.613

educativa esta materia é unha oportunidade para facer descender a taxa existente de abandono da práctica físico-deportiva e para orientar aos estudantes a unha vida adulta saudable.

Por iso, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

Ten previsto o Goberno galego, implementar a materia optativa 'Desenvolvemento de Estilo de Vida Activo e Saudable' en 2º de Bacharelato de oferta obrigatoria en todos os centros de Galicia co fin de reducir a taxa de sedentarismo e concienciar ao alumnado sobre a necesidade da práctica da actividade física para a saúde?

Santiago de Compostela, 5 de septiembre de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 05/09/2024 13:42:27

Patricia Iglesias Rey na data 05/09/2024 13:42:46

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34291

@PSdeG



CSV: B6PISJTBQ3JZEMJ000900-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a declaración do centro histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario correspondente ao pasado mes de marzo o Concello de Ourense acordou, coa abstención do partido Democracia Orensana, instar ao goberno municipal a que, de maneira urxente e inmediata, solicite á Xunta de Galicia a declaración do centro histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe).

A pretensión da declaración do espazo casco histórico de Ourense como área susceptible de ser considerado como Rexurbe implica o recoñecemento expreso por parte de todos os grupos municipais que esta zona tan importante da cidade está inmersa nun proceso de degradación arquitectónica, urbanística e/ou ambiental, debida a obsolescencia do edificado, tanto das vivendas, como dos equipamentos, dotacións e servizos, así como a falta de conservación dos bens mesmo dos que gozan dalgún tipo de protección cultural.

Igualmente a acordo Plenario parte da constatación da complicada situación demográfica do casco histórico de Ourense, cunha notable perda de poboación nos últimos anos e un incremento da media de idade das residentes actuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Situacións que xunto coa falla de planificación estratéxica sobre este núcleo da cidade de Ourense está a provocar graves problemas económicos e sociais con diminución constante da taxa de actividade económica, particularmente da comercial, en beneficio exclusivo dunha explotación turística carecente de deseño estratéxico.

A realidade é que en pouco máis dunha década a poboación residente no casco histórico de Ourense reduciuse en máis dunha terceira parte, pasando de 5.500 a 3.650. O 50% das residentes pasan dos 65 anos, e máis de 70 edificios da zona histórica ameazan ruína.

Segundo informaban diferentes medios de comunicación o Concello de Ourense, en cumprimento do acordo plenario, no mes de abril formalizou ante a Xunta de Galiza a solicitude da declaración do casco histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico, sen que após o tempo transcorrido conste se procedera á declaración interesada, nin se avanzase na tramitación da mesma.

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- Recibiu a Xunta de Galiza solicitude do Concello de Ourense para a declaración do centro histórico da cidade como área de rexeneración urbana de interese autonómico?
- En que data?
- É a primeira vez que o Concello de Ourense se interesaba a declaración do centro histórico ou o edificio da cadea vella e a súa contorna como área Rexurbe?
- Ditouse resolución accedendo á declaración solicitada?
- No seu caso, que tramites fican pendentes e cal é a previsión do momento en que se poda ditar a resolución do expediente?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Que investimentos realizou a Xunta de Galiza en cada un dos exercicios da última década para a rehabilitación urbana, arquitectónica ou comercial o casco histórico de Ourense?

- Que investimentos ten previsto realizar a Xunta de Galiza nos vindeiros anos para evitar a degradación do casco histórico de Ourense e potenciar a actividade económica e comercial da zona e a dotación dos necesarios servizos públicos?

- Cantos dos proxectos existentes dependen da declaración do casco histórico como área Rexurbe?

- Considera a Xunta de Galiza axustada á realidade a cuantificación realizada pola entidade local que cifra entre 10 ou 12 M€ os fondos que se poderían obter como consecuencia da declaración interesada?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2024 16:10:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 16:11:06

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2024 16:11:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, relativa a destinar á mellora da sanidade pública da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés os 11.168.455,92 € do Acordo Marco para que os hospitais privados presten asistencia sanitaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estratexia privatizadora da sanidade pública galego por parte do PP non ten límite. Nesa carreira desenfreada a Xunta ven de aprobar un Acordo-Marco polo que vai derivar á sanidade privada parte da asistencia sanitaria das 300 mil persoas da Área Sanitaria Pontevedra O Salnés. Tanto consultas, intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas, incluso a prevención.

Xustificar esta privatización en que é preciso para mellorar a calidade da asistencia sanitaria é totalmente inaceptábel, xa que está demostrado que a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua na calidade asistencial que recibe a poboación, perda de postos de traballo, maior precariedade.

O modelo do Partido Popular está asentado en converter en negocio para as empresas privadas a atención sanitaria. Empresas privadas de fóra de Galiza, fondos de investimento que parasitan máis e máis o noso sistema sanitario.

Un modelo polo que lle teñen entregada á empresas privadas unha parte importantísima da atención hospitalaria.

Máis de 11 millóns de € de recursos públicos destinados a empresas privadas na vez de actuar para prestar a atención sanitaria desde o público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É inaceptábel que o Sergas na vez de dedicar estes recursos á sanidade pública para dar resposta ás necesidades sanitarias, opte por deixala baixo mínimos mentres destina millóns de euros a unha multinacional para facer unha actividade que se pode e debe realizar nos hospitais públicos.

Resulta sorprendente que ano tras ano se paralice a actividade durante o verán nos hospitais públicos mentres nos hospitais privados non se produce ese peche de recursos.

O PP está a reforzar o papel dos grupos privados, facendo depender aínda máis a nosa asistencia sanitaria dos mesmos

As decisións do Partido Popular en materia de sanidade non son inocentes, ao final sempre está a sanidade privada e o negocio.

É claro o obxectivo da Xunta de deixar unha sanidade pública esnaquizada en mans das multinacionais que son as que pretenden manexar os nosos recursos, tanto económicos como asistenciais, e obter substanciosos beneficios a costa da saúde dos cidadáns.

Ademais de opacidade, falta de transparencia no control da xestión da sanidade e perda de dereitos para a poboación e calidade asistencial.

A Xunta pretende normalizar o traslado constante dos cartos da sanidade pública á sanidade privada.

Non só está privatizando o sistema sanitario, senón tamén incentivan a baixa calidade asistencial. O Consello de Contas ven denunciando, a falta de mecanismos de control da calidade asistencial, a carencia de informes de fiscalización, para verificar que non é posíbel prestar a atención cos recursos do Sergas e que os concertos se están constituíndo en algo estrutural do sistema.

É preciso que a Xunta rectifique, que deixe de actuar como comercial, das empresas privadas, dos fondos de investimento, que deixe de reforzar a sanidade privada, e empece a defender o dereito da veciñanza da Área Sanitaria de Pontevedra o Salnés a unha sanidade pública de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación

Defende a Xunta de Galiza a sanidade pública derivando doentes sistematicamente á sanidade privada?

Considera unha aposta pola sanidade pública destinar a contía de 11.168.455,92 € do Acordo Marco para que os hospitais privados presten asistencia sanitaria na da Área de Pontevedra- Salnés, na vez de destinar eses recursos ao fortalecemento da sanidade pública?

Cando vai tomar medidas para solucionar os problemas estruturais da área, dotándoa de recursos, e a realizar as contratacións e substitucións precisas de persoal?

Porque non optimizar todos os recursos dos que dispón o Sergas na Área Sanitaria, ter operativas camas, quirófanos, probas diagnósticas para non ter que realizar ningunha derivación de doentes á sanidade privada mentres existan recursos dispoñíbeis, sen ser usados nos centros públicos?

Coida o Goberno galego que @s doentes que deriva para recibir asistencia sanitaria a hospitais privados son atendid@s con rateos de calidade e de profesionais equiparables como mínimo á media dos Hospitais públicos do Servizo Galego de Saúde?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2024 16:20:17

Luis Bará Torres na data 05/09/2024 16:20:20

Iria Carreira Pazos na data 05/09/2024 16:20:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir o convenio de financiamento asinado coa Orquestra Sinfónica de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consorcio para a Promoción da Música conta co financiamento do Concello da Coruña, da Deputación da Coruña e da Xunta de Galiza.

Este financiamento público é, para alén doutros patrocinios privados, o substrato fundamental que viabiliza o proxecto didáctico e artístico da Orquestra Sinfónica de Galiza.

Os compromisos por parte do Concello da Coruña e mais da Deputación da Coruña mantivéronse no tempo, contribuíndo a garantir a excelencia dun proxecto musical artístico e formativo de referencia a nivel nacional e internacional.

No entanto, a Xunta de Galiza leva varios anos incumprindo o compromiso asinado no convenio de 2004 polo que se comprometía a financiar a Orquestra Sinfónica de Galiza anualmente con 3 millóns de euros.

Desde hai máis dunha década a Xunta de Galiza achega ao Consorcio para a Promoción da Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza unha cantidade inferior á asinada no convenio, acumulando na actualidade unha débeda de máis de 5 millóns de euros que está a comprometer a viabilidade da Orquestra Sinfónica, do Coro, da Orquestra Xove e das agrupacións infantís.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte interpelación:

- É consciente a Xunta da importancia do proxecto pedagóxico e artístico da Orquestra Sinfónica de Galiza?
- Por que incumpriu a Xunta o convenio asinado en 2004 para o financiamento anual da OSG?
- É consciente de que a débeda millonaria da Xunta está a comprometer a viabilidade do proxecto da OSG?
- Como vai reverter a débeda pendente? En que prazo?
- Que cantidade destinou a Xunta anualmente ao financiamento da OSG desde 2009?
- Que cantidade vai destinar a Xunta á OSG no orzamento de 2025?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/09/2024 16:45:57





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Taibo Corsanego na data 05/09/2024 16:46:06





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Interpelación**, en relación coa tramitación da autorización do proxecto industrial de Greenfiber (ALTRI) na Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a levar a cabo a tramitación ambiental do proxecto industrial promovido por Greenfiber (ALTRI) na Ulloa.

Nas pasadas semanas transcenderon informacións parciais e interesadas sobre determinados informes sectoriais mais non se deron a coñecer os documentos destes informes, o que pon de manifesto unha práctica habitual na Xunta, a opacidade e falta de transparencia. O mesmo se pode dicir da tramitación da autorización da concesión da captación e vertido de augas no río Ulla.

Por se isto non fose abondo, os cambios que se produciron na dirección xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellaría de Medio Ambiente semella que se explican entre outras razóns polas diverxencias e tensións na tramitación ambiental de grandes proxectos industriais.

En relación coa tramitación ambiental do proxecto de Greenfiber (ALTRI) o *modus operandi* que se deduce da actuación do goberno galego parece claro: os informes sectoriais serán favorábeis e incluírán medidas de corrección e minimización dos importantes impactos previstos. Isto é o que xa transcendeu a respecto do informe do Instituto de Estudos Territoriais, que reconece un importante impacto no territorio e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

na paisaxe. Esta interpretación tamén se pode deducir de diferentes manifestacións públicas dos máximos representantes do goberno galego. Parece claro que a decisión fai moito tempo que está tomada.

Máis alá desta cuestión, hai que ter en conta as limitacións e carencias da documentación presentada pola empresa promotora, e a necesidade de levar a cabo unha análise integral e global dos impactos acumulativos e sinérxicos no territorio e no conxunto do país, no inmediato e no medio prazo.

Este é precisamente o enfoque do informe recentemente presentado polo Consello da Cultura Galega, a partir da análise de persoas de recoñecido prestixio no ámbito académico e científico, e que avalía de maneira extensa as diferentes dimensións do proxecto e as súas repercusións no eido económico, do emprego, das cadeas de valor do monte, do turismo, do territorio, da paisaxe, do patrimonio natural, do patrimonio cultural, da contaminación do ar e das augas e tamén da saúde.

Este informe é absolutamente contundente e demoledor. Desmonta unha grande parte da propaganda espallada pola Xunta e a empresa promotora, aliadas no apoio e impulso deste proxecto (xestado e promovido desde Impulsa Galicia). Sinala importantes eivas da documentación presentada pola empresa e do proceso de tramitación da avaliación e da autorización ambiental. E alerta de impactos significativos e críticos na zona, nas masas de auga, na biodiversidade, na economía ou na saúde.

Polo que se refire ao eido ambiental, entendido nun sentido amplo que englobaría tamén o ámbito territorial e paisaxístico, os impactos do proxecto serán moi fortes e incompatibles cun desenvolvemento autocentrado, sustentable e respectuoso co medio circundante. O informe sinala que “a instalación do proxecto Gama produciría unha grave fractura no territorio no que se pretende implantar”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O informe do CCG tamén advirte dos impactos no patrimonio natural e a biodiversidade, nas masas de auga, na atmosfera e na saúde, con afeccións que non están suficientemente analizadas na documentación presentada pola empresa.

Por todo isto formúlase a seguinte interpelación:

Como valora a Xunta o informe presentado e publicado polo Consello da Cultura Galega sobre o proxecto industrial de Greenfiber (ALTRI) na Ulloa?

Comparte o goberno galego as análises e conclusións deste informe, avalado por persoas de recoñecido prestixio do ámbito científico e académico, expertas no ámbito económico, ambiental, territorial, paisaxístico, patrimonial ou da saúde?

Vai ter en conta a Xunta as análises e conclusións deste informe?

Por que razón a conselleira de medio ambiente dixo que os informes dos que dispón a Xunta contradín o que di o informe do CCG cando supostamente aínda non dispoñen de todos os informes preceptivos?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Brais Ruanova Vilas-Boas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/09/2024 17:08:50

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/09/2024 17:08:53

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 17:09:04

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/09/2024 17:09:13





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 18:08:23
Nº Rexistro: 10624
Data envío: 05/09/2024 18:08:23.562

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **interpelación**.

A inestabilidade en Senegal e a guerra en Malí están a provocar un aumento nas chegadas de persoas destas nacionalidades ás Illas Canarias. Estes conflitos provocan ademais un incremento dos solicitantes de asilo desta nacionalidade, unha tendencia marcada nos últimos anos, pero en especial desde finais de 2023 e durante 2024.

A isto hai que engadir a situación do Sahara occidental, cada vez máis inestable, e as relacións entre Arxelia e Marrocos que fan que esta vía sexa a máis utilizada.

O manifestado anteriormente está a provocar un incremento na chegada de inmigrantes en situación irregular e ante isto o Goberno de España, a través do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións implementou un Programa de Atención Humanitaria co fin de garantir os Dereitos Humanos dos chegados ás costas españolas.

Para iso, conta cunha rede de entidades en todo o territorio nacional, con gran experiencia neste tipo de emerxencias, que se encargan de atender as necesidades básicas dos migrantes en situación de vulnerabilidade.

Cando se produce un número de chegadas importante nun punto das costas españolas, o Programa activa traslados aos centros situados en todo o territorio nacional no marco da solidariedade interterritorial e co fin de dar unha resposta eficaz.





Neste sentido, e ó tratarse de persoas maiores de idade, é o Goberno de España o que ten as competencias nesta materia, e polo tanto, está a asumir integramente o custe de aloxamento, manutención e atención social das persoas migrantes, polo que a xestión dos inmigrantes chegados estes días a diferentes territorios de Galicia non está a supoñer ningún gasto para a Xunta ni para os concellos.

A pesares desta situación e da traxedia humanitaria que isto supón o PP está a abrazar abertamente as posicións xenófobas da ultradereita e a criminalizar a estas persoas creando un efecto negativo na poboación e o Goberno da Xunta a trasladar publicamente unha situación de descontrol e descoordinación falsa, xa que na realidade non existe tal.

O Grupo Parlamentario Socialista quere que o Goberno galego actúe coa seriedade e responsabilidade que un asunto coma este esixe, colabore co Goberno de España cunha lealdade institucional á altura e mostre o seu rexeitamento frontal aos discursos xenófobos e desprezables en torno ás persoas inmigrantes.

Ante esta situación, as deputadas que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Vai o Goberno da Xunta de Galicia colaborar co Goberno de España dando mostra de lealdade institucional e de solidariedade interterritorial e a mostrar o seu rexeitamento frontal aos discursos xenófobos e desprezables en torno ás persoas inmigrantes?
2. Como xustifica o Goberno galego a súa postura xenófoba e de criminalización das persoas inmigrantes?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 18:08:23
Nº Rexistro: 10624
Data envío: 05/09/2024 18:08:23.562

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 05/09/2024 18:07:33

Patricia Iglesias Rey na data 05/09/2024 18:07:41

CSV: BGPSIBR9Gz7bEYdFENq2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34309

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 18:13:16
Nº Rexistro: 10632
Data envío: 05/09/2024 18:13:16.620

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **interpelación**.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas galegos defendemos a máxima esixencia política e democrática como parte dunha oposición útil e responsable. Unha esixencia onde principios como a transparencia, a integridade e a rendición de contas, a participación cidadá, a responsabilidade e o respecto aos principios da democracia sexan os comportamentos que guíen a acción política e institucional, co fin de alcanzar o nivel que teñen as sociedades máis desenvolvidas da nosa contorna política e cultural.

Unha liña de acción política prioritaria nesta lexislatura - e sobre a que insistiremos todos os días en traer a axenda galega- é a do impulso pola rexeneración democrática, a transparencia e a integridade pública, que é unha sinatura pendente do Goberno galego do PPdeG. A Xunta de Galicia atópase á cola de España en materia de transparencia e calidade de goberno, segundo o último Informe de Cohesión Económica, Social e Territorial elaborado pola UE.

Por outra banda, a contratación pública foi considerada como un dos espazos de actuación das administracións públicas onde pode existir un maior volume de casos de corrupción e de conflitos de intereses, produto da interacción dos sectores públicos e privados, as amplas marxes de discrecionalidade e as altas cantidades de diñeiro que se manexan nos procesos de contratacións públicas, os cales puidesen quebrantar a igualdade de trato e a igualdade de oportunidades entre os operadores económicos que participan no procedemento contractual. No ordenamento xurídico español, a regulación





normativa dos conflitos de intereses en materia de contratación pública está prevista no artigo 64 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, denominado “Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses”.

En noticias recentes en distintos medios de comunicación- e comprobada a información na plataforma de contratación do sector público estatal PLACSPE- parece evidenciarse un posible trato de favor ou conflito de interese non detectado e xestionado da contratación dos distintos poderes adxudicadores do sector público autonómico co grupo EULEN, sobre todo no Sergas.

Do mesmo xeito, pola información da PLACSPE hai un número moi significativo de contratos menores adxudicados directamente a EULEN cun encadeamento de contratos ano tras ano vulnerándose o artigo 118.3 da LCSP ao fraccionarse o obxecto dos contratos adxudicados para eludir as normas de publicidade e concorrência.

A Administración autonómica asinou contratos co grupo EULEN por valor de máis de 55 millóns de euros desde o ano 2009, entre eles 1.361 contratos menores por valor de 4.8 millóns de euros adxudicados a dedo nos últimos 5 anos.

O último episodio desta relación privilexiada da Xunta con este grupo empresarial foi a recente adxudicación dun contrato de seguridade dos hospitais e centros de saúde da área Santiago-Barbanza, adxudicado a EULEN por valor de 3.899.058 euros, no que a xerente era ata hai escasos meses prima da directora comercial para a zona norte do Grupo Eulen, que é á súa vez irmá do presidente da Xunta de Galicia entre os anos 2009 a 2022.

Desde o PSdeG consideramos que é unha obriga da Xunta e un mandato parlamentario o envío da documentación solicitada polas deputadas e





deputados e que ten que rematar coa opacidade co envío desta documentación ao Parlamento. E ademais é preciso actuar con máxima transparencia e información en relación coa contratación co grupo EULEN. A mellor maneira de demostrar que non hai nada que ocultar é garantir o acceso á información e á documentación e que se faga auditoría independente.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan interpelean ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Cantos contratos menores, abertos, de urxencia e de emerxencia da covid foron adxudicados polas distintas entidades do sector público autonómico ao grupo EULEN ao longo do período 2009-2024?
2. Cantos contratos menores co importe total adxudicado, con indicación do obxecto e vixencia temporal foron adxudicados polo Sergas ao grupo EULEN ao longo do período 2009-2024?
3. Cantos contratos menores co importe total adxudicado, con indicación do obxecto e vixencia temporal foron adxudicados pola área sanitaria de Santiago do Sergas ao grupo EULEN ao longo do período 2009-2024?
4. Cantos contratos menores, abertos, de urxencia e de emerxencia da covid foron adxudicados polas distintas entidades do sector público autonómico ás empresas UNIVERSAL SUPPORT, MAPE ASESORES e SIBUCU 360 nos anos 2020 a 2023?

Santiago de Compostela, 5 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 18:13:16
Nº Rexistro: 10632
Data envío: 05/09/2024 18:13:16.620

Patricia Iglesias Rey na data 05/09/2024 18:11:07

Elena Espinosa Mangana na data 05/09/2024 18:11:16

CSV: BGRISJTBG-HXOWH38527
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

34313

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Rosana Pérez Fernández, Iria Carreira Pazos, Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo, Cristina Fernández Davila, Secundino Fernández Fernández, Alexandra Fernández Gómez, Ariadna Fernández González, Xosé Manuel Golpe Acuña, Carmela González Iglesias, Oscar Insua Lema, Daniel Pérez López, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños, Mercedes Queixas Zas, Paulo Ríos Santomé, Brais Ruanova Vilas-Boas, Iago Suárez Fernández, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Iria Taibo Corsanego, Montserrat Valcárcel Armesto e Sonia Vidal Lamas, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia**, sobre a crise de prezos do leite galego.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

A urxencia vén motivada pola situación na que se atopa o sector lácteo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A variabilidade dos prezos do leite galego é unha constante que se perpetúa no sector, constituíndo unha lacra que envolve o noso produto e, por ende, aos nosos gandeiros e gandeiras, que xa producen máis de 4 de cada 10 litros de leite do estado español. Aínda sendo unha actividade económica punteira en canto a instalacións e animais, cunhas entregas que se foron elevando a pesares do progresivo peche de granxas por falla de relevo xeracional nos últimos anos e unhas condicións de traballo e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de rendibilidade empresarial que deixaron aos produtores en situacións moi precarias en varias ocasións do pasado recente, ser competitivos no que aos prezos se refire é complexo e ten cunha compoñente que non depende directamente nin do produtor nin do seu produto.

As industrias lácteas, conscientes da grande calidade da nosa materia prima, teñen en Galiza un importante nicho de negocio motivado, entre outros factores pola baixa remuneración que os nosos gandeiros e gandeiras reciben decote, moi por debaixo dos prezos do resto do estado español feito que, en termos de calidade e cantidade do leite que aportamos ao mercado estatal, é dificilmente xustificable por parte do MAPA e da Xunta de Galiza.

Nese diferencial de prezo reside a viabilidade do sector lácteo galego, que se enfronta novamente dende febreiro do 2023, a baixadas constantes do percibido polo produto, acadando este verán cifras insostibles nas granxas do país, mentres no resto de España e Europa o litro se vende máis caro que no noso territorio, amparado pola alza de prezos da manteiga, que está a acadar máximos históricos e do leite en po ou o soro, que seguen esa mesma estela.

A necesidade de reducir e eliminar dito diferencial, que na Galiza leva ao sector contra as cordas, non pode ser invisibilizado á mantenta, xa que entre mans temos un problema que, de non ser atallado, será a fin de moitas explotacións galegas pola mingua do seu rendemento económico, co que iso supón para a continuidade do rural e a súa supervivencia, ademais de para a o propio país, no que significa o 1,7 % do PIB, aínda que ascende moito máis se contabilizamos as actividades asociadas á gandería de leite. Esta fenda do prezo é claramente visible en CCAA coma a veciña Asturias, na que durante o 2023 se pagou un 6,59% máis caro de media que en Galiza, xa que a súa empresa máis potente Central Lechera Asturiana é a que mellor remunera aos seus gandeiros do conxunto do estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Derivadas da actual crise de prezos do leite que sufrimos en Galiza de maneira xeralizada, na Consellería de Medio Rural, comezaron as xestións e reunións cos distintos compoñentes do sector, que até o de agora tiveron escasos efectos nos contratos firmados, e que se basearon en apelar á industria transformadora a frear a baixada de prezos, baseando as medidas previstas na súa boa vontade e non nunha intención real e un plan efectivo creado para os sector leiteiro en particular.

No marco destes encontros atopamos a recente entrevista da conselleira María José Gómez co director xeral de CAPSA no pasado mes de agosto, onde a representante da Xunta de Galiza lle manifestou o seu interese pola entrada de socios galegos no grupo Central Lechera Asturiana, nun intento insuficiente de afrontar a situación de crise de prezos no conxunto das ganderías do país por parte do goberno, tratándose dun parche para unha pequena parte das explotacións galegas que conviven de xeito permanente co diferencial de prezos. Este caso particular énos útil para poñer como exemplo dunha actitude moi xeneralizada da macroindustria transformadora láctea que se abastece do noso produto historicamente e o seu modo de operar. Hai que salientar que, tras a xuntanza, fontes do propio grupo aclararon que a entrada destes gandeiros galegos é un proxecto de futuro que non está planeado de xeito inmediato, aínda que o consideran na súa folla de ruta.

Ao abeiro destes pactos de futuro, o imprescindible debiera ser garantir dende a administración, ademais da recollida, a desaparición do diferencial de prezos que os gandeiros e gandeiras galegas están a sufrir por parte da transformadora e a firma de contratos con duracións mínimas que fomenten a estabilidade do sector, eliminando a sensación de inseguridade que impera agora mesmo no noso país por este motivo. Se tomamos datos estatais, en Galiza, máis do 83% dos contratos de leite que se firman teñen duracións de 3 a 6 meses, co que isto implica a pe de campo na evolución do sector.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

CLAS (Central Lechera Asturiana) fai recollidas en 800 granxas dentro da súa comunidade, mais o peche de explotacións dedicadas á produción leiteira propiciou a súa saída a mercar fóra das súas fronteiras, momento no que entrou en xogo o noso país, que actúa compensando esa falla de entregas. É tanto así que, en Asturias, pechan de 8 a 10 granxas produtoras mensualmente de xeito que, dos 6500 socios actuais de CLAS, só están activos en canto a entregas aproximadamente un 12%. Dita falla de subministro foise agravando cos anos como evidencian datos de 2016, no que eran 1300, en 2020 no que xa descenderan a 1100 os produtores asturianos e as cifras actuais, que non auguran cambios que poidan chegar a reverter esta tendencia.

Seguindo co exemplo da industria asturiana pola que se interesou a Consellería de Medio Rural, a facturación do Grupo Central Lechera Asturiana SAT, que integran as firmas, ASA, Aseragro, CLAS Gestión e Biogastur, superou o ano pasado os 1054 millóns de euros, incrementando deste xeito un 8,4% con respecto ao período anterior, cun beneficio neto de 26,3 millóns de euros, consolidándose coma un grupo forte a nivel estatal, con grande influencia no sector. O seu último movemento dentro de Galiza por exemplo, a través de CAPSA, foi a adquisición do 40% da empresa Innolact SL, que produce distintos tipos de queixo en Castro de Rei baixo a marca Quescrem.

CAPSA engloba tanto a Larsa, ATO, Vega de Oro, Lácteas Flor de Burgos e Innova Ingredientes ente outros, coma a CLAS, que controla o 81,53% das súas participacións e é quen recolle en Galiza, a través de LARSA, o leite de 900 granxas. Estas non se benefician dos mesmos prezos que os gandeiros asturianos, que reciben actualmente 5 céntimos por litro máis que os galegos de xeito que, aqueles que subministran a LARSA no noso país, non ven o diferencial positivo no seu produto a pesar de o leite ter o mesmo destino e ir á mesma industria. O prezo base en Central Lechera Asturiana oscila nos 42 céntimos por litro na súa CCAA de orixe, ao que se lle engade un complemento chamado “reparto de valor”, que é o que suma os cinco céntimos de diferenza e ao que se lle agrega a maiores o pago por trazabilidade, que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

pode chegar aos 2,25 céntimos e para o cal as granxas deben cumprir unha serie de requisitos. A estes complementos hai que engadirlle as primas por cantidade que, calculadas segundo cifras da campaña anterior, de 2023, se moven entre 0,5 e 1,5 céntimos, dende os produtores de máis de 250000 aos de mais de 1 millón de litros anuais, beneficiando coma de costume aos de maior volume de entregas.

No tocante a LARSA, os contratos actuais son a prezo fixo e van desescalando en consonancia co tamaño da explotación, primando o volume de entrega, como é habitual na maioría das industrias transformadoras. Até o de agora, esta empresa presentaba unha parte do contrato na que o prezo era fixo e supoñía o 70% da entrega, fronte ao 30% restante que se cinguía ao valor variable vinculado co prezo da manteiga no momento dado, indexación da que están a prescindir actualmente. Este feito de fixar o total do prezo, amparado legalmente nos dous casos, coincide coa alza nos produtos derivados e que eran, especialmente a manteiga, quen establecían a parte variable. Ao prezo base, LARSA, súmalle a prima por cantidade e calidade hixiénico-sanitaria, de elevada esixencia, e a de pastoreo no caso das explotacións en extensivo, influíndo menos no prezo final ambas as dúas últimas.

A pesar deste movemento por parte do goberno galego, que empraza á unha parte da industria a futuros acordos, a baixada de prezos actual continúa a abafar aos produtores galegos sen verse resolta, coa ausencia de medidas efectivas e xerais para paliar as consecuencias económicas derivadas da crise no momento crítico actual por parte da Consellería de Medio Rural.

O goberno galego, na creación dun marco protector para o sector lácteo galego ten, presuntamente, dúas ferramentas chave para evitar as fluctuacións extremas de prezos e os seus diferenciais. Unha delas é o paquete lácteo e outra, a máis destacada por propios cargos da Xunta de Galiza a colación deste asunto, a Lei de Medidas para Mellorar o Funcionamento da Cadea Alimentaria. Ambas as dúas deberían traer ao





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sector trazabilidade e transparencia nas transaccións comerciais a través da firma de contratos, facultando deste xeito á administración pública para exercer a vixilancia e o control nestas transaccións.

A través destes contratos, que no seu inicio eran rexeitados polo partido do actual goberno, lembrando as negociacións para a homologación de contratos na época onde Suárez Canal era conselleiro, obrígase a que as relacións comerciais entre as distintas partes da cadea do leite queden perfectamente establecidas antes de que o produto se entregue, sendo as dúas partes coñecedoras das súas obrigas, recolléndose no RD 95/2009 do 1 de marzo que todos os elementos destes deben ser libremente negociados e que a duración destes debe ser de un ano como mínimo. De non cumprirse a norma e detectárense abusos provocados por unha situación de dominancia nun dos elos da cadea ao respecto do outro, a Xunta de Galiza debería tomar cartas no asunto e aplicar as sancións correspondentes citadas na lei, sen permitir baixadas de prezos por debaixo dos prezos de custo e vixiando os contratos para detectar incidencias no que se refire ao diferencial de prezos con respecto a outros territorios do estado que non sexan debidamente xustificados ou se consideren documentalmente abusivos. No caso de existiren diferenzas significativas entre produtores por razóns de orixe do produto, cargos do goberno comprometéronse recentemente a trasladar os debidos expedientes á Comisión Galega de Competencia ou no seu caso á CNMC.

En resumo, a produción láctea galega, a máis alta do estado español, deixa un valor engadido menor ao que deba no país en beneficio de outros. Malia sermos grandes produtores (xa superamos o 40 % do leite producido no total do estado), a industria transformadora láctea situada en Galiza supón un 10% da presente na totalidade do estado, derivando diso unha incapacidade manifesta de xerar un maior volume de produtos elaborados. O acento, polo tanto, debe poñerse non tanto na cantidade de leite producida, senón nos beneficios que este leite lle aporta ao país e que agora mesmo foxen por falla de transformación galega, de xeito que non temos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

capacidade abonda para que o noso produto xere valor engadido dentro das nosas fronteiras. A aposta decidida pola industria transformadora galega, así coma o cumprimento estrito da Cadea de Valor do Leite serían dous piares precisos nos que poñer o foco dende o goberno da Xunta, apostando por un sector chave a nivel económico, social e territorial, evitando como problema de fondo, o baleirado do rural galego, xa nunha fonda crise demográfica.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno polo trámite de urxencia:

Considera a Consellería de Medio Rural que existe equilibrio negociador entre produtores e industria transformadora á hora de firmar os contratos no sector lácteo que deben ser de carácter libre na negociación para ambas as dúas partes?

Santiago de Compostela, 6 de setembro 2024

Asinado dixitalmente por:

Ana Pontón Mondelo na data 06/09/2024 14:40:21

Mercedes Queixas Zas na data 06/09/2024 14:40:32

Rosana Pérez Fernández na data 06/09/2024 14:40:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 06/09/2024 14:40:56

Iria Carreira Pazos na data 06/09/2024 14:41:05

Iria Taibo Corsanego na data 06/09/2024 14:41:16

Olalla Rodil Fernández na data 06/09/2024 14:41:36

Daniel Castro García na data 06/09/2024 14:41:46

Montserrat Valcárcel Armesto na data 06/09/2024 14:41:59

Iago Suárez Fernández na data 06/09/2024 14:42:11

Noa Presas Bergantiños na data 06/09/2024 14:42:23

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 06/09/2024 14:42:37

Sonia Vidal Lamas na data 06/09/2024 14:42:46

Secundino Fernández Fernández na data 06/09/2024 14:42:58

María Montserrat Prado Cores na data 06/09/2024 14:43:09

Alexandra Fernández Gómez na data 06/09/2024 14:43:24

Paulo Ríos Santomé na data 06/09/2024 14:43:35

Carmela González Iglesias na data 06/09/2024 14:43:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cristina Fernández Davila na data 06/09/2024 14:44:04

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 06/09/2024 14:44:14

Ariadna Fernández González na data 06/09/2024 14:44:23

Luis Bará Torres na data 06/09/2024 14:44:30

Óscar Insua Lema na data 06/09/2024 14:44:41

Ramón Fernández Alfonzo na data 06/09/2024 14:44:50

José Manuel Golpe Acuña na data 06/09/2024 14:44:58





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10077
Data envío: 29/08/2024 14:00:32.691

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A UICN (Unión Internacional para la Conservación de la Naturaleza) é unha unión de membros formada por organizacións e a sociedade civil, que constitúe a autoridade mundial en canto ao estado da natureza e as medidas necesarias para salvagardala. Esta entidade vén publicando desde 1964 a “**Lista Roja de Especies Amenazadas**”, que constitúe o inventario máis completo sobre o risco de extinción global de especies animais, fungos e plantas.

No último informe publicado en relación co ano 2023 a Lista Roja da UICN categorizou como especies en perigo de extinción (Perigo Crítico + Perigo) a 71 especies en Galicia, existindo unha concordancia de unicamente o 16,9 % e unha discordancia do 83,1 % entre as especies recoñecidas nesta lista e aquelas protexidas polo Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Pero ademais da protección das especies somos conscientes que nos enfrontamos a unha crise da natureza, con ameazas á biodiversidade en todo o mundo polo que é vital protexer e conservar tamén de maneira efectiva a maior superficie posible de zonas terrestres, de auga doce e océanos do mundo, para que estas poidan habitar.

Para este fin establecéronse as Áreas Clave para a Biodiversidade (KBA), recoñecidas coma lugares de importancia para a persistencia mundial da biodiversidade, e que serven de guía para a expansión de áreas protexidas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10077
Data envío: 29/08/2024 14:00:32.691

En Galicia as KBAs ocupan unicamente un 3,7 % do territorio da comunidade, sendo este o valor máis baixo de toda España, por lo tanto, Galicia é a comunidade española que presenta menos territorio designado como Áreas Clave para a Biodiversidade. Por outra banda, se a isto sumamos que en relación cos espazos protexidos, protexe un 12 % de territorio galego, sendo este tamén un dos valores máis baixos de entre todas as comunidades españolas, concluímos afirmando que na actualidade Galicia é un dos territorios de España que menos aposta pola conservación ou protección da súa biodiversidade.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista cremos que este goberno ten que mellorar as súas políticas medioambientais e de conservación e protección da natureza, da súa flora e da súa fauna e por iso, solicitamos que se amplíe ese catálogo galego de especies ameazadas e que se mellore e complete o inventario galego actual de especies ameazadas, se amplíe o territorio considerado Áreas Clave para a Biodiversidade e se leven a cabo campañas para o coñecemento e implicación social na conservación destas especies.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Entende o Goberno galego que son suficientes as medidas de conservación e protección da biodiversidade existentes na actualidade en Galicia?

Parlamento de Galicia, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:06:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34324

@PSdeG



CSV: BGRISIRBO/4K0N0mN4z7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10077
Data envío: 29/08/2024 14:00:32.691

Carlos López Font na data 29/08/2024 12:06:30

CSV: BGPSIBDQ/akDhMhNz47
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34325

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As mulleres e as nenas representan o 71 % das vítimas de trata de todo o mundo, sendo a explotación sexual a forma máis común (8 de cada 10 casos).

Segundo a Fundación Scelles, citada nun estudo do Servizo de Investigación do Parlamento Europeo, a prostitución afecta a entre 40 e 42 millóns de persoas, das cales o 90 % depende dun proxeneta e o 75 % ten entre 13 e 25 anos.

Por iso, prostitución e trata non se poden dissociar. Son dúas caras dunha mesma realidade, que no Estado presenta datos absolutamente inasumibles: España é o Estado europeo con maior demanda de prostitución e o terceiro do mundo; case o 40 % dos homes españois pagaron nalgunha ocasión por manter relacións sexuais, e é tamén un dos principais destinos de tráfico de mulleres no mundo para prostituílas.

Segundo os datos recollidos no Balance Estatístico 2023 sobre Trata e Explotación de Seres humanos en España elaborado polo Centro de Intelixencia contra o Terrorismo e o Crime Organizado (CITCO), no ano 2022 foron liberadas pola Policía Nacional e pola Garda Civil 294 vítimas de redes de trata de seres humanos para a súa explotación sexual -tres delas menores de idade-, e no caso das vítimas rescatadas de situacións de explotación sexual, sen a concorrencia de redes de trata de persoas, o número elévase a 370 (9 menores).





Por iso, non podemos mirar cara a outro lado e debemos impulsar as medidas necesarias para rematar coa trata, con especial énfase na que ten fins de explotación sexual, que é a que afecta maioritariamente ás mulleres. A liberdade e a igualdade son incompatibles coa prostitución, unha das formas máis miserables nas que se manifesta a violencia contra as mulleres que está relacionada coa marxinação, a dificultade económica e a cultura sexista e patriarcal.

O 14 de setembro 2023 o Parlamento Europeo aprobou unha resolución para loitar contra a prostitución na UE, na que se reclama que se discriminalice este colectivo e avoga por penalizar e sancionar a explotación e os clientes que soliciten, acepten ou obteñan un acto sexual dunha persoa a cambio dunha remuneración, promesa, subministración dun beneficio en especie ou promesa de beneficio, en liña co modelo dos países nórdicos.

A finais do ano 2022 o Goberno galego presentaba o I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, unha estratexia necesaria para traballar desde Galicia na súa erradicación.

O plan recolle toda unha serie de medidas agrupadas en cinco áreas estratéxicas para avanzar na prevención e sensibilización social; na detección, identificación e protección das vítimas; no fortalecemento dos recursos de atención; na investigación e na mellora da coordinación interinstitucional.

Pero ademais de ir poñendo o foco, no marco das competencias autonómicas, na actuación fronte aos proxenetas e prostituidores (cun mapa da situación da prostitución en Galicia) é necesario modificar o marco legal actual cara a unha abolición da prostitución, tal e como xa están facendo noutros territorios. Nesa liña atópase o Goberno de España cunha Proposición de lei orgánica para eliminar todas as formas de proxenetismo.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10079
Data envío: 29/08/2024 14:04:03,657

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas do I Plan galego contra a trata de seres humanos con fins de explotación sexual 2022-2024, leva implementado este goberno a día de hoxe?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:09:59

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 12:10:08

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 12:10:18

CSV: BGRISIRBQJ7Z2W6GHS9-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34328

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10081
Data envío: 29/08/2024 14:04:49.625

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Galicia necesita avanzar cara a una economía máis circular e isto require avanzar cara modelos de residuo cero e ao mesmo tempo avanzar na sustentabilidade ambiental, económica e social das novas formas de xestión de residuos.

A nova lei estatal “Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para una economía circular”, que incorpora ao noso ordenamento xurídico a Directiva 2018/851 do Parlamento Europeo e do Consello, do 30 de maio de 2018, vén a incorporar como principios reitores a economía circular, a loita contra o cambio climático e o fomento do emprego verde.

Unha norma que fai fincapé no principio de xerarquía na xestión de residuos, potenciando sucesivamente a prevención, a preparación para a reutilización e a reciclaxe.

Na actualidade Galicia está moi lonxe de conseguir os obxectivos marcados nesta lei polo que o Goberno da Xunta ten que, con urxencia, establecer as medidas necesarias que nos leven a tal fin.

Para isto, dende o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que cómpre revisar e actualizar a lexislación galega, Lei 6/2021, do 17 de febreiro, de residuos e solos contaminados de Galicia, e proceder á aprobación da planificación da comunidade autónoma relativa á xeración e xestión de





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10081
Data envío: 29/08/2024 14:04:49.625

residuos: Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia (PXRUG) 2023-2030, e Plan de xestión de Residuos Industriais de Galicia (Priga) 2023-2030, incluíndo os correspondentes plans de prevención.

A maiores o Goberno da Xunta debe establecer con urxencia, e de forma consensuada coa Fegamp, os mecanismos necesarios de colaboración e financiamento cos concellos, e en especial na implantación efectiva da recollida selectiva en orixe da fracción orgánica.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto levar a cabo o Goberno galego para cumprir os obxectivos marcados na lei estatal, “Lei 7/2022, do 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular”?

Parlamento de Galicia, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:13:28

Carlos López Font na data 29/08/2024 12:13:38





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10083
Data envío: 29/08/2024 14:05:45.718

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A deficiente xestión da Atención Primaria durante esta década de goberno do Partido Popular produce que a calidade da nosa sanidade pública estea danada, e provoca unha situación de colapso e de deficiencias no servizo.

Isto afecta a moitas poboacións do noso rural, pero tamén a zonas urbanas como é o caso do barrio de Monteporreiro.

Este barrio, situado no concello de Pontevedra, onde residen aproximadamente 8.000 persoas, é un dos máis poboados da cidade.

Conta cun centro de saúde, que inicialmente tiña un cadro de persoal consistente en: 3 médicos/as, 2 enfermeiras; 1 pediatra e 1 enfermeira de pediatría, que atendían a unha media de 800 nenos e nenas.

Pero na actualidade este cadro viuse minguado porque desde o Servizo Galego de Saúde non substituíron os traslados e xubilacións, quedando só 2 médicos/as e 2 enfermeiros/as.

Os veciños e veciñas, reclamaron en varias ocasión que se cubriran estas baixas, tanto a nivel público, mediante concentracións como mediante escritos á Consellería de Saúde.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10083
Data envío: 29/08/2024 14:05:45,718

Tras anos de reclamacións non se obtivo ningunha resposta por parte da Xunta de Galicia, no que entendemos pretende ser un claro desmantelamento deste centro de saúde.

Na actualidade a atención sanitaria neste centro de saúde é moi deficiente, por unha banda, os dous médicos teñen os cupos cheos, o que obriga a ter que se desprazar a un centro de saúde da cidade; e por outra, os 800 nenos e nenas xa non teñen pediatra, polo que para ser atendidos deben desprazarse ao centro de saúde da parroquia de Lérez, cos inconvenientes que isto supón.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista insistimos na necesidade de cubrir estas baixas e dotar aos centros de Atención Primaria do persoal suficiente para cubrir as necesidades da poboación á que están adscritos.

Ante esa situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego cubrir as vacantes dos profesionais sanitarios existentes no centro de saúde de Monteporreiro para solucionar o agravio á atención sanitaria que isto está a producir?

Parlamento de Galicia, 29 de agosto de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10083
Data envío: 29/08/2024 14:05:45.718

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:22:15

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 12:22:26

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 12:22:37

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30
34333

@PSdeG



CSV: B6P5T8D3-zz0Meh9Nv2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A transformación dos servizos sanitarios cara a modelos asistenciais máis próximos e amables para a persoa paciente é o reto ao que se teñen que enfrontar as administracións.

Entre eses novos modelos figura a hospitalización a domicilio, que consiste en atencións e coidados médicos e de enfermaría de rango hospitalario proporcionados aos e ás pacientes no seu domicilio por profesionais e con recursos materiais propios do hospital.

Neste novo marco asistencial, a Xunta de Galicia conta co Plan galego de hospitalización a domicilio, enmarcado na Estratexia HADO 2019-2023, que se presenta como “un eixo fundamental na transformación da asistencia sanitaria xa que humaniza a atención, permite traballar de xeito coordinado e leva o hospital alí onde se necesita”.

O propio plan marca a previsión de poder chegar canto antes a toda a poboación galega máis na actualidade existen unhas enormes diferenzas entre as áreas sanitarias do país.

Así, mentres nalgunha area sanitaria o HADO chega a todo o seu territorio, na de Pontevedra-Salnés existen aínda moitos puntos sen cobertura e outros nos que só se cobren casos excepcionais.





Na actualidade esta área sanitaria está cuberta por 3 equipos: 1 no Salnés e 2 en Pontevedra como hai 20 anos.

Antes da pandemia incorporaran outro equipo pero durou só uns meses, e trala irrupción da covid-19 a situación empeorou notablemente. Cada equipo está formado por 1 médico e 1 enfermeira e cun número de 6 pacientes en cartilla. Neste momento cobren comarca Salnés (salvo O Grove); Ulla-Umia (so ata Barro); Cerdedo-Cotobade (so ata Viascón) e os concellos que se atopan á marxe da estrada Pontevedra-Vigo ata Arcade (Soutomaior), quedando polo tanto moitas zonas descubertas.

Diante desta disparidade na cobertura asistencial en Galicia, que non fai máis que establecer cidadanías de primeira e segunda categoría nun asunto tan vital como o que nos ocupa, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entende que o Goberno da Xunta de Galicia ten que incrementar o persoal deste servizo para que poida chegar á maior parte do territorio. Por outra banda, e tendo en conta o gran traballo que desenvolven as persoas profesionais deste servizo, o Goberno galego ten que mellorar as súas condicións laborais, xa que non se pode consentir que por exemplo, un destes médicos estivese 8 anos encadeando contratos mensuais.

Ante esta situación as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego incrementar o número de equipos HADO na área sanitaria Pontevedra-Salnés para chegar este servizo a todos os concellos e parroquias?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10085
Data envío: 29/08/2024 14:06:52.936

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:28:34

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 12:28:43

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 12:28:54

CSV: B6PISJTBG57zdDQ6uBv2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego



gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /



981.55.15.30

34336

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A atención sanitaria no Salnés vén sendo especialmente abandonada pola actual Consellería de Sanidade, que está prexudicando especialmente a esta comarca, sen coberturas de profesionais e con parálise na necesidade de construción de novos centros de saúde necesarios.

Estes erros repercuten de maneira global en todos os concellos, pois a atención abandonada nun deles repercute na saturación dos centros de saúde máis próximos, e especialmente nos PAC.

Esta política de desatención nótase de feito especial no concello de Meis. A atención sanitaria de Meis ofrécese en puntos dispersos no territorio do concello, que distribúen o servizo e a asistencia de maneira repartida.

Trala presión veciñal e a insistencia por parte da alcaldesa de Meis, a Consellería de Sanidade finalmente asinou un acordo de compromiso de moita relevancia para este municipio, que resolvería un problema enquistado desde hai tempo sobre a construción do novo centro de saúde.

Tras un longo período de negociacións cedéronse uns terreos para tal fin e o anterior conselleiro de sanidade afirmou que o proxecto básico e de execución da construción deste centro estaría licitado a finais do ano 2023.

Superadas estas datas sen que isto acontecese e en plena campaña electoral o que nese momento era conselleiro de Sanidade achegouse ata o concello a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10087
Data envío: 29/08/2024 14:07:40,560

examinar os terreos, facer campaña electoral e comprometerse novamente a que entre o mes de marzo e abril do 2024 estaría este proxecto licitado.

Aínda hoxe en día non temos coñecemento de que isto se levase a cabo polo que temos medo que fose unha promesa electoral e que este proxecto quede nun caixón por non telo o goberno do Partido Popular como prioritario.

Desde o Grupo Socialista cremos que é un proxecto necesario para un concello cuxa asistencia sanitaria e moi deficiente, que se trata dun compromiso deste goberno coa veciñanza de Meis e que, polo tanto, ten que darlle a maior das prioridades porque xa vai tarde.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Por que o Goberno galego non licitou o proxecto básico e de execución para a construción do Centro de Saúde de Meis?

Santiago de Compostela, 29 de Agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:32:18

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 12:32:27

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 12:32:37

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34338

@PSdeG





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A atención sanitaria no Salnés vén sendo especialmente abandonada pola actual Consellería de Sanidade, que está prexudicando especialmente a esta comarca, sen coberturas de profesionais e con parálise na necesidade de construción de novos centros de saúde necesarios.

Estes erros repercuten de maneira global en todos os concellos, pois a atención abandonada nun deles repercute na saturación dos centros de saúde máis próximos, e especialmente nos PAC.

Esta política de desatención nótase de feito especial no concello de Meis. A atención sanitaria de Meis ofrécese en puntos dispersos no territorio do concello, que distribúen o servizo e a asistencia de maneira repartida.

Trala presión veciñal e a insistencia por parte da alcaldesa de Meis, a Consellería de Sanidade finalmente asinou un acordo de compromiso de moita relevancia para este municipio, que resolvería un problema enquistado desde hai tempo sobre a construción do novo centro de saúde.

Tras un longo período de negociacións cedéronse uns terreos para tal fin e o anterior conselleiro de sanidade afirmou que o proxecto básico e de execución da construción deste centro estaría licitado a finais do ano 2023.

Superadas estas datas sen que isto acontecese e en plena campaña electoral o que nese momento era conselleiro de Sanidade achegouse ata o concello a





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10088
Data envío: 29/08/2024 14:07:57.263

examinar os terreos, facer campaña electoral e comprometerse novamente a que entre o mes de marzo e abril do 2024 estaría este proxecto licitado.

Aínda hoxe en día non temos coñecemento de que isto se levase a cabo polo que temos medo que fose unha promesa electoral e que este proxecto quede nun caixón por non telo o goberno do Partido Popular como prioritario.

Desde o Grupo Socialista cremos que é un proxecto necesario para un concello cuxa asistencia sanitaria e moi deficiente, que se trata dun compromiso deste goberno coa veciñanza de Meis e que, polo tanto, ten que darlle a maior das prioridades porque xa vai tarde.

Ante esta situación as deputadas que asinan preguntan:

Cando ten previsto licitar o proxecto básico e de execución para a construción do Centro de Saúde de Meis?

Santiago de Compostela, 29 de Agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:34:51

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 12:35:00

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 12:35:10

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34340

@PSdeG



CSV: BGPSDTRBGTJZBDAWVW42-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As unidades de alto risco (UAR) son zonas habilitadas nos centros hospitalarios para que poidan ser atendidos reos con doenzas que necesiten hospitalización.

Estas unidades atópanse localizadas nos centros hospitalarios pero gozan dunha especial protección fronte a posibles intentos de fuga, asaltos ou ataques violentos co fin de evitar poñer en perigo ao resto dos usuarios e aos profesionais sanitarios, a maiores están custodiadas por varios axentes da Policía Nacional.

Na actualidade a UAR de Pontevedra atópase no Hospital Provincial pero está previsto o seu traslado ao Gran Montecelo unha vez este comece a funcionar.

Desde os sindicatos policiais amosan a súa preocupación polo descoñecemento en relación á radicación e características desta nova unidade xa que, a día de hoxe, o Sergas non mantivo ningunha xuntanza con eles.

Trátase dunha unidade cuxas características específicas requiren que na súa súa radicación se teñan en conta moitos aspectos de seguridade, privacidade... que deben ser consensuados con representantes das Forzas e Corpos de Seguridade co fin de acadar o resultado máis satisfactorio posible, polo que desde o Partido Socialista entendemos que debe existir unha xuntanza previa entre o xerente da area sanitaria de Pontevedra-Salnés e os representantes





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10090
Data envío: 29/08/2024 14:08:45,278

das Forzas e Corpos de Seguridade co fin de establecer os criterios de localización e as características que debe ter a UAR no Gran Montecelo.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Ten este goberno previsto consensuar coas Forzas e Corpos de Seguridade do Estado as características e radicación da nova Unidade de Alto Risco que vai ser creada no Gran Montecelo?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:41:31

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 12:41:40

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 12:41:51

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34342

@PSdeG



CSV: BGPSIB9D3DZ0XVnqU8v2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O dereito constitucional de acceso á xustiza é un pilar básico do noso Estado de dereito, que vén reforzado na Constitución co recoñecemento no art.119 da gratuidade da xustiza naqueles casos que dispoña a lei e, en todo caso, para quen acredite insuficiencia de medios para litigar.

A Lei de asistencia xurídica gratuíta establece o marco normativo deste dereito que é complementado coa normativa de carácter autonómico, en Galicia a Lei 4/2016, do 4 de abril, xa que a competencia para a aplicación e xestión deste dereito corresponde ás CC.AA con competencias transferidas.

Desde hai moitos anos a prestación deste servizo no noso territorio é claramente ineficaz debido a dúas razóns fundamentais por unha banda, o insuficiente orzamento destinado a este fin; e por outra, a falla de protección e amparo aos profesionais que forman parte da quenda de asistencia xurídica gratuíta.

Isto motivou que os letrados que prestan asistencia xurídica gratuíta en Galicia convocaron unha folga o pasado 21 de novembro que dura ata a actualidade na que reivindican que se cumpran os mínimos dereitos profesionais dos letrados que prestan estes servizos públicos e que se atopan nunha situación claramente discriminatoria.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10092
Data envío: 29/08/2024 14:09:27.731

Os socialistas e as socialistas defendemos este servizo como esencial para garantir a equidade nos dereitos da cidadanía polo que reclamamos ao Goberno galego que aumente a partida destinada a este fin e modifique o baremo da quenda de oficio co fin de establecer unhas condicións laborais e económicas xustas para os letrados/as que prestan este servizo.

Finalmente, sinalar que desde o Grupo Socialista entendemos que a imaxe desvalorizada que presenta este servizo na sociedade ten que ser corrixida mediante campañas de sensibilización á cidadanía que informen sobre os requisitos de acceso a este dereito e a capacidade e dilixencia dos profesionais adscritos a esta quenda, que corrixa este erro de apreciación.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Entende este goberno que os letrados e as letradas da quenda de oficio teñen garantidas unhas condicións laborais e económicas dignas e xustas?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:45:24

Patricia Iglesias Rey na data 29/08/2024 12:45:32





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O concello de Fornelos de Montes en Pontevedra consta dun centro de saúde cun cadro de profesionais sanitarios formado por 1 médico, 1 enfermeira/o, 1 auxiliar de enfermería, 1 administrativo/a e a maiores 1 pediatra (compartido co concello de Pazos de Borbén) que prestaba a súa asistencia dous días á semana 3 horas cada día.

Desde hai máis de 2 meses debido a motivos de carácter profesional esta pediatra cesou no seu posto quedando sen pediatra ambos concellos á espera dun novo nomeamento por parte do Sergas.

Transcorrido todo este tempo este profesional aínda non foi repostado o que motivou o malestar da veciñanza pola falla de asistencia sanitaria para as súas crianzas, que se viron na obriga de ter que se trasladar ao concello de Redondela para ser asistidas.

Isto provocou o pasado 26 de maio unha manifestación, na que participaron centos de veciños e veciñas, que transcorreu pola estrada PO-250, cun percorrido desde o cemiterio ata o consultorio, para esixir ao Sergas unha mellora na atención médica neste municipio.

Posteriormente, o edil deste concello reuniuse co xerente da Area Sanitaria de Vigo para esixir respostas a esta xerencia, e a posibilidade de asistencia pediátrica durante 1 día á semana en xornada completa.

A maiores disto existe un atraso notable nas citas de atención primaria tanto telefónica como presencial (entre 25-30 días).





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10094
Data envío: 29/08/2024 14:10:16.715

A día de hoxe, non hai resposta por parte do Sergas e a veciñanza deste concello segue sen atención pediátrica e sufrindo os mesmos atrasos.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista entendemos que o Goberno galego ten que garantir unha asistencia de calidade en todos os concellos galegos polo que instamos á Xunta que solucione esta carencia.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Cando ten previsto o Goberno da Xunta, repórter a asistencia pediátrica no concello de Fornelos de Montes (Pontevedra)?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 12:49:06

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 12:49:16

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 12:49:26

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34346

@PSdeG



CSV: BGRISIRBQj7z0Wd392-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10096
Data envío: 29/08/2024 14:10:56,433

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O día 6 de xuño de 2023 o conselleiro de Sanidade visitou as obras de ampliación do Hospital Montecelo en Pontevedra acompañado dunha delegación institucional.

Nesta visita manifestou que o nivel de execución desta obra era do 75 %, polo tanto, tiñan previsto que puiden comezar a funcionar este novo hospital a mediados do ano 2025, mentres que a cafetería e o novo aparcadoiro terían que esperar un ano e medio mais, ata finais de 2026.

Por outra banda, no mes de marzo o Goberno galego anunciou a creación, antes de decembro de 2024, de cinco centros de crise 24 horas no noso territorio situados nos hospitais Novoa Santos de Ferrol, Lucus Augusti de Lugo, Gil Casares de Santiago, Álvaro Cunqueiro de Vigo, e no PAC-Centro de Especialidades de Ourense.

A creación destes centros responde ao cumprimento do Pacto de Istambul e a un mandato do Ministerio de Igualdade para o cal transferiu a Galicia 5,9 millóns de euros procedentes dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR).

Desde o Grupo Socialista defendemos a existencia destes centros nas 7 grandes cidades para dar cumprimento ao establecido polo Consello de Europa que obriga a promover a creación, dos «centros de crises», como servizos públicos interdisciplinares de atención permanente, que ofrecen asistencia en crise para vítimas de violencias sexuais, aos seus familiares, e persoas do entorno.

E da forma prevista na *Lei orgánica 10/2022*, do 6 de setembro, de garantía integral da *liberdade sexual*, polo que solicitamos ao goberno da Xunta que estableza para o ano 2025 coincidindo co inicio do funcionamento do novo Hospital Gran Montecelo, dous centros de crise para a área sanitaria





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10096
Data envío: 29/08/2024 14:10:56,433

Pontevedra-Salnés, situados un neste centro e o outro no centro de saúde do Salnés.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego a creación de centros de crise 24 horas na área sanitaria Pontevedra-Salnés?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 13:00:53

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 13:01:02

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 13:01:12

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34348

@PSdeG



CSV: B6PISJTBQ3XEOWYUW27
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O IES de Valga está nunha situación na que merece toda a atención das autoridades educativas co obxectivo de fortalecer o seu funcionamento e ancorar a súa vinculación ao territorio.

Para o inicio deste curso escolar 2023-2024, o IES perdeu un ciclo formativo de FP que se trasladou ao CIFP Bouza – Brey en Fontecarmoa, Vilagarcía. Este ciclo de Grado Medio Dual de mecanizado conformaba unha mesma familia formativa no sector do metal, nunha localidade con elevada e moi recoñecida presenza de industria do metal que precisa de alumnado con esta formación de maneira recorrente.

Desde o propio centro levan anos presentando unha proposta á Consellería da Educación para abrir outra liña estratéxica no IES, que puiden ampliar a oferta tendo en conta as posibilidades existentes e algunhas vinculacións históricas.

Neste caso a proposta, realizada en varias ocasións, é a de abrir un Bacharelato de Artes (na rama musical), que permita formación nesta liña no propio IES que ten algunhas posibilidades.

A realidade é que, fronte á petición feita polo equipo directivo do centro nestes últimos anos, a Consellería non emitiu informe negativo, nin positivo.





Sinxelamente, non respondeu en ningunha das ocasións. A realidade evidencia que a Consellería non parece ter intención de abrir esa liña formativa no IES de Valga, pero resulta sorprendente que pretenda facelo sen contestar a un equipo directivo.

Valga conta cunha banda municipal de música de amplo recoñecemento e que forma a estudantes de idades diversas. Conta, ademais, co que en 2019 se converteu no terceiro conservatorio superior de música de Galicia (despois de Vigo e A Coruña) e onde se imparten as especialidades de composición, xestión de eventos e musicoloxía, composición, interpretación pedagoxía e dirección ademais de música popular e moderna.

Valga ten unha historia de contrastada vinculación coa arte e con personalidades de moito interese no ámbito artístico, como Carolina Otero (A Bela Otero), Xesús Ferro Couselo, o Padre Isorna ou o pintor Pepe Potel.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia entendemos que o Goberno galego non pode obviar esta realidade e debe incorporar o bacharelato artístico nas posibilidades formativas do centro para o vindeiro curso escolar.

Ante esta situación, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Como xustifica o Goberno da Xunta a desatención ao equipo directivo do IES de Valga na súa petición para incorporar o bacharelato artístico nas posibilidades formativas do centro?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10098
Data envío: 29/08/2024 14:11:35.917

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 13:04:01

Julio Abalde Alonso na data 29/08/2024 13:04:10

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 13:04:22

CSV: B6P5TRBQ3gz000uX10V4-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34351

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10100
Data envío: 29/08/2024 14:12:22.729

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ten a competencia da planificación, financiamento, redacción de proxectos, así como da execución de obras de mantemento, conservación e mellora das estradas de competencia autonómica, concretamente na mellora do firme, da seguridade viaria, de executar sendas peonís e carrís ciclistas, alumeado, ou a humanización daqueles tramos das estradas autonómicas que collen zonas urbanas nas vilas galegas.

A Xunta ten executado, nestes últimos anos, ao longo da xeografía galega, obras que recollen actuacións descritas anteriormente pero ningunha no concello do Grove.

Segundo o Decreto 308/2003, do 26 de xuño, polo que se aproba a relación de estradas de titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia, as estradas PO-317 e PO-316 son titularidade da Comunidade Autónoma de Galicia. Estas dúas estradas percorren o concello do Grove.

A situación destas dúas estradas é desastrosa, a PO-317 ten as beirarrúas desfeitas que xa non cumpren, en moitos tramos, co ancho que establece a lei para a seguridade peonil, o alumeado está en pésimas condicións, así como o propio firme da estrada.





En canto á PO-316 no tramo da rúa Luís A. Mestre ten un firme desfeito polas fochancas, con beirarrúas e alumeado en mal estado e coa necesidade de cambio das tubaxes da rúa.

Desde o Goberno local do Grove trasladaron, en múltiples ocasións, á Xunta de Galicia a necesidade de actuar nestas dúas estradas, cun proxecto de senda peonil, alumeado e mellora do firme para a PO-317; así como a proposta dun proxecto de humanización para a rúa Luís A. Mestre, pero nunca obtiveron resposta.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista insistimos na necesidade de actuación nestas estradas pola situación na que se atopan que non cumpre os parámetros esixibles de seguridade viaria e por se tratar dunha localización esencial para o turismo das rías baixas. O Parlamento insta á Xunta de Galicia, aproveitando o novo marco de financiamento dos Fondos FEDER, a incorporar no orzamento da Xunta de Galicia do exercicio 2025 o financiamento necesario e suficiente para a execución dun proxecto de reforma nas estradas PO-317 e PO-316, no tramo da rúa Luís A. Mestre, que recollan as seguintes actuacións: na PO-317 unha senda peonil mediante a habilitación de beirarrúas que se adapten á normativa vixente, renovación do alumeado que se atopa en pésimas condicións, renovación do firme da estrada.

Ante esa situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Ten previsto o Goberno galego executar algunha actuación nas estradas PO-317 e PO-316, no tramo da rúa Luís A. Mestre, sitas no concello do Grove?

Parlamento de Galicia, 29 de agosto de 2024





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10100
Data envío: 29/08/2024 14:12:22.729

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 13:07:25

Carlos López Font na data 29/08/2024 13:07:36

CSV: B6PIS7B9CWTZ8XV68Np7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34354

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10102
Data envío: 29/08/2024 14:13:15.322

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Illa de Arousa é un dos lugares máis singulares de Galicia, pola súa condición de Illa habitada, como concello independente, e pola súa contorna xeográfica inigualable.

Polas súas características é un dos concellos galegos con mais afluencia de turistas, chegando incluso en tempada estival aos 25.000 visitantes/día.

Para acceder e transitar por este concello tense que utilizar dúas estradas de titularidade autonómica como son a PO-307 que se inicia no concello de Vilanova de Arousa e despois transcorre pola ponte de acceso á Illa de Arousa rematando na rotonda de entrada a este concello, e a PO-299 que é a vía principal dentro da illa que conecta a ponte de entrada co Porto do Xufre.

Ambas vías soportan moito volume de circulación rodada e unhas condicións meteorolóxicas propias do lugar onde se atopan, isto fai que requiran unhas labores de mantemento axeitadas que por parte da Xunta non se están a facer. A maiores disto non se ten feito nestas estradas desde o ano 2010 ningún tipo de actuación o que provoca que se atopen nunhas condicións non recomendables segundo as normas seguridade viaria.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista defendemos que o Goberno Popular da Xunta de Galicia non pode discriminar a uns concellos respecto doutros e debe garantir que as súas estradas se atopen en condicións axeitadas para garantir a súa seguridade viaria, por iso, reclamamos que de forma urxente





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10102
Data envío: 29/08/2024 14:13:15.322

execute obras de reparación e mellora nestas estradas PO-299 e PO-307, entre as que destacamos a substitución do firme e arranxo das fochancas, o remate do carril bici e as beirarrúas, así como revisión e ampliación do alumeadado existente.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Cando ten previsto o Goberno da Xunta executar obras de reparación e mellora necesarias nas estradas PO-299 e PO-307, situadas no concello da Illa de Arousa?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 13:11:31

Carlos López Font na data 29/08/2024 13:11:39





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10104
Data envío: 29/08/2024 14:14:23.993

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

No ano 2012 rematouse o último tramo da autovía do Salnés que une o concello de Barro co de Sanxenxo.

Unha autovía que supón un avance na conectividade e facilita o acceso á costa desde a AP-9.

Esta autovía sorprendentemente esquécese dun dos principais concellos turísticos da zona como é o concello do Grove, xa que só chega ata A Lanzada (concello de Sanxenxo) quedando un tramo de aproximadamente 10 km sen cubrir.

Esta carencia ocasiona múltiples problemas sobre todo na tempada estival porque na estrada autonómica que transcorre desde O Grove ata a entrada da vía rápida prodúcense retencións quilométricas, e viceversa porque estes atascos provocan tamén retencións á saída desta vía.

As vítimas destes atascos non son só os turistas senón tamén a veciñanza do Grove que se dirixen á súa vila ou os comerciantes e profesionais que se ven obrigados a utilizar a vía rápida do Salnés.

O Grove é unha das vilas máis turísticas das Rías Baixas e o número de visitantes aumenta cada ano polo que non entendemos porque a Xunta de Galicia meteu nun caixón o proxecto de desdoblamento do tramo que une Sanxenxo co Grove que fora anunciado en 2008 polo Goberno bipartito, e que





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10104
Data envío: 29/08/2024 14:14:23.993

unicamente se xustifica por unha discriminación clara do Goberno do Partido Popular a un concello doutra cor política.

Ante esta situación, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Por que o Goberno da Xunta non executa o proxecto de desdoblamento do tramo da vía rápida do Salnés que permitiría continuar desde o concello de Sanxenxo ata o concello do Grove?

Parlamento de Galicia, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 13:14:07

Carlos López Font na data 29/08/2024 13:14:18

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34358

@PSdeG



CSV: BGRISJTBGCHPzOSYpBN42-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10106
Data envío: 29/08/2024 14:15:23.930

Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Illa de Arousa é un dos lugares máis singulares de Galicia, pola súa condición de Illa habitada, como concello independente, e pola súa contorna xeográfica inigualable.

Un dos sinais de identidade da localidade é o paseo do Cantiño, que supón un dos lugares máis transitado da Illa, e radícase no seu entorno máis urbanizado diante do Porto do Xufre. Funciona como dique fronte ao mar, ao carón da rúa do mesmo nome que, pola situación do tráfico local, tamén é das principais zonas transitadas.

Titularidade de Portos de Galicia, este paseo atópase desde hai anos en moi mal estado, o que provoca problemas debido ás fochancas e buratos enormes que producen debido á falla de mantemento por parte do Goberno autonómico.

Por outra banda, o concello da Illa de Arousa é un dos concellos galegos con máis afluencia de turistas, chegando incluso en tempada estival aos 25.000 visitantes/día, pero como todos e todas sabemos o seu espazo xeográfico é limitado, o que xera un problema de transporte, e de estacionamento de vehículos privados.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10106
Data envío: 29/08/2024 14:15:23.930

Para dar solución a isto o Concello proxectou desde hai moito tempo a posibilidade de realizar unha reforma no paseo do Cantiño que permitise albergar un aparcadoiro, ao igual que outras localidades galegas viron facer en terreos de dominio portuario.

Esta idea resolvería dous grandes problemas, pero precisaría dunha acción de Portos de Galicia convencida e facilitadora que nunca chega é, por iso, polo que desde o Grupo Parlamentario Socialista instamos ao goberno da Xunta a que cese o abandono de décadas do concello da Illa de Arousa e execute estas obras tan necesarias para a mobilidade peonil e de vehículos.

Ante esta situación a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Que valoración fai o Goberno galego da situación na que se atopa o paseo do Cantiño na Illa de Arousa?

Santiago de Compostela, 29 de Agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 13:16:59

Carlos López Font na data 29/08/2024 13:17:10





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A publicación da quinta edición da serie de enquisas sobre Hábitos Deportivos dos españois polo Centro de Investigacións Sociolóxicas a principios de abril abriu os titulares en diversos medios de comunicación exclamando que o 52 % dos españois non practican ningún tipo de deporte.

O máis preocupante é que o grupo de idade que con maior frecuencia alega ter que abandonar o exercicio físico en prol dos seus estudos ou traballo son os mozos de 16 a 24 anos, un 38,8 % afirma atoparse nesta situación.

O estado das cousas descritas no parágrafo anterior non é algo do que escape Galicia. Segundo un estudo realizado polo Clúster Galego da Industria do Deporte ou Benestar, a nosa comunidade autónoma é a rexión na que menos porcentaxe de poboación practica actividade física, polo menos, unha vez por semana.

Na mesma liña, de acordo coa Enquisa de Condicións de Vida realizada polo Instituto Nacional de Estatística no ano 2022, Galicia é a terceira comunidade autónoma coas porcentaxes máis elevadas de persoas de 16 e máis anos que se declaran sedentarias: un 30,5 %.

Con todo, as medidas elaboradas pola Xunta de Galicia ata o momento non atallan os principais problemas sinalados polos estudos expostos, deixando de lado sectores prioritarios da poboación e pecando pola falla de transversalidade e planificación estratéxica que lle esixe a normativa autonómica.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10108
Data envío: 29/08/2024 14:16:49,757

Así tamén a Xunta de Galicia, de forma xeneralizada, descoidou o deporte galego federado. Proba diso é que en 2009, dun montante total de 11,8 miles de millóns de euros, a Xunta de Galicia destinou 9,5 millóns ás federacións deportivas da comunidade, é dicir, un 0,08 % do orzamento. Con todo, en 2024, dun total de 14,8 miles de millóns de euros, a Xunta de Galicia tan só destinou 7,2 millóns de euros ás federacións, iso só supón un 0,04 % do gasto total no presente exercicio.

É por iso que, as e os socialistas defendemos que as institucións públicas desta comunidade teñen un deber para coa sociedade galega que nos esixe confeccionar un sólido tecido asociativo no ámbito deportivo que poida servir como base desde a que promover o exercicio físico e os hábitos saudables en xeral, dotar dos medios que sexan necesarios ás distintas federacións e crear e modernizar instalacións deportivas.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Que medidas ten previsto aplicar a Xunta de Galicia para facer fronte á xeneralización dos hábitos sedentarios entre os galegos e galegas?

Parlamento de Galicia, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 13:19:35

Patricia Iglesias Rey na data 29/08/2024 13:19:44

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34362

@PSdeG



CSV: BGR1S1R033330W01010102-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Os veciños e veciñas da Soutomaior, levan reclamando desde hai tempo unha sanidade pública de calidade para a seu concello.

A data de hoxe só hai 3 prazas de médico e levan máis de ano e medio sen pediatra, polo que non é difícil de entender as dificultades para dar unha prestación sanitaria de calidade.

Ademais tampouco dispoñen de servizos de retinografía nin espirometrías por falta de salas e de material. Os problemas son múltiples, pero por sinalar un máis, non hai sala de probas nin sala para poder atender as urxencias.

A situación na que se atopa o Centro de Saúde de Arcade é un caso máis do abandono en materia sanitaria, por parte da Xunta de Galicia, que repercute na Atención Primaria.

Estamos a falar dunha poboación de 7.500 persoas demandantes dos servizos médicos. Pero deles hai arredor de 1.000 menores de idade que só poden ser atendidos baixo cita previa cando vén algún pediatra substituto. E non fai falla pensar o que supón de atraso nas listas de espera.

Por seguir engadindo despropósitos, o consultorio de Romaríz está pechado desde a pandemia.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10110
Data envío: 29/08/2024 14:18:10.865

Polo tanto, estamos ante falla de medios humanos, falla de medios técnicos e falla de instalacións.

Con respecto a isto a Xunta de Galicia comprometeuse a construír un novo centro de saúde, cando o Concello lle cedera unha parcela para radicalo. Foi unha promesa do anterior conselleiro de Sanidade.

Os terreos foron postos a disposición, estando neste momento en fase de rexistro, pero non existe ningunha partida orzamentaria por parte da Xunta de Galicia nos orzamentos do ano 2024.

Por todo isto, desde o Grupo Socialista esiximos ao Goberno galego que dote dunha atención sanitaria de calidade ao concello de Soutomaior e que sexa provisto dos medios materiais, humanos e técnicos necesarios para o desenvolvemento dunha atención axeitada e de calidade.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Pensa o Goberno galego dotar de medios humanos e técnicos o Centro de Saúde de Arcade-Soutomaior para poder ofrecer unha sanidade de calidade?

Parlamento de Galicia, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 29/08/2024 13:23:25

Elena Espinosa Mangana na data 29/08/2024 13:23:36

Silvia Longueira Castro na data 29/08/2024 13:23:45

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34364

@PSdeG



CSV: BGRISJTRBQJZ2DWNjSv4e-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Julio Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O CEIP Torre de Illa situado no concello da Illa de Arousa e cuxa construción é da década dos 60, é un centro de referencia educativa no noso territorio, chegando incluso, no ano 2022 a recibir do Ministerio de Educación e Formación Profesional o premio nacional de «Buenas Prácticas en centros docentes» en recoñecemento á súa contribución á mellora da calidade educativa polo proxecto «Enredando coa pesca», que impulsaba actuacións dirixidas a promover a sostibilidade social, medioambiental e económica.

A pesares disto, a Xunta ten abandonado este colexio xa que nunha década non fixo nel ningún tipo de actuación de mellora nin acondicionamento polo que se atopa nun estado lamentable e que atenta contra o dereito dos alumnos a unha atención educativa de calidade.

Esta situación vén sendo denunciada desde hai anos polo Concello da Illa de Arousa sen que exista por parte do Goberno galego ningunha resposta.

Entre as eivas que son denunciadas atópanse as seguintes:

- 1.-Situación das casas dos mestres.
- 2.-Estado conservación do depósito de auga.
- 3.-Estado dos pavillóns, os 3 presentan humidades e goteiras, problemas de illamento e uns aseos antigos, a maiores un destes bloques ten cuberta de Uralita e outro non é accesible.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 30/08/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10112
Data envío: 29/08/2024 14:21:23.409

Desde o Grupo Socialista entendemos que é necesario que dentro do Plan de infraestruturas educativas que está a promover a Xunta ten que incluír unha actuación global de mellora e acondicionamento deste centro Torre Illa para que o seu alumnado poida acudir a el en condicións axeitadas.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan preguntan:

Vai o Goberno da Xunta executar as obras necesarias de reforma e acondicionamento do CEIP Torre Illa que dignifiquen o estado no que se atopa este centro?

Santiago de Compostela, 29 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 19/06/2024 12:39:22

Julio Abalde Alonso na data 19/06/2024 12:39:33

Silvia Longueira Castro na data 19/06/2024 12:39:49

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34366

@PSdeG





Á Mesa do Parlamento

Miguel Ángel Viso Diéguez, Ángel Rodríguez Conde, Cristina Campero Dorado, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez, Cecilia Vázquez Suárez e Enrique Barreiro Sánchez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Nestes últimos meses os propietarios de fincas están recibindo cartas desde a oficina do Catastro da súa provincia, onde se lles indica que non coincide o nome do titular catastral do predio co da persoa solicitante das axudas da PAC 2023 para esa parcela.

No momento de recibir estas cartas, moitos dos propietarios das parcelas non eran coñecedores do uso das súas fincas por agricultores perceptores da PAC e isto provocou que algúns propietarios presentasen denuncias e que, incluso nalgún caso como os de dous agricultores da provincia de Lugo, o caso transcendera á prensa ao coñecerse que a Garda Civil comezara as súas pescudas. De maneira que tense provocado unha inqueda social respecto a estas cartas e á repercusión que poidan derivar tanto para os propietarios das fincas como para os perceptores da PAC.

Segundo os nosos datos, 37.000 cartas deste tipo van ser enviadas polo mesmo asunto pero xa referidas á solicitude única da PAC 2024.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta oral:

Que actuacións está levando a cabo o Goberno galego respecto a este asunto, que medidas se teñen tomado para minimizar o impacto provocado polas citadas cartas e que repercusións poden ter respecto aos agricultores afectados?.

Santiago de Compostela, 30 de agosto 2024.





Asinado dixitalmente por:

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 30/08/2024 10:42:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 30/08/2024 10:42:54

Cecilia Vázquez Suárez na data 30/08/2024 10:43:03

Ángel Rodríguez Conde na data 30/08/2024 10:43:10

Juan Manuel Casares Gándara na data 30/08/2024 10:43:19

Nicole Grueira Fernández na data 30/08/2024 10:43:28

José Mato Díaz na data 30/08/2024 10:44:02

Enrique Barreiro Sánchez na data 30/08/2024 10:44:17

Cristina Campero Dorado na data 30/08/2024 10:44:52

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

O programa Xuventude Mentoring, impulsado pola Xunta de Galicia, é un programa integral e completo de formación e mentoring destinado a persoas mozas tituladas e inscritas no Sistema Nacional de Garantía Xuvenil na Comunidade Autónoma de Galicia. Trátase dun programa pioneiro promovido pola Dirección Xeral de Xuventude e o Cixug, en colaboración coas tres universidades galegas, e cofinanciado polo Fondo Social Europeo, Programa Operativo de Emprego Xuvenil.

O obxectivo principal desta iniciativa é favorecer a transición dende o ámbito académico á vida laboral das persoas mozas que se encontran entre os 18 e 30 anos con estudos de grao ou de formación profesional.

Por outra banda, a Xunta de Galicia tamén ten impulsado o programa Xuventude Mentoring na Empresa, o cal ofrece á xente nova estadías formativas de ata tres meses en empresas ou entidades públicas ou privadas vinculadas a sectores económicos estratéxicos en Galicia, co obxectivo de que poidan mellorar as súas posibilidades de incorporación ao mercado laboral.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:



Qué balance fai o Goberno galego sobre os programas Xuventude Mentoring e Xuventude Mentoring na Empresa?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 30/08/2024 11:24:16

José Luis Ferro Iglesias na data 30/08/2024 11:24:29

Víctor Baladrón Lamas na data 30/08/2024 11:24:44

Julio García Comesaña na data 30/08/2024 11:24:58

Patricia García González na data 30/08/2024 11:25:10

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/08/2024 11:25:24

Carmen Pomar Tojo na data 30/08/2024 11:25:38

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/08/2024 11:25:53

Raúl Santamaría González na data 30/08/2024 11:26:00

Cecilia Vázquez Suárez na data 30/08/2024 11:26:14



A Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, José Luis Ferro Iglesias, Víctor Baladrón Lamas, Julio García Comesaña, Patricia García González, Rubén Lorenzo Gómez, Carmen Pomar Tojo, Felisa Rodríguez Carrera, Raúl Santamaría González e Cecilia Vázquez Suárez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

Este verán, a mocidade galega tivo a oportunidade de vivir experiencias inesquecibles grazas aos campamentos de verán organizados pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Xuventude.

Baixo o lema “O teu mellor verán”, a campaña de campamentos 2024 non só ofreceu numerosas actividades de lecer, senón que tamén se consolidou como un recurso vital para a conciliación da vida familiar e laboral das familias galegas.

Ademais, nesta campaña de verán a Xunta introduciu novidades significativas que fixeron desta iniciativa unha das máis ambiciosas ata o momento, garantindo que todos os mozos e mozas gozaran do mellor verán da súa vida, ofrecéndolles a posibilidade de empregar o seu tempo libre estival participando en numerosas actividades.

A través desta iniciativa da Xunta de Galicia, a mocidade de Galicia puido desfrutar dunha ampla variedade de actividades de educación non formal.

Debido a que, nos campamentos tiveron acceso a experiencias lúdicas, culturais e deportivas, deseñadas exclusivamente para potenciar as súas habilidades sociais, o



traballo en equipo e o respecto polo medio ambiente, todo nun entorno seguro e estimulante.

En definitiva, a mocidade galega puido aproveitar ao máximo as súas vacacións de verán, vivindo e disfrutando de aventuras que, sen dúbida, quedarán gravadas na súa memoria.

Tendo isto en conta, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Qué balance fai o Goberno galego sobre a Campaña “ O teu mellor verán” 2024?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 30/08/2024 11:30:49

José Luis Ferro Iglesias na data 30/08/2024 11:31:02

Víctor Baladrón Lamas na data 30/08/2024 11:31:15

Julio García Comesaña na data 30/08/2024 11:31:25

Patricia García González na data 30/08/2024 11:31:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 30/08/2024 11:31:51

Carmen Pomar Tojo na data 30/08/2024 11:32:06

María Felisa Rodríguez Carrera na data 30/08/2024 11:32:20

Raúl Santamaría González na data 30/08/2024 11:32:26

Cecilia Vázquez Suárez na data 30/08/2024 11:32:40





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral pleno.

O Consello da Xunta analizou o 15 de xullo de 2024 o informe sobre a orde pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de axudas para accións formativas que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro.

Esta convocatoria reflíctese no Diario Oficial de Galicia (DOG) do pasado 12 de agosto referente a Orde do 23 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e se convocan para o ano 2024, en réxime de concorrencia competitiva, axudas para accións formativas, financiadas polo FEMPA, que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro

Destas achegas, poden beneficiarse as confrarías de pescadores e as súas federacións, as organizacións de produtores, as cooperativas do mar, as asociacións profesionais e as demais entidades asociativas de profesionais do sector pesqueiro con sede social en Galicia, que poden concorrer tanto de xeito individual como conxunto. Como novidade, nesta convocatoria permítese acceder ás persoas traballadoras por conta allea vinculadas á actividade pesqueira, dando así resposta ao que era unha demanda reiterada deste colectivo.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é o orzamento desta convocatoria de axudas para accións formativas que contribúan ao desenvolvemento da formación profesional, das novas competencias profesionais e da formación permanente do sector pesqueiro e que obxectivos ten?

Santiago de Compostela, 30 de agosto 2024.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/08/2024 12:40:12

Manuel Santos Costa na data 30/08/2024 12:40:26

Pablo Prieto Perille na data 30/08/2024 12:40:33

Jesús María Fernández Rosende na data 30/08/2024 12:40:41

Paula Mouzo Mas na data 30/08/2024 12:40:50

María Deza Martínez na data 30/08/2024 12:41:00

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/08/2024 12:41:22

Raúl Santamaría González na data 30/08/2024 12:41:48

Patricia García González na data 30/08/2024 12:42:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O Consello da Xunta analizou o 24 de xullo do 2024 o Acordo polo que se toma razón das axudas concedidas a proxectos colectivos para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros, dos lugares de desembarque, das lonxas e dos ancoradoiros.

A Consellería do Mar financia un total de 47 proxectos dirixidos á modernización das infraestruturas dos portos, das lonxas ou establecementos autorizados para a primeira venda de produtos pesqueiros e dos lugares de desembarque.

Estes apoios enmárcanse na orde de axudas publicadas no Diario Oficial de Galicia (DOG) o pasado 28 de decembro e que forman parte das accións de mellora constante destas instalacións e dos equipamentos portuarios co obxectivo de facilitar o labor diario dos profesionais do mar e impulsar a competitividade e rendibilidade do sector. Unha estratexia que se integra no Plan de Equipamentos Pesqueiros de Galicia 2030.

Segundo analizou o Consello da Xunta, estes apoios permiten que confrarías, organizacións de produtores, cooperativas, agrupacións de interese económico do sector pesqueiro, asociacións de profesionais de persoas pescadoras, mariscadoras e redeiras poidan acometer actuacións que contribúan á mellora da eficiencia enerxética, da protección do medio ambiente e da seguridade e as condicións de traballo dos profesionais. Ademais, tamén se financian iniciativas que en favor da conservación das descargas de peixe e marisco, a súa trazabilidade, a selección ou a etiquetaxe.

Estas actuacións serán financiadas por primeira vez polo novo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e Acuicultura (FEMPA).

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:





Cal é a suma total destinada para estas actuacións para a modernización e mellora dos equipamentos e das infraestruturas dos portos pesqueiros?.

Santiago de Compostela, 30 de agosto 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/08/2024 12:55:08

Manuel Santos Costa na data 30/08/2024 12:55:31

Pablo Prieto Perille na data 30/08/2024 12:55:40

Jesús María Fernández Rosende na data 30/08/2024 12:55:49

Paula Mouzo Mas na data 30/08/2024 12:55:57

María Deza Martínez na data 30/08/2024 12:56:06

Patricia García González na data 30/08/2024 12:56:20

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/08/2024 12:57:16

Raúl Santamaría González na data 30/08/2024 12:58:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que o Goberno galego reclame ao Estado español a mellora dos servizos de ferrocarril e o remate das incidencias continuadas no actual servizo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte público debe ser un servizo fundamental que as administracións públicas deben ofrecer á cidadanía, debido ao seu carácter vertebrador, dinamizador e democratizador da sociedade.

Alén destas características, o transporte público vén de gañar, nos últimos anos, unha importancia superior, xa que debe exercer como un dos eixos fundamentais na loita contra o cambio climático, reducindo cada vez máis o uso dos vehículos privados e gañando en calidade ambiental.

Estas son algunhas das potencialidades dun bo servizo público de transporte, mais para que estas potencialidades poidan ser explotadas, é fundamental que as políticas públicas de mobilidade se deseñen en consonancia a estas potencialidades.

Atender a cuestións tan importantes como a intermodalidade, é central para conseguir facer que o uso deste servizo sexa útil e atractivo para a poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E é que o reto da intermodalidade é a chave para a mobilidade do futuro, onde as distintas modalidades de transporte deben ser complementarias e estar conectadas e interconectadas.

O ferrocarril xoga un papel central nesta cuestión, polo que un bo funcionamento desta modalidade de transporte é central para unha mobilidade de calidade.

Na última década observamos unha clara intencionalidade dos diferentes gobernos do estado en deixar baixo mínimos os servizos de transporte por ferrocarril en Galiza, coa eliminación de horarios e itinerarios, a desaparición do tren en moitas comarcas do país ao que se ven a sumar o déficit histórico en materia de financiamento en infraestruturas e servizos ferroviarios.

Os principais indicadores avalan o uso do ferrocarril en Galiza, sendo o eixo atlántico unha das rutas de media distancia con máis viaxeiros no estado español.

Coa chegada da COVID e das súas consecuencias, implementáronse diferentes bonificacións que fixeron máis accesible a mobilidade en ferrocarril, mais é incomprensible como Galiza segue a padecer a non restitución de horarios e itinerarios e mesmo a ampliación dos servizos para superar os que xa foron eliminados.

Por se a situación non fose preocupante, coa chegada tardía dos novos trens Avril agudizáronse as deficiencias no servizo, con atrasos xeralizados na principal vía de comunicación do noso país, o eixo atlántico.

Así pois, o sistema ferroviario galego leva moitos anos no esquecemento dos distintos gobernos, tanto a nivel de atención aos servizos como no que se refire aos investimentos, deixando aos nosos servizos ferroviarios moi atrasados en relación a outros servizos prestados en diferentes territorios do estado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que accións vai levar a cabo a Xunta de Galiza para demandar a mellora dos servizos ferroviarios, maiores investimentos, poñer fin as incidencias continuadas no servizo e a creación do servizo de proximidade ferroviaria do goberno do Estado?

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 30/08/2024 13:03:25

Luis Bará Torres na data 30/08/2024 13:03:36





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

Desde mediados de outubro ata mediados de novembro de 2023 tivo lugar un episodio extraordinario de precipitacións que se prolongou en moitos puntos, principalmente da metade oeste, durante máis de 30 días seguidos, e que provocou que nesas semanas as cantidades totais de chuvia superaran, en amplas zonas da vertente atlántica, os 1.000 l/m², o que supuxo, en moitos casos, que esa auga doce acabase sendo descargada nas rías galegas, co consecuente descenso da salinidade da auga mariña ata niveis mortais para o marisco, especialmente entre os bivalvos de interese comercial. En consecuencia, numerosos bancos marisqueiros situados nos fondos das rías galegas sufriron uns efectos devastadores, que provocaron unha diminución severa da súa produción.

Por ese motivo, a Consellería do Mar considerou necesario articular axudas directas e estas entidades para que poidan seguir a traballar pola sustentabilidade da actividade marisqueira e pesqueira.

O día 23 de xullo de 2024 publicábase no DOG a RESOLUCIÓN do 22 de xullo de 2024 de concesión directa de axudas de carácter extraordinario ás entidades asociativas do sector pesqueiro destinadas a garantir a súa sustentabilidade.

Esta resolución ten por obxecto a concesión directa dunhas axudas de carácter extraordinario destinadas a garantir a sustentabilidade das entidades asociativas do sector do mar mediante a achega de fondos para manter a operatividade destas entidades que se viu comprometida polos graves acaecementos ambientais que provocaron perda de actividade durante o período de outubro e novembro de 2023 e que pon en risco a asunción dos custos operativos básicos da súa actividade.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Cal é a contía total de estas axudas pola sustentabilidade da actividade marisqueira e pesqueira?

Santiago de Compostela, 30 de agosto 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/08/2024 13:14:31

Manuel Santos Costa na data 30/08/2024 13:15:00

Pablo Prieto Perille na data 30/08/2024 13:15:10

Jesús María Fernández Rosende na data 30/08/2024 13:15:21

Paula Mouzo Mas na data 30/08/2024 13:15:31

María Deza Martínez na data 30/08/2024 13:15:42

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/08/2024 13:15:54

Raúl Santamaría González na data 30/08/2024 13:16:04

Patricia García González na data 30/08/2024 13:16:31

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O día 13 de agosto de 2024 publicábase no DOG a ORDE do 29 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos de rexeneración que permitan mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros con problemas de perda de produción e que contribúan a unha mellora da xestión e conservación sustentables dos recursos mariños.

O obxecto da presente orde é desenvolver proxectos que teñan por obxecto a conservación de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión das especies. Os proxectos velarán polo desenvolvemento sustentable das zonas de pesca evitando o abandono de zonas produtivas en que se estea a dar unha perda de produtividade.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é a contía total das axudas aos proxectos de rexeneración que permiten mellorar a produtividade dos bancos marisqueiros e que profesionais poden acollerse a estas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/08/2024 13:33:32

María Deza Martínez na data 30/08/2024 13:33:49

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Patricia García González na data 30/08/2024 13:34:02

Raúl Santamaría González na data 30/08/2024 13:34:44

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/08/2024 13:34:53

Manuel Santos Costa na data 30/08/2024 13:35:01

Pablo Prieto Perille na data 30/08/2024 13:35:07

Jesús María Fernández Rosende na data 30/08/2024 13:35:16

Paula Mouzo Mas na data 30/08/2024 13:35:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Carlos López Font, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O pasado mes de xuño de 2024 a sociedade mixta Sogama, (participada nun 51 % polo Xunta e nun 49 % por Naturgy), que xestiona os residuos de 295 concellos galegos, anunciou a suba do canón do lixo alegando uns sobrecustos na súa xestión imposibles de asumir.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista solicitamos no Parlamento de Galicia a través dunha proposición non de lei que se mantiver o canon existente coas bonificacións impostas no ano 2019 alegando que os argumentos utilizados polo Goberno galego para xustificar esta suba eran falaces como demostramos con datos obxectivos.

Esta petición foi rexeitada en pleno polo voto en contra do PP, que priorizou os intereses do goberno aos da veciñanza que vai soportar esta suba.

Como consecuencia disto desde o mes de xullo a taxa de Sogama aos concellos quedou fixada en 66 euros por tonelada suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano. A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 10188
Data envío: 31/08/2024 09:48:06,741

Neste momento o Goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 €, o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e como consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

Desde o Grupo Socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecostos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por iso, a deputada e o deputado que asinan preguntan:

Entende o Goberno galego que os sobrecostos na xestión do lixo, derivados do modelo obsoleto de Sogama, teñen que ser asumidos pola cidadanía?

Parlamento de Galicia, 30 de agosto de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 31/08/2024 09:44:24

Carlos López Font na data 31/08/2024 09:44:37

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34385

@PSdeG



CSV: BGPSJTBGSKqWZ6T5v3-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iria Carreira Pazos e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á aclaración das causas da avaría dunha cañería e da caída dun teito no novo edificio de hospitalización de Ourense e ás revisións e actuacións de mantemento que debe impulsar o goberno galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado venres 30 de agosto tiña lugar no novo edificio de Hospitalización de Ourense, o edificio de construción máis recente do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, unha fuga de auga dunha cañería que tería derivado na inundación do vestíbulo e no desprendemento do falso teito na zona da entrada.

Afortunadamente, este incidente non causou ningún tipo de dano persoal, unicamente materiais, e non afectou á actividade asistencial. Porén, hai que recordar que hai menos dun ano caía outro teito no edificio Materno, que causou o peche e dificultades durante varios meses de servizos fundamentais da área de partos e xinecoloxía, xa que a reparación demorou máis de seis meses e non se tomaron as medidas adecuadas.

Este incidente nun edificio de recente construción, que ten menos dunha década, e que se suma aos constantes problemas de mantemento doutras zonas do complexo hospitalario, fan saltar as alertas novamente na poboación e deben ser explicadas adecuadamente polo goberno galego. Así mesmo, cómpre aclarar cales foron as razóns deste incidente, se eran evitables, se corresponden a un defecto na construción, se as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

medidas de mantemento foron as adecuadas, etc. e tomar as medidas adecuadas para que non volva acontecer.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Pleno:

Cales son as razóns que explican as incidencias no edificio de Hospitalización do CHUO sucedidas a finais de agosto de 2024 e as medidas tomadas?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iria Carreira Pazos

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 02/09/2024 09:08:36

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2024 09:08:48

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 02/09/2024 09:09:05





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O día 12 de xullo publicábase no DOG a ORDE do 2 de xullo de 2024 pola que se establecen as bases reguladoras xerais e a convocatoria para o ano 2024 para a concesión, en réxime de concorrência competitiva, de axudas a proxectos colectivos, financiados polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA), para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños mediante medidas de conservación no marco de actividades marisqueiras sustentables.

O obxecto da presente orde consiste na elaboración e no desenvolvemento de proxectos que teñan por obxecto recuperar hábitats mariños e costeiros en favor de poboacións de especies de interese marisqueiro ou que contribúan a unha mellor xestión ou conservación dos recursos biolóxicos mariños, incluídas as actividades destinadas á redución da contaminación física e química, as medidas de conservación positivas cuxo obxectivo sexa protexer e conservar a flora e a fauna, as actuacións destinadas a previr, controlar ou eliminar especies exóticas invasoras que poñan en perigo a conservación destes hábitats e especies, e que se centren en hábitats costeiros de importancia para a reprodución dos organismos mariños.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é a contía total de estas axudas para a restauración da biodiversidade e dos ecosistemas mariños e que profesionais poden acollerse a estas?

Santiago de Compostela, 30 de agosto 2024.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 30/08/2024 13:46:00

María Deza Martínez na data 30/08/2024 13:46:19

Patricia García González na data 30/08/2024 13:46:28

Manuel Santos Costa na data 30/08/2024 13:48:03

Pablo Prieto Perille na data 30/08/2024 13:48:10

Jesús María Fernández Rosende na data 30/08/2024 13:48:17

Paula Mouzo Mas na data 30/08/2024 13:48:25

Raúl Santamaría González na data 30/08/2024 13:48:36

Dolores Hermelo Piñeiro na data 30/08/2024 13:49:21

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as actuacións do goberno galego para a mellora da calidade educativa e do grave deterioro das instalacións dos centros educativos do concello de Rianxo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Este Grupo Parlamentar, no curso que comeza volve recoller as demandas dos centros escolares e das súas comunidades educativas que sofren un ano máis un deterioro das súas instalacións, falta de seguridade e accesibilidade ás mesmas e, sobre todo, insuficiente dotación de profesorado e das especialidades necesarias para atender debidamente a todo o alumnado de NEAE. A Consellaría, na vez de atender esta problemática, insiste en reducir e axustar todos os recursos para manter o estado de gasto orzamentario de Educación ben controlado no ensino público.

Se falamos das escolas e institutos de zonas rurais, temos todos os ingredientes para que cada ano que pasa os centros vaian minguando en número, as unidades educativas sexan cada vez menos e sobre todo atendidas co menor número de profesorado e especialistas nos equipos de orientación. Unha situación que se contrapón á autorización de novas unidades nas escolas privadas, aínda neste momento malia baixada da natalidade e, como consecuencia, da matrícula.

Os centros de ensino do concello de Rianxo son un claro exemplo desta acción demoledora do Goberno da Xunta de Galiza e da súa insensibilidade cara á diversidade e ao alumnado con necesidades específicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En primeiro lugar, incúmprese o acordo entre a Consellaría e determinadas centrais sindicais sobre a redución de ratios. No CEIP “A. D. R. Castelao”, de Rianxo, en 3º e 4º de Primaria hai 51 alumnos/as matriculados/as en cada caso e varias persoas co TEA e outras diagnosticadas con outras patoloxías e outras necesidades, así como outras pendentes de rematar a súa valoración. No CEP “Brea Segade”, de Taragoña, hai 28 nenos e nenas en 3º de Primaria, gran parte deles con NEAE. E no CEIP “Ana María Diéguez”, de Asados, nalgúns aulas as ratios chegan a 28 alumnos/as e xa teñen transmitido á Administración que non son quen de cubrir as necesidades do alumnado con NEAE de xeito satisfactorio pola insuficiencia de persoal especialista. Finalmente, O IES “Félix Muriel” tampouco é alleo á endémica falta de especialistas que afecta a todos os centros do Concello e que, nalgúns casos, comparten un profesorado ao que lle resulta imposíbel atender a alta demanda e necesidades existentes.

En segundo lugar, é patente o deterioro extremo das instalacións educativas, sobre todo no caso do CEP “Brea Segade” que xa foron traídas a este Parlamento noutras ocasións: Un centro que, entre outras, ten graves deficiencias na cuberta, gran parte do peche con risco de caída, conta cunha OCA desfavorábel das súas instalacións eléctricas, sen accesibilidade por falta de ascensores e sen seguridade nas portas de saída, sen ximnasio e cun espazo exterior totalmente desaproveitado para o lecer do alumnado.

No caso do CEIP “Castelao”, as obras levadas a cabo recentemente non tiveron en conta a accesibilidade e non contemplaron a dotación de ascensores, que é imprescindible, así como a adaptación dos baños. O depósito de gasóleo actual do centro non cumpre as normativas de seguridade e cómpre levar a cabo as obras necesarias para a dotación dun novo que reúna todos os requisitos legais. A reclamación do aproveitamento da antiga vivenda do conserxe para as dependencias administrativas e para poder levar a cabo a ampliación da biblioteca xa foi proposto no seu día no Parlamento por este Grupo, mais non foi apoiado polo Partido Popular e, aínda que a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellaría coñece esta petición do centro, de momento aínda non tomou ningunha medida para acometela.

En terceiro lugar, o deficiente transporte escolar. O importante número de matrícula no Colexio “Castelao” leva a derivar alumnado, ou a que as familias opten por outros centros do mesmo concello. Mais esta derivación ou opción atópase moi lonxe de ser satisfactoria pola falta de liñas de autobús escolar e, en moitos casos, son as propias familias as que se ven na obriga de facer o servizo que lle correspondería aos autobuses escolares e, como consecuencia, á Xunta de Galiza.

En cuarto lugar, os comedores escolares. Nalgúns casos non están a resultar todo o útiles que deberían para servir á conciliación. Nomeadamente, o CEP “Brea Segade”, cuxo comedor está xestionado pola ANPA, xa solicitou, sen éxito, a xestión á Xunta de Galiza.

En definitiva, unha situación xeralizada que está moi lonxe de beneficiar ao alumnado e de mellorar a calidade educativa: falta de medios, falta de atención e seguimento individualizado do alumnado máis necesitado del, escaseza de profesorado e instalacións educativas con gravísimas carencias, mentres a Consellaría de Educación segue sen dar resposta, sen asumir as súas propias competencias e sen cumprir os acordos que ela mesma asinou.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai desenvolver a Consellaría de Educación no actual curso 2024-25 para garantir as ratios, a atención ao alumnado con NEAE, a dotación do profesorado necesario e para realizar as obras solicitadas de mellora, seguridade e accesibilidade das instalacións nos CEIP “Castelao” e “Ana María Diéguez” e no CEP “Brea Segade”, de Rianxo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2024

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Cristina Fernández Davila

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 02/09/2024 10:39:02

Cristina Fernández Davila na data 02/09/2024 10:39:13





Á Mesa do Parlamento

Paula Mouzo Más, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O Consello da Xunta analizou o 15 de xullo de 2024 o Acordo polo que se autoriza a concesión directa de axudas de carácter extraordinario destinadas a garantir a sustentabilidade das entidades asociativas do sector do mar mediante a achega de fondos para manter a súa operatividade, a cal se viu comprometida polos graves acaecementos ambientais que provocaron a perda de actividade durante o período de outubro e novembro de 2023 e que pon en risco a asunción dos custos operativos básicos da súa actividade.

No DOG do 23 de xullo de 2024 publicábase a RESOLUCIÓN do 22 de xullo de 2024 de concesión directa de axudas de carácter extraordinario ás entidades asociativas do sector pesqueiro destinadas a garantir a súa sostenibilidade.

Estes fondos son destinados para as entidades asociativas do sector marisqueiro que se viron comprometidas polas perdas de produción ou diminución dos ingresos económicos no último trimestre de 2023 a consecuencia dos fortes temporais.

As incesantes precipitacións rexistradas desde outubro a novembro do pasado ano provocaron unha alta mortalidade dos bivalvos. Segundo datos da Federación Galega de Confraría de Pescadores e as Federacións Provinciais esta caída na produción cifrase no 80% e, asociado a elo, os colectivos prexudicados acusan unha considerable perda de ingresos. Esta circunstancia está tendo, por tanto, un efecto arrastre no só para as persoas mariscadoras, senón tamén para as entidades que a integran, dado que son estas, encaixadas no ámbito da produción primaria do sector do mar, as que lles axudan a adaptarse e facer fronte aos constantes cambios que se producen no seus recursos e ao ámbito de organización e funcionamento interno.

Por tanto, a resolución aprobada está destinada, precisamente, a garantir a viabilidade do sector marisqueiro que tivo importantes perdas, o que repercute nas posibilidades para recuperar a produción e, avogar así, polo abastecemento dos produtos do mar á poboación e por coadxuvar a reforzar a senda de crecemento do noso país.





Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é o importe destas axudas extraordinarias destinada a garantir a sustentabilidade das entidades asociativas de sector de mar e a súa distribución entre as persoas beneficiarias?

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/09/2024 10:43:03

Manuel Santos Costa na data 02/09/2024 10:43:18

Pablo Prieto Perille na data 02/09/2024 10:43:31

Jesús María Fernández Rosende na data 02/09/2024 10:43:40

Paula Mouzo Mas na data 02/09/2024 10:43:48

María Deza Martínez na data 02/09/2024 10:43:56

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/09/2024 10:44:07

Patricia García González na data 02/09/2024 10:44:21

Raúl Santamaría González na data 02/09/2024 10:44:35

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Paula Mouzo Más, Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O día 12 de agosto de 2024 publicábase no DOG a ORDE do 6 de agosto de 2024 pola que se aproban as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2024 das axudas, en réxime de concorrência competitiva, ás persoas mariscadoras a pé afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia, cofinanciadas ao 70 % polo Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) 2021-2027.

Estas achegas foron analizadas no Consello da Xunta do 5 de agosto e o Goberno galego ponas a disposición das persoas titulares de permisos de explotación de marisqueo a pé para recursos marisqueiros xerais que participen nos plans de xestión onde se implantou no primeiro semestre de 2024 a veda temporal como medida técnica de conservación de recursos que supuxo a suspensión temporal da actividade marisqueira.

A posibilidade de habilitar estas axudas á paralización temporal para aplicar medidas de conservación como os períodos de descanso biolóxicos dos recursos aparece recollida no regulamento do FEMPA. Realízase para favorecer as condicións de vida e traballo das persoas que se dedican a esta actividade e para impulsar o desenvolvemento da actividade de xeito sustentable.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Cal é a contía total de estas axudas as persoas mariscadoras a pé afectadas pola paralización temporal en determinados bancos marisqueiros intermareais de Galicia e que profesionais poden acollerse a estas?.

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2024.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Paula Mouzo Mas na data 02/09/2024 11:15:25

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/09/2024 11:15:36

Manuel Santos Costa na data 02/09/2024 11:15:44

Pablo Prieto Perille na data 02/09/2024 11:15:50

Jesús María Fernández Rosende na data 02/09/2024 11:15:56

María Deza Martínez na data 02/09/2024 11:16:03

Raúl Santamaría González na data 02/09/2024 11:16:16

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/09/2024 11:16:27

Patricia García González na data 02/09/2024 11:17:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Á Mesa do Parlamento

Miguel Fidalgo Iglesias, María Deza Martínez, Patricia García González, Dolores Hermelo Piñeiro, Jesús María Fernández Rosende, Paula Mouzo Más, Raúl Santamaría González, Manuel Santos Costa e Pablo Prieto Perille deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O Consello da Xunta analizou o 15 de xullo de 2024 o Acordo polo que se toma razón da sinatura dun convenio entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia, polo que aproba o Plan de actuación plurianual 2023-2026 do Centro de Referencia Nacional de Pesca e Navegación e do Centro de Referencia Nacional de Acuicultura e Mergullo no ámbito da formación profesional.

En concreto, o documento fai referencia ao Instituto Politécnico Marítimo Pesqueiro do Atlántico de Vigo (ipmpa) e ao Instituto Galego de Formación en Acuicultura (Igafa), dependentes da Consellería do Mar.

Mediante este convenio entre Administración Xeral e o Goberno galego, aprobase o Plan de Actuación Plurianual de cada centro para que no seno das Comisións de Coordinación e Seguimento dos convenios para a cualificación e creación dos Centros de Referencia Nacional, sexan aprobados os correspondentes Plans de Traballo no que se concretarán as actuacións a realizar e a aportación económica da Administración Xeral do Estado.

Na actualidade, no Igafa impártese no ámbito da formación profesional o Ciclo Superior en Acuicultura, o Ciclo Medio en Cultivos Acuícolas e o Ciclo Medio en Operacións Subacuáticas e Hiperbáricas aos cales hai que sumar outros cursos para o fomento do emprego. Pola súa banda, no Ipmpa ofrécese formación nas titulacións de Ciclo Superior de Navegación, Pesca e Transporte Marítimo, de Ciclo Medio en Navegación e Pesca de Litoral, de Ciclo Superior e Ciclo Medio de Supervisión e Control de Máquinas e Instalacións do Buque.

Por todo o anterior, os deputados de deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



@gppgalicia



@GrupoPopularGal





Cal é a finalidade deste Convenio entre o Ministerio de Educación, Formación Profesional e Deportes e a Comunidade Autónoma de Galicia e de que cantidades económicas se está a falar?.

Santiago de Compostela, 2 setembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 02/09/2024 12:23:42

Manuel Santos Costa na data 02/09/2024 12:23:56

Pablo Prieto Perille na data 02/09/2024 12:24:02

Jesús María Fernández Rosende na data 02/09/2024 12:24:11

Paula Mouzo Mas na data 02/09/2024 12:24:19

María Deza Martínez na data 02/09/2024 12:24:28

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/09/2024 12:24:37

Raúl Santamaría González na data 02/09/2024 12:24:55

Patricia García González na data 02/09/2024 12:25:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Paulo Ríos Santomé e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a posíbel afectación á igrexa de Santa María de Celas, en Culleredo, das obras que se están a levar a cabo na estrada AC-400.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste momento estanse a levar a cabo as obras de instalación dunha parada de autobús na estrada AC-400, de titularidade autonómica. Estas obras afectan a entrada da igrexa románica de Santa María de Celas (cuxa fachada principal data do século XIX), e a Torre de Celas, en cuxa contorna é posíbel apreciar que houbo movementos dunha parte da estrutura colindante.

A Igrexa de Santa María de Celas é un ben que consta catalogado no Plan Básico Autonómico da Xunta de Galiza.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

O goberno galego está a protexer axeitadamente as instalacións da igrexa de Santa María de Celas e da Torre de Celas, en Culleredo, no que se refire á afectación das obras de instalación dunha parada do autobús nas súas inmediacións, na estrada AC-400, de titularidade autonómica?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Paulo Ríos Santomé

Mercedes Queixas Zas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 02/09/2024 12:48:41

Mercedes Queixas Zas na data 02/09/2024 12:48:45

Paulo Ríos Santomé na data 02/09/2024 12:48:53





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O persoal das ITV galegas acordaba o 26 de agosto nunha asemblea convocar outra xornada de folga, tanto nas estacións fixas como nas móbiles, para o venres 6 de setembro despois de permanecer en folga todos os sábados de agosto.

Tamén teñen previsto concentrarse en Santiago ese mesmo día fronte á Xunta ás 11:30 horas, coincidindo co paro.

Solicitan os traballadores e traballadoras a igualdade salarial entre o persoal do mesmo nivel profesional e denuncian que non existe ningún contacto co Goberno galego a pesar de solicitado.

Nesta liña, as organizacións sindicais inciden en que a pesar de demandar en varias ocasións o prego de condicións para coñecer os termos das mesmas a administración pública galega, nin a empresa facilitávos.

Así, censuran que durante as últimas semanas que a concesionaria, que ten o servizo de ITV nas estacións galegas desde o ano 1987, a compañía Supervisión e control Aplus, permaneza inmóbil cando os traballadores rebaxaron as súas pretensións para tratar de achegar posturas.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 12:54:25
Nº Rexistro: 10223
Data envío: 02/09/2024 12:54:25.716

As xornadas de folga convocadas ata o de agora foron secundadas de forma masiva polo persoal, o que obrigou a pechar as instalacións dos servizos de inspección en toda a comunidade.

Por esta razón, reclaman que empresa e Xunta reaccionen, xa que despois de máis de 13 reunións para negociar o convenio colectivo, non houbo ningún tipo de achegamento.

Así mesmo, outros dos principais obstáculos na negociación son os días de libre disposición e avanzar na eliminación das diferenzas entre o persoal, que chegan aos 500 euros ao mes, segundo denuncian os afectados.

Non podemos esquecer que a Inspección Técnica de Vehículo é unha entidade concesionaria da Xunta de Galicia, en concreto da Consellería de Industria, que a cualifica como unha actividade esencial na mellora da seguridade viaria e o medio ambiente e debe velar polo seu funcionamento.

Ante esa situación, as deputadas que asinan preguntan:

Por que o Goberno galego ante o conflito existente nas ITV non se reúne cos representantes sindicais dos traballadores e traballadoras para coñecer a problemática existente e garantir unha actividade esencial?

Parlamento de Galicia, 2 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 02/09/2024 12:48:23

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34403

@PSdeG



CSV: BGPRISJTRBQJF7ZQJNFMNNA237
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 12:54:25
Nº Rexistro: 10223
Data envío: 02/09/2024 12:54:25.716

Elena Espinosa Mangana na data 02/09/2024 12:48:35

Silvia Longueira Castro na data 02/09/2024 12:48:44

CSV: BGPSDTRBQJ7ZQNTMNA237
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34404

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carmela González Iglesias, Daniel Castro García, Daniel Pérez Fernández e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o incumprimento da Xunta de Galiza dos acordos parlamentares unánimes sobre actuacións para amparar e protexer o sector marisqueiro galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cumpríronse xa 10 meses do comezo dunha campaña marisqueira verdadeiramente nefasta para os recursos, para as confrarías e sobre todo para as propias traballadoras e traballadores do sector. E, malia o extremo da situación, a Consellaría de Mar non foi quen de convocar as axudas cofinanciadas polo FEMPA antes do mes de maio deste ano, para o caso de a frote, e no mes de agosto, para o marisqueo a pé, por paralización temporal da actividade marisqueira.

As convocatorias, ademais de chegaren moi tarde (as de a frote non estarán resoltas antes de mediados de outubro e as de a pé antes de mediados de xaneiro de 2025), amosan, de novo, non só o desprezo da Xunta de Galiza aos acordos unánimes do Parlamento galego senón tamén o seu reincidente desleixo e desinterese por un sector que aínda emprega a preto de 7.000 persoas no noso país.

O Goberno galego volve incumprir un acordo parlamentar. Neste caso, o aprobado unanimemente na Comisión de Pesca do sete de maio pasado a proposta do BNG que *“insta ao Goberno galego a modificar o proxecto de ordes de axuda para 2024 para as persoas mariscadoras afectadas pola paralización temporal en diferentes*





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

bancos marisqueiros intermareais de Galiza, de xeito que os 120 días de actividade extractiva non teñan que ser verificados necesariamente coas notas de venda realizadas nas lonxas ou centros de venda autorizados, co obxectivo primordial de evitar os posibles prexuízos que puideran ter lugar". Tanto na Orde de convocatoria de axudas por paralización temporal da actividade do marisqueo a frote como no de a pé, este requisito segue a exixirse.

Por outra banda, tanto as axudas para o marisqueo a frote como paro o marisqueo a pé só van dirixidas a traballadoras e traballadores dun número moi concreto de bancos marisqueiros e os requisitos para a súa solicitude gardan importantes diferenzas entre elas sen ningún tipo de xustificación.

En primeiro lugar, os cretos orzamentarios dedicados a cada unha delas. No primeiro caso (marisqueo a frote), dedícanse un máximo de 7.200.000 euros (5,2 para as persoas armadoras e 2 millóns de euros para as persoas tripulantes). No segundo (marisqueo a pé), o importe máximo das axudas *"ascenderá a 1.250.000 euros"*.

En segundo lugar, o requisito de estar dado/a de alta no réxime especial da Seguridade Social dos traballadores/as do mar esíxese, no primeiro caso, *"no momento de sobrevivir a paralización temporal"* e, no segundo, *"no momento da solicitude"*, aínda tendo en conta que moitas traballadoras do marisqueo a pé tiveron que buscar outro traballo, precisamente por non teren axudas e teren esgotadas as súas prestacións.

En terceiro lugar, as contías das axudas. Para as do marisqueo a frote márcase unha cantidade por día hábil de parada que, para as persoas armadoras é dun mínimo de 134 euros/día e, para as persoas tripulantes é dun máximo de 50 euros/día. E establécense claramente 62 días hábiles de parada tanto para armadores como para tripulantes. No caso do marisqueo a pé, percibirán por día 81,9 euros, mais dos 11 plans de xestión afectados, só dous acadan os 62 días de parada que si se subvencionan no caso do marisqueo a frote. Os 9 restantes, debido ao inxusto baremo que emprega a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Consellaría de Mar, están moi por debaixo, sendo os casos máis significativos o de Cariño e o de Arcade con 4 e 14 días respectivamente de parada subvencionábeis.

En definitiva, estes e outros graves condicionantes son os que están a levar a moitas traballadoras e traballadores do mar a mal vivir ou directamente a verse obrigadas a abandonar a súa actividade, sobre todo no caso do marisqueo a pé. As axudas resolveranse como moi pronto un ano despois de teren comezado as choivas, a perda masiva de bivalvos nos areas galegos e a brutal diminución de ingresos por parte das mariscadoras e mariscadores e despois de que a Consellaría, por enésima vez, non reaccionase a tempo e non amparase, aínda a día de hoxe, ás miles de persoas que tratan de seguir vivindo do seu traballo.

O Executivo galego vén, ademais, actuando de xeito totalmente contrario ao que decide e aproba por unanimidade o Parlamento galego, o que incide na desconfianza de que se vaian levar a cabo accións acordadas e que beneficiarían ao sector e amosa a nula importancia e respecto que a Xunta ten polo propio Parlamento e polas súas decisións.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai dar cumprimento o Goberno galego aos acordos unánimes do Parlamento galego dos pasados 7 e 28 de maio e convocar urxentemente as axudas directas ao sector marisqueiro galego afectado pola sucesión de condicións metereolóxicas adversas, que dean cobertura á súa redución de ingresos dende o mes de outubro de 2023 ata que se recupere a actividade con normalidade?

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Carmela González Iglesias

Daniel Castro García

Daniel Pérez Fernández

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 02/09/2024 12:35:50

Carmela González Iglesias na data 02/09/2024 12:36:00

Daniel Castro García na data 02/09/2024 12:36:13

Daniel Pérez López na data 02/09/2024 12:36:29

Paulo Ríos Santomé na data 02/09/2024 12:36:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Cristina Fernández Davila, Montserrat Valcárcel Armesto e Secundino Fernández Fernández deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os incendios recorrentes que arrasaron os montes na comarca do Condado-Paradanta.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Xusto despois de que a Xunta de Galiza aprobase o Plan de Prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza (PLADIGA) desatábase o primeiro lume neste 2024, no concello de Crecente, na Comarca do Condado-Paradanta. Era o 15 de abril e arrasou 176 Has. do seu monte.

Dende aquela, na mesma zona do Condado-Paradanta e Louriña lévanse reproducindo os lumes este verán:

- Crecente: -- Filgueira o 30 de agosto. Afectadas 30 Has.
- Ponteareas: -- Paredes, Fozara e Padróns o pasado 16 de agosto, 40 Has. Queimadas e iniciado ao carón das vivendas.
- Padróns e Ribadetea o 28 de agosto
- Salceda de Caselas: Montes de Entenza e barrios de Cotello e Castelo o 16 de agosto, as lapas chegaron moi preto das vivendas.
- Salvaterra de Miño: Cabreira, inicio do lume do 16 de agosto que afectou a Salceda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes casos, non había máis focos de lumes noutras localidades da provincia e todos os recursos puideron concentrarse e traballar nesta comarca para evitar a súa propagación e posterior extinción: técnicos, axentes, cuadrillas, motobombas, palas, helicópteros, avións, e os medios locais como o Grupo de Emerxencias ou Protección Civil. Pero noutras ocasións os recursos hai que repartilos entre varias zonas con focos distintos e non son suficientes para o seu control. Este ano, malia ter contado con todos estes medios o saldo de monte calcinado foi importante para uns concellos moi castigados xa no 2017, pero que son recorrentes todos os anos.

Aínda que se teñen incorporado novas tecnoloxías á loita contra o lume: drons, imaxes de vixilancia por satélite, cámaras, sensores... unha vez desatado o lume, xogan en contra os factores naturais como son as altas temperaturas, o vento, a escuridade, os eucaliptos, a biomasa nos montes, etc. que fai que moitas veces sexa imposible atallar nun tempo breve o incendio e que as hectáreas queimadas sexan elevadísimas e o espazo arborado moi difícil ou imposible de recuperar. Por non falar do risco que corren as vivendas e as veciñas e veciños.

Polo tanto a Xunta de Galiza e a Consellaría de Medio Rural deben deixar de laiarse culpabilizando á poboación con posibles incendios provocados e poñerse a traballar priorizando as actuacións para incidir con máis investimento a prevención.

A prevención, é unha parte do PLADIGA que está por desenvolver durante todo o ano, pero para iso hai que contar con efectivos estables durante os 12 meses cunha planificación clara e concreta para manter o monte en perfectas condicións para que, no caso de ter que pasar por un incendio, estean garantidas as franxas de protección sen biomasa preto das vivendas, pistas cortalumes actualizadas e con ancho suficiente, zonas de contención de lumes con árbores frondosas, etc.

Lembrar que este ano 2024, as franxas de protección revisáronse iniciada xa a tempada de risco de incendios, momento no que todo o monte debiera estar nas





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

condicións necesarias para estar pendente só da segunda fase de máis importancia que é estar preparados e con medios suficientes para a extinción, se fora necesario.

É preciso tamén ter en conta que esta zona do sur da provincia de Pontevedra quedou arrasada polas vagas de lumes en outubro de 2017 e zonas como As Neves e Pontearreas aínda non recuperaron a masa forestal, nin foron quen de reforestar o que era preciso xa que novos incendios os anos seguintes fixeron que o pouco que foi plantado con moito esforzo económico dos concellos, das Comunidades de Montes e incluso con recadación da veciñanza queimábase novamente.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións levou a cabo a Xunta de Galiza en relación coa prevención de vagas de lumes para este 2024 nas comarcas do Condado-Paradanta e Louriña, a preparación das zonas forestais para combater os incendios e aquelas para recuperar a masa arbórea e territorio arrasado en anos anteriores destes concellos, sobre todo no das Neves?

Santiago de Compostela, 2 de setembro 2024

Asdo.: **Cristina Fernández Davila**

Montserrat Valcárcel Armesto

Secundino Fernández Fernández

Deputadas e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 02/09/2024 13:28:55

Montserrat Valcárcel Armesto na data 02/09/2024 13:29:06

Secundino Fernández Fernández na data 02/09/2024 13:29:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González e Mercedes Queixas Zas, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a Ponte dos Cabalos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Atravesando o río Arnego, que ten o seu nacemento a 800 metros de altitude na Pena de Francia, dentro da Serra do Faro, atópase a Ponte dos Cabalos, a única das cinco pontes que unían O Deza coa comarca da Ulloa que queda en pé nos nosos tempos. Parte da parroquia de Parada, no concello de Lalín, cara a aldea de Gurgueiro, na parroquia de San Pedro de Ferreiroa, unha das 24 que forman Agolada, e data aproximadamente do ano 970, coma indicaba unha pedra actualmente desaparecida. A conservación desta ponte faina única, xa que a maior parte delas sufriron modificacións nos séculos posteriores, de xeito que a orixinalidade da Ponte dos Cabalos, cos seus dous arcos de medio punto e a súa rasante case plana, fana un monumento de especial relevancia na comarca pola súa antigüidade e estado.

O pago dunha peaxe para atravesar a ponte suponse sería de obrigado cumprimento, xa que a volta que había que dar de non usala era longa e a distancia importante, algo que se demostra coa pedra cunha canle lateral que podería ser parte dunha estrutura que pechara o paso a modo de porta. A ponte que, noutros tempo se denominou Ponte do Portego ou Pontádego, deixa entrever que a parroquia de Parada, como se deduce do seu nome, sería unha parada de descanso ou control dos que atravesaban o río Arnego, pertencendo as peaxes a casas señoriais da zona probablemente.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O nome da ponte mudou a partires dun feito bélico polo cal a estrutura quedou chea de cadáveres de cabalos tras dunha emboscada, pasando entón a denominarse Ponte dos Cabalos, apelativo que conserva na actualidade.

A finais do 2020 leváronse a cabo unhas obras para a conservación e consolidación da moi erosionada figura monumental de dita ponte, nas cales se engadiron, a maiores, unhas escaleiras que chegan á beira do río e que rompen coa estética da ponte milenaria, así coma as pedras escollidas no seu momento para a reposición dos pretís, que suscitaron grandes críticas por parte de veciños e afeccionados ao patrimonio. As obras foron levadas a cabo nun prazo de execución que rematou o 14 de febreiro de 2020 por parte dun grupo de técnicos, arqueólogos e historiadores, que pasaron tres anos traballando no proxecto da ponte e que defenderon en todo momento a súa idoneidade, fronte os reproches suscitados pola obra, que requiriu dun investimento de máis de 115.000 euros destinados a recuperar o Camiño Real e que foron custeados por Agader e os concellos de Lalín e Agolada naquel momento.

Pouco máis dun ano despois da súa reforma a Ponte dos Cabalos foi vítima dun ataque vandálico onde varias pedras que cumprían a función de pretís foron movidas e remataron rotas ou tiradas cerca da ribeira do río, e que permaneceran pouco máis dun ano unidas ao taboleiro da ponte só por unha capa de cemento, sufrindo danos que as fixeron quedar inservibles e precisando ser substituídas por outras. A maiores retiráronse do seu emprazamento varias pedras serradas que estaban na parte do acceso a ponte para evitar o paso de vehículo, con especial énfase nos agrícolas, polo risco de derrubarse a estrutura. Non se trata dun feito menos importante que, debido ao movemento de terras que se levou a cabo posiblemente por parte da empresa encargada durante as obras de restauración, agora se detecta na ribeira a presenza de Acacia Mimosa, recollida no rexistro de especies invasoras, co risco de que chegue augas abaixo a territorio de Rede Natura, feito que xa se fixo público en 2022. Está aberto un proceso de investigación para dar cos autores dos feitos acontecidos nese mesmo ano,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que deixaron a Ponte dos Cabalos nun estado lamentable que require da súa subsanación para preservar un monumento con máis de mil anos de antigüidade e que é parte da historia da comarca á que pertence e dos veciños da zona.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando se van acometer as obras pertinentes para a recuperación patrimonial da Ponte dos Cabalos e medidas se tomarán para controlar a diseminación da especie invasora Acacia mimosa da zona?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024

Asdo.: **Ariadna Fernández González**

Mercedes Queixas Zas

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ariadna Fernández González na data 02/09/2024 13:54:35

Mercedes Queixas Zas na data 02/09/2024 13:54:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da Facultade de Farmacia da USC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A facultade de Farmacia da USC, a única que imparte esta titulación en todo Galiza, foi construída e inaugurada a comezos da década dos 70. Desde aquela foron milleiros de estudantes os que pasaron por este edificio, antes e despois de titulárense como farmacéuticas.

A Facultade de Farmacia da USC atópase ano tras ano no número 3 da clasificación do diario El Mundo de facultades de Farmacia de España (só por detrás da UCM e da UB, con recursos cuantitativamente moi superiores), e na posición 151-200 do *QS World University Rankings by Subject 2024*, na área de farmacia e farmacoloxía. É indubidable o grande prestixio desta Facultade tanto nivel nacional como internacional, sede de multitude de grupos de investigación recoñecidos e punteiros con numerosas liñas de traballo.

Mais desde o ano 2016 esta facultade ten pechada boa parte das súas dependencias, entre elas o pavillón de aulas, inicialmente motivado polo risco estrutural do edificio ao que se lle sumou a contaminación por hidrocarburos do chan sobre o que está construído, non permitindo o seu uso con seguridade. A día de hoxe só se están a utilizar aos antigos laboratorios para a docencia práctica, laboratorios que se atopaban en desuso pola súa obsolescencia. A docencia teórica do grao de Farmacia espállase





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desde aquela por diferentes facultades do campus compostelán, podendo atopar na actualidade alumnado desta carreira nas facultades de Ciencias Políticas e Relacións Laborais ou na de Dereito.

A recuperación da Facultade de Farmacia da pasa pola construción dun novo edificio, proxecto que a USC enmarcou dentro do proxecto Cidade da Saúde, que albergaría as facultades de Farmacia e Enfermaría, titulación que tamén precisa dunhas novas dependencias, xunto cun centro de investigación biomédica. Mais unha vez redactado o proxecto, cómpre asegurar o financiamento cando menos da súa primeira fase, 24M€, dos que a Xunta de Galiza só comprometeu a metade. Ante a falta de compromiso por parte do goberno do Partido Popular, unhas obras que deberían estar licitadas en marzo do presente ano e comezadas neste mesmo verán, a día de hoxe atópanse paralizadas.

Neste senso, organizacións estudantís, coma Erguer o u Regeifar, ou o propio Consello do Estudiantado da USC xa se teñen posicionado esixindo un compromiso orzamentario por parte da Xunta de Galiza para poder encetar esa fase I da Cidade da Saúde e ter unha nova Facultade de Farmacia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cando vai comprometer o goberno galego o financiamento necesario para o inicio das obras da fase I da Cidade da Saúde, que incluíría unha nova facultade de Farmacia na USC?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Montserrat Prado Cores
Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Carreira Pazos na data 02/09/2024 14:31:30

María Montserrat Prado Cores na data 02/09/2024 14:31:52





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as necesidades de especialistas de Audición en Linguaxe no CEIP Celso Emilio Ferreiro de Cerceda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O CEIP Plurilingüe Celso Emilio Ferreiro de Cerceda informou de que, para o curso 2024-2025, a porcentaxe de alumnado que ten necesidades de apoio educativo específico é do 20 %, ademais das necesidades adicionais que poidan xurdir durante o curso académico.

Para este curso, o CEIP Celso Emilio Ferreiro e o CPI O Cruce van compartir unha persoa especialista en Audición en Linguaxe, polo que o centro de Cerceda pode non ver cumpridas as súas necesidades neste sentido, tendo en conta as necesidades detectadas.

Para poder individualizar a educación e a atención, de acordo co Decreto 229/2011, do 7 de decembro, e coa Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, sería preciso contar con persoal suficiente.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O goberno galego ten previsto incrementar o profesorado especialista en Audición e Linguaxe no CEIP Plurlingüe Celso Emilio Ferreiro Cerceda, para atender as necesidades detectadas polo propio centro?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 02/09/2024 15:08:26

Cristina Fernández Davila na data 02/09/2024 15:08:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé e Xosé Manuel Golpe Acuña, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as demandas salariais do persoal que presta servizos no transporte urbano dos concellos de Ferrol, Narón e Neda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os traballadores e traballadoras da concesión de transporte urbano do Concello de Ferrol levan en folga desde o pasado día 15 de xullo produto do deterioro cada vez máis avanzado tanto das condicións laborais dos traballadores e traballadoras como do propio servizo.

A instauración do último plan de transporte de Galiza provocou desde o seu inicio multitude de queixas na comarca de Ferrol por parte de milleiros de persoas usuarias, colectivos e traballadores diante dun modo de xestión que está a deixar a comarca nunha situación realmente caótica; con eliminación de horarios, itinerarios e paradas, cuestión que repercute negativamente na vida diaria da veciñanza e nos traballadores e traballadoras que prestan este servizo.

Hai que ter en conta que o concello de Ferrol é o único concello da comarca coa obriga de prestar o servizo de transporte público dentro do límites do seu territorio.

Na actualidade esta obriga está delegada na Xunta de Galiza a través da Dirección Xeral de Mobilidade que emprega esta concesión para prestar este servizo ao resto de concellos da comarca e do cal é directamente responsable. A participación dos concellos desenvólvese a través do Plan de Transporte Metropolitano onde cada concello achega unha cantidade económica en función da súa poboación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A precarización do transporte público en Ferrol é unha deriva constante. Nos últimos anos a unificación do transporte escolar e o discrecional incidiu aínda máis neste deterioro, ao que se suma a redución dos servizos con destino A Coruña e que xunto cunhas infraestruturas ferroviarias obsoletas están a condenar á nosa contorna ao seu illamento.

Por estas razóns resulta inadmisíbel a falta de resposta tanto por parte da Xunta de Galiza como do concello de Ferrol diante desta problemática e as súas consecuencias.

As deficiencias e carencia de servizos e frecuencias da concesión xestionada pola Xunta de Galiza son constantes comprometendo a viabilidade e utilidade deste servizo para a veciñanza e están a provocar o deterioro cada vez máis avanzado das condicións laborais dos traballadores e traballadoras que prestan este servizo nos concellos da comarca de Ferrol.

A empresa de transporte ALSA forma unha UTE na que están integridas dúas empresas, Maitours (formada polo antigo cadro de persoal de Tranvías) e Intercar (formada por persoal subrogado de Monbús).

Desde o comezo da concesión ALSA amosou actitudes diametralmente opostas en ambas empresas, negándose a aplicar unha sentenza xudicial na que se determina que o convenio de aplicación ten que ser o de transporte de viaxeiros/as da provincia da Coruña.

Deste modo, ALSA, está condenando ao persoal de Maitours a ter unhas condicións laborais e salariais máis precarias que as do resto do persoal que forma parte da UTE, xa que ademais de non aplicar as subas salariais, existen conceptos, como dietas e antigüidade que estes traballadores e traballadoras non están a cobrar.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se isto non fora suficiente, a folga convocada débese as ilegalidades que a empresa está a realizar produto dos incumprimentos de acordos acadados coa Representación legal dos traballadores, no tocante a compensación de festivos, organización do traballo, días de descanso e un longo etc.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que ten previsto facer a Xunta de Galiza para resolver o conflito social que afecta á empresa que presta o servizo do Transporte metropolitano da comarca de Ferrol?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**
Xosé Manuel Golpe Acuña
Paulo Ríos Santomé
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 02/09/2024 16:56:28

José Manuel Golpe Acuña na data 02/09/2024 16:56:34





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Paulo Ríos Santomé na data 02/09/2024 16:56:39



Á Mesa do Parlamento

Katherinie Varela Fernández, María Deza Martínez, Carmen Pomar Tojo, Jose Luís Ferro Iglesias, Cristina Campero Dorado, Rubén Lorenzo Gómez, Argimiro Marnotes Fernández, Roberto Rodríguez Martínez e Gonzalo Trenor López deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Pleno**

As áreas Rexurbe son unha iniciativa do Goberno galego coa que se busca fomentar, en colaboración cos concellos, a rehabilitación e rexeneración das contornas urbanas de vilas e cidades, con especial atención á mellora da conservación do patrimonio edificado e á recuperación dos inmobles en situación de deterioro.

Na actualidade xa son oito os conxuntos históricos na nosa Comunidade declarados como Bens de Interese Cultural (BIC) que ademais contan con esta figura de rehabilitación, en concreto, Mondoñedo, A Coruña, Ribadavia, Tui, Ribadeo, Ferrol e Betanzos, aos que recentemente debemos engadir o conxunto histórico de Monforte de Lemos, na provincia de Lugo.

Os conxuntos históricos das vilas e cidades son un espazo central da actividade social, comercial e turística destas localidades. A súa recuperación e rehabilitación favorece a preservación do patrimonio histórico e cultural así como unha revaloración das propiedades e das contornas públicas urbanas.

O obxectivo é contar con conxuntos históricos máis vivos e sociais, que favorezan o sentido de comunidade dos seus residentes, involucrándose na preservación e coidado da súa contorna, así como unha mellor calidade de vida, evitar o despoboamento, e contar con infraestruturas e espazos públicos máis atractivos, estéticos e agradables que fomentan a interacción social e sostible.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular formulan as seguintes preguntas:

1. ¿Que beneficios trae aparellada a declaración de conxuntos históricos como áreas Rexurbe?

Santiago de Compostela, 2 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia) [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 02/09/2024 18:04:32
Nº Rexistro: 10295
Data envío: 02/09/2024 18:04:32.788

Katherinie Varela Fernández na data 02/09/2024 14:22:28

María Deza Martínez na data 02/09/2024 14:23:31

Carmen Pomar Tojo na data 02/09/2024 14:24:05

José Luis Ferro Iglesias na data 02/09/2024 14:25:59

Cristina Campero Dorado na data 02/09/2024 14:26:16

Rubén Lorenzo Gómez na data 02/09/2024 18:02:17

Argimiro Marnotes Fernández na data 02/09/2024 18:02:35

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/09/2024 18:02:41

Gonzalo Trenor López na data 02/09/2024 18:03:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BGRISIRBQZjH2W4dHJ8v2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego, Cristina Fernández Davila e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de a Xunta activar un plan de adquisición das competencias en lingua galega para o alumnado estranxeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O consello de goberno da Xunta do 2 de setembro aprobou o Plan MEGA de mellora educativa de Galiza, unha estratexia anunciada co obxectivo de incrementar o nivel das competencias clave do alumnado, personalizar o apoio educativo e a atención ás necesidades específicas e avanzar nun modelo de ensino inclusivo.

Segundo o conselleiro de Educación, o Plan inclúe medidas para “avanzar nunha aprendizaxe máis personalizada, reforzar as competencias clave e a atención a todo tipo de diversidade”.

Entre as diferentes liñas de actuación, destácase unha específica centrada na atención ao alumnado estranxeiro, cada vez máis presente nas aulas galegas en todas as etapas, a partir das “intervencións educativas necesarias para o desenvolvemento persoal, cultural e social destes estudantes desde unha participación activa na vida escolar”.

A través desta liña proporcionarase apoio ao alumnado estranxeiro para asegurar a expresión e a comprensión lingüística efectiva e fortalecer as súas habilidades de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

lectura e escritura, imprescindíbeis para garantir o dereito á educación desde a equidade e a inclusión.

Na información trasladada aos medios de comunicación non se concreta ningunha estratexia ou actuación para axudar o alumnado estranxeiro a se integrar social, educativa, cultural e lingüisticamente en galego, polo que xa temos solicitado, ao abeiro do artigo 9 do Regulamento do Parlamento, copia do mencionado Plan MEGA para coñecelo en detalle.

Con todo, a habitual falta de resposta e transparencia do goberno da Xunta ás peticións de documentación requiridas desde o grupo parlamentario do BNG, sustenta moitas preguntas sobre o desenvolvemento da metodoloxía necesaria para favorecer a adquisición da lingua galega por parte do alumnado estranxeiro, así como de como se vai proceder á súa implantación neste inminente comezo de curso escolar.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Que medidas vai implementar o goberno da Xunta para que o crecente alumnado estranxeiro teña garantida a adquisición das competencias en lingua galega?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Iria Taibo Corsanego

Cristina Fernández Davila

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2024 10:01:07

Iria Taibo Corsanego na data 03/09/2024 10:01:15

Cristina Fernández Davila na data 03/09/2024 10:01:25

Daniel Castro García na data 03/09/2024 10:01:35





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey, Julio Ernesto Abalde Alonso e Silvia Longueira Castro, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Que, segundo a publicación da Resolución definitiva de adxudicación de destinos provisionais entre o persoal de corpos docentes para o curso académico 2024/2025, ao CPI Plurilingüe Cabo da Area en Laxe non lle foi asignado ningún docente especialista en Audición e Linguaxe (AL) pese a que dita vacante foi solicitada previamente polo centro educativo en tempo e forma. Sabemos que este problema non é un caso puntual e que xa mais centros fixeron as súas queixas na prensa, tamén varias asociacións veñen queixándose (dando voz ás familias) da precariedade da ensinanza de cara este alumnado.

Nos cursos anteriores, o CPI Plurilingüe Cabo da Area contou con profesorado especialista en AL compartido con outros centros e durante o período lectivo 2023-2024, foille asignada unha vacante completa, tras valorar as múltiples necesidades específicas de apoio educativo do alumnado do centro.

Polo tanto, as familias afectadas víronse na obriga de realizar unha reclamación á Xefatura Territorial da Consellería de Educación, que foi desatendida.

No CPI Plurilingüe Cabo da Area, hai un 20 % de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A maioría destes/as estudantes conta con diagnósticos procedentes de especialistas da sanidade pública, derivacións





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 11:14:34
Nº Rexistro: 10323
Data envío: 03/09/2024 11:14:34.676

específicas de Atención Temperá (U.D.I.A.F.) e diversos graos de discapacidade recoñecidos.

Por iso, o centro precisa da intervención dun docente especialista en Audición e Linguaxe a tempo completo, así como dun mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica que si foi asignado ao CPI Plurilingüe Cabo da Area na Resolución definitiva do CADP, ademais dos servizos complementarios derivados da iniciativa PROA+, tal e como viña sucedendo nos cursos anteriores. Debido ao incremento no número de diagnósticos do curso pasado, incluso se precisaría unha segunda especialista en PT para as etapas de educación infantil e primaria como mínimo, co fin de proporcionar unha atención de calidade ao alumnado do centro.

Polo exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Vai a Consellería competente en materia de educación asignar ao CPI Plurilingüe Cabo da Area en Laxe para o curso académico 2024/2025 un docente especialista en Audición e Linguaxe (AL) e un mestre/a especialista en Pedagogía Terapéutica, ademais dos servizos complementarios derivados da iniciativa PROA+, tal e como viña sucedendo nos cursos anteriores?

Santiago de Compostela, 3 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 03/09/2024 11:06:59

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34431

@PSdeG



CSV: B6PISJTBQ3Z3gDVA4KJN02-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 11:14:34
Nº Rexistro: 10323
Data envío: 03/09/2024 11:14:34.676

Julio Abalde Alonso na data 03/09/2024 11:07:08

Silvia Longueira Castro na data 03/09/2024 11:07:18

CSV: B6PIS7B9C3E3pVwKJN02-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34432

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 12:05:30
Nº Rexistro: 10334
Data envío: 03/09/2024 12:05:30,074

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Ernesto Abalde Alonso, Silvia Longueira Castro e Elena Espinosa Mangana, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As familias das escolas infantís da rede do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar (Consellería de Política Social), manifestaron reiteradamente que queren que os seus fillos e fillas consuman nos comedores escolares produtos de proximidade. Produtos como froitas e verduras de tempada, peixe fresco, como o capturado polo cerco galego, e carne de procedencia galega, como é a nosa denominación de orixe Tenreira Galega.

Na actualidade o menú que se ofrece cumpre, por suposto e non se pon en dúbida, con todas as normas sanitarias e de seguridade, así como as nutricionais, pero non inclúe esa proximidade na orixe: a carne pode chegar de Polonia, o peixe é conxelado e de especies que se pescan lonxe das nosas costas e que, en numerosas ocasións, nin se consumen tradicionalmente na nosa comunidade.

A Xunta obriga, desde a norma de 2019, ás empresas que xestionan os menús a optar por provedores de proximidade, pero non significa que o produto fornecido sexa efectivamente de proximidade; os provedores locais, á súa vez, traen os alimentos de diferentes partes do mundo, xa non de Galicia ou España. A consulta da trazabilidade dos produtos demostrou que a carne viña de Polonia, o peixe deixou de ser fresco para pasar a ser conxelado, as froitas e hortalizas percorren grandes distancias até chegar o prato dos nosos fillos e fillas, etc. Esta situación non parece lóxica nin desde o punto de vista de defensa do noso sector primario nin desde a sustentabilidade.

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

34433

@PSdeG





Os nosos fillos e fillas merecen unha alimentación de calidade e é fundamental que a escola pública a idades tan temperás sexa un exemplo de calidade e equilibrio nutricional xa que a alimentación senta as bases da saúde infantil, enfrontando así problemas actuais e de futuro como é a obesidade infantil. É importante que os nenos aprendan cal é a frecuencia adecuada de inxesta semanal, por exemplo, de peixe e carne e a importancia dos vexetais e a froita na saúde. Pero non só a calidade alimenticia senón que a seguridade dos produtos consumidos é fundamental e non se soluciona cos produtos de proximidade, por iso, é importante a información do procesado e a trazabilidade dos produtos coa colaboración cos distintos axentes da cadea de produción e distribución.

Para iso, debemos pór en marcha un plan en colaboración coas asociacións de produtores agrícolas, gandeiros e distribuidores que permita dispor de produtos de proximidade na cantidade, calidade e seguridade adecuada para un sistema de comedores distribuídos por toda a comunidade autónoma. Igualmente, sería importante contar coa participación das asociacións de pescadores das distintas pesqueiras, especialmente coas do cerco, así como coas lonxas.

Esta colaboración en rede é necesaria porque, aínda que cada comedor dá servizo a poucos usuarios, a cantidade global é moi importante e en ocasións un único produtor podería individualmente dar soporte a toda a rede.

En definitiva, sería un modelo que por unha banda une a calidade nutricional e alimenticia coa formación en hábitos saudables desde a infancia cos menús escolares co apoio aos sectores primarios da agricultura, gandería e pesca e por último coa sustentabilidade enerxética xa que se evitan longos desprazamentos das materias primas. Un exemplo claro de economía circular da que tan necesitada está a nosa comunidade.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 12:05:30
Nº Rexistro: 10334
Data envío: 03/09/2024 12:05:30.074

Este modelo foi testado na nosa comunidade autónoma con moi bos resultados, eficiente e sustentable economicamente. Este é o caso dos ecocomedores que utilizan, por exemplo, na escola infantil municipal da Caracola, en Novo Mesoiro da Coruña, que non só ten unha mellor calidade do produto, utiliza produtos ecolóxicos, senón que consegue un descenso importante no custo do menú para as familias. Trátase de escalar e estender o modelo.

Por iso, o deputado e as deputadas que asinan preguntan:

Realiza a Consellería un seguimento do cumprimento da normativa da Xunta de Galicia do ano 2019 que obriga aos xestores dos comedores escolares á utilización de provedores de proximidade?

Parlamento de Galicia, 3 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 03/09/2024 11:19:21

Silvia Longueira Castro na data 03/09/2024 11:19:41

Elena Espinosa Mangana na data 03/09/2024 11:19:52

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34435

@PSdeG



CSV: BGRISURBQ3YzQWna2Kq2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 12:25:15
Nº Rexistro: 10341
Data envío: 03/09/2024 12:25:15.950

Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A Consellería do Medio Rural ofrece anualmente ás entidades locais colaboración económica para financiar a contratación de brigadas para desenvolvemento de labores preventivos, de vixilancia e defensa contra incendios forestais. Os labores preventivos son financiados por fondos europeos mentres os labores de vixilancia e defensa contra incendios son financiados pola Xunta de Galicia.

O Grupo Parlamentario Socialista xa manifestou de forma reiterada que non comparte este modelo de defensa contra o lume, un modelo que non se axusta á realidade existente no territorio galego, nin a virulencia dos incendios actuais. Galicia necesita dun modelo axustado á realidade, dun dispositivo de extinción único, profesional, estable, formado e equipado con dependencia directa da consellaría con competencias na materia e orzamento para iso.

Os concellos están de forma continuada asumindo competencias impropias, engadindo dificultades á xa complicada situación que están a vivir nos últimos tempos e agora agravadas, cunha carga financeira cada vez maior.

Estes convenios adoecen de deficiencias e ano tras ano son menos os concellos que as constitúen pola dificultade de atopar persoal para formalas e polas características do propio convenio ofertado polo Goberno galego.

Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / 981.55.15.30

34436

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 12:25:15
Nº Rexistro: 10341
Data envío: 03/09/2024 12:25:15.950

Que valoración fai o Goberno galego da diminución que se está a producir na contratación de brigadas de incendios por parte dos concellos?

Parlamento de Galicia, 3 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 03/09/2024 12:21:47

Lara Méndez López na data 03/09/2024 12:22:00

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

34437

@PSdeG



CSV: BGRISIRB9GizEwY6DN0.2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Secundino Fernández Fernández, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as consecuencias dos incumprimentos nas obrigas de atención e coidado ás persoas residentes en centros de maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xullo a sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza ditou sentenza na que confirmaba a ditada no seu día polo Xulgado do Contencioso-Administrativo núm.1 de Ourense na que se desestimaba o recurso presentado pola Fundación Nuestra Señora de Fátima contra a resolución da Xunta de Galiza pola que se lle sancionaba con 38.000 € de multa pola comisión de ate 6 infraccións en materia de servizos sociais.

Na resolución que o TSX confirma impúñanse as seguintes sancións:

- 1.000 € por unha infracción leve consistente en non presentar no RUESS as memorias de actividades dos anos 2016, 2017 e 2018.
- 1.000 € por unha infracción leve polas deficiencias estruturais ou de remate nos locais e instalacións, mobiliario ou útiles, así como no seu funcionamento, sen risco para as persoas.
- 3.001 € por unha infracción grave por obstrución ao labor da inspección.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- 15.000 € por unha infracción grave consistente en non dispor de efectivos abondos para garantir a presenza de persoal de enfermería as 24 horas.

- 15.001 € por unha infracción moi grave producida por aplicar a un residente medidas de contención física -tipo chaleco de suxeición en cadeira – sen prescrición médica, nin consentimento informado.

Na resolución consta que tanto o día 11 de setembro de 2019 como o 10 de xuño de 2020 nos que a Inspección de Servizos Sociais visitou o centro residencial, este carecía do persoal de enfermería legalmente exixido, tendo en conta o número de persoas dependentes residentes no centro.

Especialmente relevante é a consideración que realiza o Tribunal Superior Xustiza de Galiza quen, tras apreciar que as medidas da suxeición aplicadas a unha persoa carecían de consentimento e prescrición médica, manifesta que:

“As medidas de contención, en fin non se han aplicar cando haxa medidas alternativas, nin como castigo, por comodidade do persoal ou por reducir a vixilancia.

La aplicación desa contención non supuxo a contravención do PIA, senón a imposición dun trato incompatible coa dignidade do residente que, asemade, comportaba unha restrición do seu dereito fundamental ao libre desenvolvemento da personalidade, que engarza co concepto de liberdade e autodeterminación”.

Malia a gravidade dos feitos constatados pola Xunta de Galiza, ratificados polo xulgado do Contencioso de Ourense e agora polo TSX de Galiza, o 17 de febreiro de 2023 a Consellaría de Política Social e Xuventude contrata coa entidade infractora a reserva durante case 2 anos de 10 prazas residenciais para persoas maiores en situación de dependencia por un importe de 364.915,20€.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Os feitos constatados polo servizo de Inspección de Servizos Sociais, considerado acreditados pola propia Xunta de Galiza e posteriormente ratificados en distintas instancias xudiciais non só son constitutivos de infraccións administrativas, nalgún caso de carácter moi grave, senón que tamén puideran supor un incumprimento contractual que debería dar lugar á imposición de penalidades e a reclamación do aboado por prestacións e servizos que non se realizaron e/ou prestaron.

Ante a evidente e lóxica preocupación social sobre a atención que reciben as residentes en centros de maiores e a persecución e sanción das irregularidades que se poidan producir, sobre a xestión dos recursos públicos que realiza a Xunta de Galiza e a vixilancia do cumprimento dos contratos, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera a Xunta de Galiza que os feitos considerados probados na sentenza de 19 de xullo de 2024 polo Tribunal Superior de Xustiza de Galiza acreditan a idoneidade da Fundación Nuestra Señora de Fátima para a atención residencial de maiores dependentes?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Secundino Fernández Fernández

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/09/2024 12:21:09

Secundino Fernández Fernández na data 03/09/2024 12:21:23

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2024 12:21:33

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2024 12:21:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Oscar Insua Lema e Cristina Fernández Davila, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á mellora das instalacións do CEIP de Camelle no municipio de Camariñas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os nenos e nenas da parroquia de Camelle, en Camariñas, este ano comezarán o curso escolar coas mesmas deficiencias coas que o remataron. O ano pasado eran dezaseis cativos, de educación infantil e de 1º e 2º de primaria, e este curso 2024-25 serán catorce, coa previsión dunha incorporación máis en xaneiro.

O centro conta cun parque infantil exterior ao que se accede cruzando unha estrada municipal paralela á fronte de todo o colexio, o que pon en risco a seguridade do alumnado cada vez que acoden ao mesmo, porque ademais de que a propia estrada está en mal estado, igual que o paso de peóns, a zona non está sinalizada correctamente coas advertencias da existencia dun centro de ensino.

Ademais da inseguridade no acceso, o problema do parque infantil é que non está cuberto, como ocorre noutros centros educativos, polo que os días de choiva, non poden xogar no mesmo no tempo libre, polo que non teñen mais remedio que quedarse no centro escolar, onde teñen unha habitación de tan só vinte metros cadrados, como patio de colexio, para desfrutar do recreo. O curso pasado eran dezaseis rapaces que tiveron menos de dous metros cadrados nos recreos durante meses, xa que foron moitos os días de choiva que houbo durante o ano. A isto hai que sumarlle as malas condicións dalgúns xogos do parque, que precisan ser substituídos con urxencia, xa que uns están rotos con estelas que poden mancar aos cativos e outros teñen reparacións infinitas. Non





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

podemos esquecer a importancia do espazo escolar, que vén valorándose dende que se recoñece que o ambiente é un factor clave de influencia no desenvolvemento da aprendizaxe humana, establecéndose unha clara interrelación entre o suxeito e o ambiente que o rodea. Ante esta situación, é necesario remodelar o parque infantil practicamente de forma íntegra, dotalo cun tellado, e instalar unha cuberta entre o CEIP e o parque infantil.

A estas deficiencias das instalacións, hai que sumarlle que no curso pasado o alumnado do CEIP de Camelle non contou con mestre de música, como si teñen noutros centros, polo que é preciso adoptar as medidas necesarias para que se desprace as horas pertinentes un mestre de música ao centro de ensino.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

-Ten constancia o goberno galego das condicións nas que se atopan as instalacións do CEIP de Camelle, en concreto o parque infantil, no concello de Camariñas?

Santiago de Compostela, 3 de setembro 2024

Asdo.: **Oscar Insua Lema**

Cristina Fernández Davila

Deputado e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Óscar Insua Lema na data 03/09/2024 13:41:18

Cristina Fernández Davila na data 03/09/2024 13:41:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Suárez Fernández e Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a regulación da prestación de servizos deportivos en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A práctica do deporte e o fomento da actividade física entre a poboación xeral trae consigo, indubidablemente, unha serie de beneficios para as persoas, as familias, as comunidades e a sociedade en xeral ademais dun notable crecemento e impacto social positivo. Iso si, sempre que a actividade deportiva sexa axeitadamente organizada, ensinada e dotada de recursos, xa que tamén pode constituír unha importante ameaza para a saúde e a seguridade das persoas se é executada de forma irregular baixo a dirección ou supervisión de persoas sen a cualificación necesaria.

É por este motivo que desde o BNG consideramos fundamental que se regulen canto antes, no ámbito competencial da Xunta de Galiza, os aspectos esenciais da prestación de servizos deportivos no país determinando cales son os servizos profesionais, que funcións son propias de cada un e que cualificación é necesaria para a súa adecuada prestación.

É innegable que na actualidade no noso país os servizos de educación física, actividade física e deporte “están sendo realizados frecuentemente por persoas sen a cualificación axeitada, o que resulta impropio dunha sociedade preocupada pola seguridade e a calidade dos servizos que nela se prestan, e a saúde da súa cidadanía”, segundo alertan desde o Colexio Oficial de Licenciados en Educación Física (Colef).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así que, tras varios infrutuosos intentos por parte do Estado español de establecer unha ordenación estatal na materia, é o momento de que o Goberno galego tome partido e exerza as súas competencias para regular a práctica da actividade física en Galiza.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Prevé a Xunta de Galiza regular os aspectos esenciais da prestación de servizos deportivos en Galiza, e en caso afirmativo, como o fará?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Suárez Fernández**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Suárez Fernández na data 03/09/2024 13:50:26

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 03/09/2024 13:50:30





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Paulo Ríos Santomé e Luís Bará Torres, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas a adoptar polo goberno galego para dotar de transparencia a execución dos contratos do transporte público por estrada en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde a posta en marcha no Plan de Transporte o servizo de transporte público por estrada en Galiza experimentou grandes mudanzas, tanto no seu deseño como na súa execución.

Así pois, son moitas e preocupantes os diferentes incumprimentos e irregularidades tanto na contratación como na propia execución dos contratos derivados do Plan de Transporte da Xunta de Galiza, onde nos últimos anos asistimos a un proceso de concentración monopolística, o esmorecemento paulatino do sector, o empeoramento das condicións laborais dos traballadores e traballadoras das grandes empresas de transporte de viaxeiros e tamén unha peor e errática prestación de servizos aos usuarios e usuarias.

Aínda que isto sexa evidente para unha parte importante da sociedade, e após de diferentes sentenzas e procesos xudiciais, a Xunta de Galiza continúa a negar a existencia destes problemas, incumprimentos e irregularidades.

Así pois, lonxe de poñer solucións enriba da mesa e exercer un control público da execución e deseño dos contratos, a Xunta de Galiza vén de crear unha Dirección Xeral paralela, abdicando das súas responsabilidades no servizo de transporte público





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

por estrada en favor dunha empresa pública para levar a cabo as labores de control e deseño destes contratos.

É por iso que desde o BNG, entendemos que é necesario que a Xunta de Galiza faga un exercicio de transparencia, tan necesario nun servizo público fundamental como é o do transporte por estrada, que poña branco sobre negro sobre a execución dos diferentes contratos.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza para dotar dunha maior transparencia o deseño e a execución dos contratos do servizo público de transporte por estrada recollidos no Plan de Transporte?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: **Paulo Ríos Santomé**

Luís Bará Torres

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Paulo Ríos Santomé na data 03/09/2024 14:12:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 03/09/2024 14:12:31





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Óscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración por parte do goberno galego da evolución do índice de prezos ao consumo e o feito de que Galiza teña a inflación máis alta de todo o Estado respecto do ano anterior.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evolución do Índice de Prezos ao Consumo é un dos problemas económicos máis importantes e constantes dos últimos anos, desde que no período post pandemia se sucedeu unha importante crecida. Malia as medidas impulsadas desde os ámbitos supra estatais, o certo é que este índice mantén aínda unha intensidade considerable, unha suba acumulada e que non tivo un descenso como o que prevían distintos organismos internacionais ou, no caso estatal ou galego, as propias administracións e o Banco de España.

É por iso, que esta é unha evolución que o goberno galego debería vixiar, sobre todo tendo en conta tanto o diferencial entre Galiza e o Estado, como tendo en conta o efecto por acumulación que ten nas condicións materiais de vida das maiorías sociais e na afectación ao sistema produtivo.

O pasado 13 de agosto de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba o Informe sobre as variacións nos índices de prezos de consumo cos datos definitivos correspondentes ao mes de xullo de 2024. Como vén sendo habitual, Galiza rexistraba





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha taxa superior á do Estado español. Así, fronte a un 2,8% estatal, Galiza rexistraba un aumento de tres décimas máis, situándose no 3,1%, malia que en termos mensuais se rexistrara un descenso do 0,5%. Así mesmo, é preocupante que unha vez máis a inflación subxacente é tamén superior á rexistrada no Estado.

Con respecto a xullo de 2023, todos os grupos agás o de “comunicacións” rexistra suba dos prezos e os incrementos máis potentes danse nos ámbitos da restauración e hoteis e no de alimentos e bebidas non alcóholicas, cuestión preocupante esta última polo seu impacto no día a día dos fogares ao falarmos de bens esenciais.

Outro aspecto preocupante, e que se vén dando nos últimos meses, é que se observamos a comparativa con outras comunidades autónomas, Galiza é na que máis sobe a inflación respecto do ano anterior, cun 3,1%, a cifra máis alta de todas.

Diante desta situación, o goberno galego debe facer unha lectura actualizada do impacto da inflación nos distintos estratos da economía galega e impulsar a posta en marcha de medidas que alivien a situación nos sectores máis afectados.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cal é a valoración do goberno galego de que Galiza teña a inflación máis alta do Estado en termos interanuais?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2024 16:22:25

Rosana Pérez Fernández na data 03/09/2024 16:22:38

Ramón Fernández Alfonzo na data 03/09/2024 16:22:49

Óscar Insua Lema na data 03/09/2024 16:23:06

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 03/09/2024 16:23:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as razóns do goberno galego para incumprir a lei galega de violencia machista e non remitir ao Parlamento Galego os informes que esta recolle.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galiza ten desde hai décadas un marco lexislativo en materia de violencia machista que é pioneiro e referencial e que xa se adiantou aos preceptos e recomendacións do Convenio de Istambul mesmo antes da súa ratificación e posterior aprobación por parte do Estado Español.

Entre outros aspectos, o noso marco lexislativo contempla a recompilación de información e o seu estudo como un dos aspectos claves, como recomenda a literatura científica, para afondar na prevención, na eliminación e na loita contra a violencia machista.

Con ese espírito, coa finalidade de dar cumprimento ao preceptuado na Disposición adicional cuarta da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a Xunta de Galiza remite anualmente ao Parlamento Galego un informe anual de violencia machista. É máis, nos últimos anos, froito dunha modificación unánime da lei e froito dun consenso político unánime nunha Proposición non de lei, o goberno galego remite, como addenda a este informe, outros dous: un sobre a prestación periódica para mulleres que sofren violencia de xénero e outro sobre violencias sexuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Porén, o Parlamento Galego descoñece aínda os informes correspondentes ao ano 2023, cun atraso sen precedentes e que non se pode exculpar na convocatoria electoral de febreiro de 2024, toda vez que o Parlamento Galego funciona a pleno rendemento e que xa pasaron máis de cen días de funcionamento do novo goberno. Un novo goberno, ademais, que decidiu estrearse coa supresión da Secretaría Xeral de Igualdade e a súa dilución en dúas direccións xerais equivalentes ás subdireccións que xa preexistían.

Este atraso ocorre, ademais, nun momento onde os índices de violencia machista seguen a ser preocupantes, como tamén o son os discursos negacionistas. Hoxe é absolutamente necesario ter información obxectiva e veraz da evolución da violencia machista en Galiza e do uso e funcionamento dos recursos, de cara a poder acordar propostas para mellorar a intervención e a prevención.

O feminismo mantivo historicamente unha loita a favor da información nesta materia e por iso hoxe existen, aínda con todas as necesidades de mellora que se poidan observar, información tanto estatística como cualitativa que nos poden axudar a avanzar e a recoñecer a violencia contra as mulleres.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Por que o goberno incumpre a lei galega de violencia machista e aínda non remitiu os informes correspondentes ao Parlamento Galego?

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 03/09/2024 17:24:30

Olalla Rodil Fernández na data 03/09/2024 17:24:42





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López, María Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Colapso, saturación do pouco persoal dispoñible e malestar das persoas usuarias. Así resumía a finais de ano un medio de comunicación a situación que está a vivir a área de pediatría do centro de saúde de Monforte debido a ausencia de médicos.

A falla de facultativos en pediatría lastra ao centro de saúde morfontino dende hai xa moitos meses o que xera malestar entre o persoal facultativo e as e os pacientes do centro.

O centro de saúde de Monforte conta con tres prazas de pediatría e a pesar de iso en moitas ocasións quede sen este servizo ante a falta de facultativos. É obrigación do Sergas dar cobertura ás vacacións, días libres e baixas, pero en moitas ocasións isto non ocorre.

A área de pediatría de atención primaria en Monforte volve a estar no punto de mira novamente ao non contar con ningún pediatra estes días, e isto afecta tamén aos distintos concellos que teñen o servizo de pediatría en dita área sanitaria como poden ser os concellos de Pontón ou Sober.

Esta situación estase a converter nunha problemática estrutural ante a inacción da Xunta de Galicia, son moitos os pais e nais que se están a ver afectados e teñen que ser atendidos por médicos de familia ou derivados a outros centros.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 18:01:24
Nº Rexistro: 10393
Data envío: 03/09/2024 18:01:24.067

Isto, xa de por si é un problema, agrava a situación na atención primaria e na sobre carga dos pediatras que vén incrementada a súa carga de traballo xerando unha presión asistencial moitas veces inasumible que moitas veces acaba coa baixa dos facultativos.

A falta de facultativos esténdese por toda a provincia afectando á totalidade da poboación, o que está a pasar na comarca de Monforte tamén ocorre na Mariña e na zoa centro da provincia. En concellos como Viveiro, Mondoñedo, Vilalba, Castro de Rei, Sarria e un longo etc.

A Xunta de Galicia no pode quedar á espera de que o gran traballo que fan os profesionais sexa o garante dunha asistencia de calidade.

Por todo isto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que medidas ten previsto a Xunta de Galicia para paliar a falla de facultativos pediátricos en Monforte e no resto da provincia?

Santiago de Compostela, 3 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 03/09/2024 17:59:28

Elena Espinosa Mangana na data 03/09/2024 17:59:36

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34457

@PSdeG



CSV: B6P1S1R0G5Z510W1m1N5v2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 03/09/2024 18:01:24
Nº Rexistro: 10393
Data envío: 03/09/2024 18:01:24.067

Silvia Longueira Castro na data 03/09/2024 17:59:44

CSV: B6P5TRB9G5Z10U0mN5v2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34458

@PSdeG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Mercedes Queixas Zas e Paulo Ríos Santomé, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o servizo de transporte metropolitano por autobús na comarca da Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza modificou, o pasado 22 de xuño, as liñas de autobús que comunican o concello da Coruña cos de Sada e Oleiros. Esta reorganización, e as súas posteriores modificacións, están a pór de manifesto os serios problemas deste servizo de transporte público por autobús na comarca da Coruña.

Por unha banda, nas sucesivas reorganizacións o Goberno Galego afirma que adaptou o servizo á realidade e ás necesidades das persoas usuarias, aínda que as queixas das usuarias e dos dous concellos afectados non fan máis que insistir en que non só non é así, senón que o servizo é peor que antes do día 22 de xuño. A cantidade de servizos directos nas liñas que comunican Sada e A Coruña a través de Lorbé continúa a ser inferior ao 22 de xuño, ademais dos tempos entre autobuses, que chegan a ser de 3 horas e media polas mañás durante a semana, sen ningún tipo de conexión pola estrada da costa, deixando o servizo nunha situación grave de precariedade, perdendo totalmente a utilidade.

A introdución dunha conexión por medio das denominadas “lanzadeiras” supón un serio problema, tanto polas demoras que supón (dun tempo mínimo de media hora entre un autobús e outro) como para as persoas con mobilidade reducida. Este





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

transbordo lévase a cabo nunha zona non prevista nin preparada para tal fin, onde as persoas usuarias deben atravesar a pé a estrada e non dispoñen de ningún servizo nin pasos de peóns para facer estes cruces na urbanización da Valexa, supoñendo ademais molestias para os veciños e veciñas da zona.

Ademais, o cómputo total de conexións entre Sada, Oleiros e A Coruña segue a ser inferior ao que existía o 22 de xuño, tal e como indican as persoas usuarias e os concellos de Sada e Oleiros. Deste xeito, non podemos falar en ningún caso de melloras do servizo.

Nas últimas semanas, ademais, os usuarios e usuarias do autobús de toda a comarca están a facer públicas queixas de todo tipo en relación con irregularidades de frecuencias, horarios e mesmo da saturación do propio servizo, xa que son moitas as ocasións nas que os condutores e condutoras deixan persoas fóra do autobús, sen información de ningún tipo. Os usuarios e usuarias deben poder coñecer as modificacións do servizo en tempo e forma, e estes servizos deben estar adaptados aos horarios de máis uso.

En canto á información sobre o servizo, a que existe está totalmente anticuada e practicamente é inexistente. O goberno galego debería obrigar as empresas concesionarias a dispor dun servizo de información adaptado ás posibilidades tecnolóxicas actuais, introducindo, de xeito progresivo e realista, paneis informativos sobre horarios (que permita coñecer se se produce algún atraso) e aplicacións para telefonía móbil que faciliten tamén información actualizada.

Ademais, en moitas ocasións, os traxectos resultan perigosos pola gran cantidade de persoas que deben viaxar de pé varios quilómetros, en autobuses máis axeitados para traxectos urbanos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O comezo do curso escolar e as obras na Avenida de Afonso Molina, na Coruña, non farán máis ca dificultar o tránsito e, polo tanto, o transporte, polo que urxe levar a cabo unha reestruturación seria e respectuosa coas necesidades reais do servizo (e non das empresas concesionarias).

Ademais das incidencias detectadas nas liñas que comunican Sada e Oleiros coa Coruña, indicamos algúns exemplos de asuntos urxentes que deterioran a calidade do servizo do transporte metropolitano na Comarca da Coruña que deben ser revisados:

- a comunicación entre o concello de Carral e o da Coruña fana dúas compañías diferentes, mais os horarios non están coordinados, polo que os tempos dos servizos non resultan útiles para as persoas usuarias.

- neste mesmo concello de Carral, carecen de servizos suficientes durante a fin de semana.

- os horarios dos primeiros e dos últimos autobuses do día son insuficientes para atender a demanda dos usuarios e usuarias.

- non se aumentan os horarios e frecuencias das liñas máis utilizadas, polo que moitos usuarios e usuarias fican nas paradas, cos autobuses ateigados. Isto prodúcese principalmente en horas punta, polo que parece fácil prever o problema e establecer unha solución.

- a anterior é unha das queixas máis habituais das persoas usuarias, ademais da falta de información e de continuidade nos horarios, que dificulta que este transporte poida ser utilizado de xeito rutineiro polos usuarios e usuarias.

- en zonas bastante poboadas de Oleiros, como nas inmediacións da urbanización dos Regos, as frecuencias son insuficientes para cubrir a demanda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O goberno galego debería velar pola utilidade do transporte público, tanto pola mellora da mobilidade nunha das comarcas máis poboadas do país, e con serios problemas de desprazamentos entre a cidade da Coruña e o resto de localidades, nomeadamente por motivos laborais e formativos, como pola obvia cuestión ambiental. O número actual de desprazamentos en vehículo privado non deixa de aumentar, e un servizo público de transporte que resulta claramente deficiente non cumpre co seu deber de desincentivar a utilización do vehículo particular, para o que tamén cómpre ter en conta os horarios e espazos de lecer, tanto puntuais como habituais.

Ademais das melloras urxentes no servizo de transporte por autobús, sería preciso estudar outras posíbeis solucións para a saturada mobilidade da comarca da Coruña, como o transporte marítimo na ría ou o ferroviario. Na resposta do goberno galego á pregunta con resposta escrita número 888, con número de rexistro 6352, indica “a comarca adoece duns servizos ferroviarios deficientes nas conexións da Coruña con Ferrol e Lugo, que impiden que o tren poida ser unha alternativa de mobilidade real na área da Coruña. A Xunta de Galicia reclama que o Goberno central, no ámbito das súas competencias, asuma o compromiso e concrete unha planificación para establecer servizos ferroviarios axeitados ás necesidades dos usuarios”, polo que sería preciso concretar de que xeito vai encamiñar esa reclamación a Xunta de Galiza ao Goberno central.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Ten previsto o goberno galego atender as demandas dos concellos da comarca da Coruña e das usuarias e usuarios do autobús metropolitano no que se refire ás graves eivas deste servizo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 3 de setembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Mercedes Queixas Zas

Paulo Ríos Santomé

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iria Taibo Corsanego na data 03/09/2024 17:58:27

Mercedes Queixas Zas na data 03/09/2024 17:58:50

Paulo Ríos Santomé na data 03/09/2024 17:58:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Montserrat Valcárcel Armesto e Luis Bará Torres, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral Pleno**, sobre a falla de compromiso por parte do IGVS no emprego de madeira estrutural”.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No debate do estado da nación de 2023, o presidente da Xunta anunciaba que os edificio que constrúise a Administración autonómica empregarían unha porcentaxe mínima de madeira. Unhas declaracións baleiras que o grupo popular non quixo materializaron en ningún compromiso concreto.

Precisamente no marco dese debate dende o Bloque Nacionalista Galego trasladamos unha proposta que pretendía transformar as boas palabras en feitos concretos. En concreto o texto proposto era o seguinte:

“O Parlamento de Galicia insta a Xunta a comprometerse coa construción estrutural en madeira en canda menos o 20% das novas licitacións públicas e a incluír criterios de sustentabilidade e de redución da pegada de carbono das construcións nos pregos de contratación. Así mesmo comprométese a impulsar unha rede que conecte axentes do sector e promova o intercambio de coñecemento, e a avanzar unha normativa que dea cobertura ao uso da madeira estrutural. Igualmente, no ámbito arquitectónico, impulsará un Plan de investigación e innovación da Vindeira Arquitectura Galega en colaboración coa universidade e o COAG que teña, entre





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outros obxectivos, a innovación de solucións construtivas en madeira, a dixitalización e a industrialización dos procesos construtivos."

Porén o PP rexeitou esta proposta e aprobou, coa abstención do noso grupo, a seguinte resolución: *"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a fomentar a construción estrutural en madeira -nunha porcentaxe mínima - en edificacións impulsadas polo goberno galego."*

Resulta evidente que as declaracións do presidente do goberno non contiñan un compromiso serio co sector monte industria, quen nesas datas e no contexto do foro Piñeiros, reiteraban a súa demanda á Xunta dunha esixencia mínima dun 20% de madeira nas licitacións públicas.

Posteriormente foi aprobada por unanimidade no Parlamento Galego unha iniciativa do grupo popular coa seguinte parte resolutiva: *"O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a impulsar unha guía que recolla a obrigatoriedade da construción de edificios do Goberno galego incluíndo a madeira para usos estruturais cando menos nun 20% das novas licitacións públicas"*. Unha iniciativa que vai no bo camiño, pero que sigue adocendo da falla de mecanismos concretos para facer con que se cumpran esas porcentaxes mínimas.

O pasado novembro dende XERA publicouse a *Guía para o fomento da madeira na contratación pública de edificacións sostibles*. Esta guía analiza, primeiro, o desenvolvemento normativo noutros países e establece unha serie de consellos sobre a súa aplicación na contratación pública. Porén novamente esta iniciativa non pasa de ser unha mera recomendación, que parece nin ter transcendencia na propia Xunta de Galiza.

Nos últimos meses veñen licitándose diversas promocións de vivenda pública dende o IGVS sen que pareza que se estean a ter en conta nin os anuncios de Rueda, nin as guías publicadas. Para alén disto, o IGVS tamén ten capacidade de influír sobre o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sector privado a través do establecemento de criterios para a promoción do uso da madeira na vivenda de protección autonómica.

Por todo isto, dende o Bloque Nacionalista Galego volvemos a insistir na necesidade dun compromiso real que pase por regular as esixencias mínimas de presenza de madeira. Ademais para o desenvolvemento dunha cultura da construción en madeira a Xunta ten a capacidade de apoiar unha maior investigación e difusión da mesma.

Por todo o exposto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Por que o IGVS non está promovendo o uso de madeira estrutural?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Montserrat Valcárcel Armesto

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 08:49:24

Montserrat Valcárcel Armesto na data 04/09/2024 08:49:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 04/09/2024 08:50:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Xosé Manuel Golpe Acuña e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre medidas que debe tomar a Xunta de Galiza en relación co *Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do estado prevé o impulso de medidas e a mobilización de fondos europeos para abordar transformación estruturais. Entre elas, o impulso da mellora da eficiencia enerxética, e máis concretamente, actuacións de rehabilitación e mellora do parque construído. A compoñente 2 deste instrumento márcase como obxectivo adecuar o parque edificado para mellorar a súa cualificación enerxética. Nesa liña o goberno do Estado aprobou o Real Decreto 853/2021, de 5 outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Este real decreto articula e regula, entre outros, o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas.

Este programa está orientado a financiar actuacións que logren unha redución de polo menos o 7% da demanda enerxética de calefacción e refrixeración, o seu consumo nun 30% ou a substitución de elementos construtivos da envolvente térmica.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A este programa poden acollerse todos os propietarios, usufrutuarios ou arrendadores para a súa vivenda permanente e habitual. Por tanto a Xunta tiña unha previsión de que o número de potenciais beneficiarios podía resultar elevada.

Mediante a *RESOLUCIÓN do 1 de xuño de 2023 pola que se convoca o Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivendas no marco do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU, para o ano 2023, con carácter plurianual*, o IGVS realizou a convocatoria para a anualidade 2023. O prazo de presentación de solicitudes estivo aberto dende o 16 de xuño até o 2 de outubro dese mesmo ano.

Concluída a anualidade este grupo solicita unha avaliación da execución do programa e do seu impacto e esixe unha maior dilixencia na convocatoria e tramitación destas axudas.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza en relación co *Programa de axuda ás actuacións de mellora da eficiencia enerxética en vivenda?*

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Xosé Manuel Golpe Acuña

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 08:54:53

José Manuel Golpe Acuña na data 04/09/2024 08:55:13

Luis Bará Torres na data 04/09/2024 08:55:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de que o goberno galego presente o informe de seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio ao Parlamento.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza gobernada polo PP asumiu a determinación de acabar coa planificación do territorio de Galiza. Con esa finalidade, despregaron un ataque lexislativo que busca permitir unha política de espolio e especulación sobre o territorio, que tivo como cima a aprobación dunha nova Lei de Ordenación do Territorio que se abre á total desregulación e que favorece a arbitrariedade nos usos do solo. A última proba deste ataque é o feito de que o novo executivo, por primeira vez na historia do noso país, non vaia a contar cunha consellería de planificación territorial. Tal é o desleixo que nin tan sequera haberá unha dirección xeral encargada deste asunto capital.

Agora, seguindo con esa política de erradicación da planificación territorial, o goberno está dificultando a aplicación e seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio. Unhas DOT que xa naceron con serias deficiencias en cuanto á súa concreción e utilidade e que agora sofren unha nova erosión pola falta de seguimento.

Na anterior Lei de ordenación do territorio de Galicia do ano 1995, se establecía no seu artigo 10 que, por Decreto do Consello da Xunta de Galicia se determinara o procedemento de seguimento e posta ao día dos obxectivos e determinacións das Directrices de ordenación do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Igualmente, a determinación 10.1.19 das DOT establece que:

"A Xunta de Galicia impulsará un sistema de seguimento da sustentabilidade territorial e das DOT atendendo ás orientacións recollidas no Informe de sustentabilidade ambiental e ás determinacións da Memoria ambiental emitida polo órgano ambiental do procedemento de AAE e co obxectivo de emprender unha xestión dinámica do territorio. Este sistema de seguimento deberá ser aprobado por Decreto do Consello da Xunta"

Así, a través do DECRETO 176/2013, do 21 de novembro, polo que se aproba o Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial regúlase no seu punto 4 a entrega dunha memoria para o Parlamento:

"Unha vez que entre en vigor, o decreto polo que se regula o procedemento de seguimento dos obxectivos e determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia, e con carácter anual, remitirase ao Parlamento a memoria prevista no artigo 11 da Lei 10/1995. Esta memoria será elaborada polo Instituto de Estudos do Territorio que, antes da súa remisión ao Parlamento, dará conta á Comisión de Seguimento das DOT creada polo Decreto 156/2012, do 12 de xullo.

Basearase no informe de seguimento e incluírá a relación, definición e resultados dos sistemas de indicadores e das demais ferramentas empregadas no Plan de seguimento das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e da sustentabilidade territorial de Galicia.

Ademais, conterá unha introdución ou referencia aos antecedentes, obxectivos e metodoloxía, e un epígrafe final que condensará, de xeito resumido, as conclusións extraíbles dos resultados obtidos, así como dos procesos de traballo e os de divulgación implementados."





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En cumprimento deste DECRETO entre os anos 2014 e 2020 presentouse de forma anual o correspondente informe de seguimento. Porén a partir desa data o goberno quixo pór fin a este seguimento anual. Aproveitando a nova Lei de Ordenación do Territorio, que entrou en vigor a inicios de 2021, introduciron unha modificación que dilata os prazos, erosionando así a calidade do seguimento e limitando o control público e dos grupos da oposición. A pesar das emendas rexistradas polo noso grupo para manter o seguimento anual das DOT, o grupo maioritario da cámara rexeitounas.

De forma que o texto finalmente aprobado establece no seu artigo 28, sobre o control parlamentario das DOT, o seguinte:

1. Determinarase por decreto do Consello da Xunta de Galicia o procedemento que regule o seguimento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia e o seguimento dos efectos sobre o medio ambiente da aplicación ou execución das devanditas directrices.

2. A Administración autonómica remitiralle ao Parlamento de Galicia, cada tres anos, unha memoria de seguimento do grao de desenvolvemento dos obxectivos e das determinacións das Directrices de ordenación do territorio de Galicia.

Pasados tres anos dende a aprobación da Lei non se ten aprobado un novo decreto sobre o procedemento de seguimento nin tampouco se ten remitido ningún informe á Cámara galega. Tendo en conta que o último informe presentado foi do ano 2020 e estamos xa no 2024, por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

- Cando vai o goberno galego presentar o informe de seguimento das DOT?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 09:01:17

Luis Bará Torres na data 04/09/2024 09:01:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de relanzar a Lei de arquitectura de Galiza abrindo un proceso participativo que solvente as eivas do anteproxecto paralizado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao longo da anterior lexislatura a Xunta anunciou en numerosas ocasións que aprobaría durante a mesma unha Lei de Arquitectura de Galiza. Pero a realidade é que abriu prazo de consulta en decembro de 2020 e dende entón o goberno foi incapaz ou non tivo a vontade de aprobala. A pesar de que aseguraron que estaría lista no 2021, estamos no 2024 e a citada lei continúa metida nun caixón.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que esta lei podería ser unha oportunidade para mellorar a profesión e para garantir o dereito a unha arquitectura e a un entorno construído de calidade. Porén o anteproxecto presentado non apunta neste sentido e ten eivas de raíz que deberan ser subsanadas, entre as que destacan a falla de participación para a elaboración da lei, a indefinición nas medidas e compromisos concretos que derivarían da lei e unha evidente falla de perspectiva social.

En xeral este é un texto que adoece de indefinición e que foi concibido máis como unha exposición de motivos do que un texto con vontade de intervir e regular. Hai pouca concreción práctica e os seus artigos poden converterse apenas en suxestións sen ningún percorrido.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como exemplo da falla de concreción, pódese comprobar como o anteproxecto de lei presentado xira ao redor do concepto de calidade da arquitectura, pero que esta é unha noción que non se acaba de definir no texto, que resulta abstracta e que remata por reincidir no marco maniqueo da actual Xunta ao redor do Feísmo Vs Fermosismo. Un marco que carga a responsabilidade da paisaxe construída sobre a autopromoción, pero que exime de responsabilidade ás administracións públicas na súa tarefa de planificación e ordenación territorial e das súas propias actuacións. Este marco conceptual non se corresponde co que dende os foros académicos e profesionais se vén sostendo. Con seguridade, se a Xunta de Galiza tivera realizado un proceso de escoita e participación aberta para a elaboración deste proxecto, tería percibido que é unha reflexión compartida e estendida nestes foros, que unha estratexia de ordenación territorial sería, non pode reducirse a un debate sobre o gusto ou o visual.

Esta lei debера ser unha oportunidade para concretar a convicción da arquitectura e o urbanismo como dereito. Porque non se trata só de difundir máis a arquitectura, senón tamén do dereito a habitar espazos construídos significativos. A profundización nestes dereitos esixe de reforzar os recursos públicos que teñan como obxecto a calidade urbanística e arquitectónica, comezando por reverter o proceso de externalización de funcións de planificación e proxectos da propia Xunta. Tamén mellorado o fomento da investigación arquitectónica e urbana con máis recursos e mediante a articulación dunha rede sociocultural. Unha lei de arquitectura contemporánea e útil ten que ser máis do que unha posta en valor de obras seleccionadas e establecer ferramentas e medios que permitan a reflexión e a busca de respostas aos tempos actuais e os seus principais retos.

Tamén é criticable a falla de referencias á realidade construída en Galiza. O anteproxecto de lei falla na definición e concreción da singularidade do territorio e da arquitectura galega. Aquí referímonos tanto á arquitectura tradicional como tamén ao desenvolvemento urbano singular, ás formas de desenvolvemento da ocupación,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

infraestrutural ou de usos propias do noso país. En xeral falla o diagnóstico da Galiza contemporánea e da súa sociedade actual.

Unha lei de arquitectura non pode esquecer a quen traballa para facela posible e os seus dereitos. O texto podería marcar un rumbo sobre a necesidade de mellora das condicións laborais, de remuneracións xusta ou do recoñecemento da autoría que vive a profesión tras un proceso de degradación das condicións, especialmente logo da crise de 2008.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza relanzar a Lei de arquitectura de Galiza abrindo un proceso participativo que busque resolver as eivas do anteproxecto paralizado?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 09:06:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 04/09/2024 09:06:55





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o desenvolvemento e xestión do *Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio*.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia do estado prevé o impulso de medidas e a mobilización de fondos europeos para abordar transformación estruturais. Entre elas, o impulso da mellora da eficiencia enerxética, e máis concretamente, actuacións de rehabilitación e mellora do parque construído. A compoñente 2 deste instrumento márcase como obxectivo adecuar o parque edificado para mellorar a súa cualificación enerxética. Nesa liña o goberno do Estado aprobou o Real Decreto 853/2021, de 5 outubro, polo que se regulan os programas de axuda en materia de rehabilitación residencial e vivenda social do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. Este real decreto articula e regula entre outros o Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio.

O obxecto deste programa é a realización conxunta de obras de rehabilitación en edificios de uso predominante residencial e vivendas, incluídas as vivendas unifamiliares, e de urbanización ou reurbanización de espazos públicos dentro de ámbitos de actuación denominados contornos residenciais de rehabilitación programada (ERRP) previamente delimitados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Xunta de Galiza notificou ao Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana a aceptación da transferencia de crédito para este programas e asume, en tanto que Administración competente na materia, a xestión das mesmas. Mediante a *RESOLUCIÓN do 8 de xullo de 2022 pola que se regula o procedemento para participar no Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio do Plan de recuperación, transformación e resiliencia, financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU e se abre o prazo de participación para a anualidade 2022 (código de procedemento VI406H)*, regula o procedemento a través do cal os concellos interesados poidan participar neste programa.

Esta resolución foi posteriormente modificada para corrixir os criterios de vulnerabilidade económica publicados na anterior resolución. Neste sentido, resulta rechamante que a resolución fose corrixida o 6 de febreiro de 2023, cando o prazo para a presentación de solicitudes abriuse o 20 de xullo de 2022 e finalizou o 19 de outubro de 2022.

A resolución da Xunta establece que son os concellos quen debe presentar a solicitude inicial ao IGVS e, posteriormente, este organismo examinará as solicitudes admitidas e realizará unha proposta de reparto da financiación entre os concellos. Só despois desta decisión, o concello pasa a ser a entidade xestora do programa. Por tanto o IGVS resérvase a capacidade para a selección e reparto de fondos, sen que se teñan feito públicos baixo que criterios.

Para alén desta modalidade de cooperación entre Administracións, o real decreto estatal tamén prevé a posibilidade de que sexa a propia CCAA a que impulse un ERRP en varios concellos, tendo que acreditar apenas a conformidade dos concellos afectados. En todo caso as propostas do executivo galego deberán ser remitidas ao Ministerio e lograr o acordo a través da comisión bilateral de seguimento.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tendo en conta que os prazos para o proceso de adxudicación das axudas e execución das melloras son cada vez máis reducido, formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cales foron os criterios e baremos empregados polo IGVS na selección de proxectos e no reparto de fondos entre os concellos do *Programa de axuda ás actuacións de rehabilitación a nivel de barrio*?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 09:12:12

Luis Bará Torres na data 04/09/2024 09:12:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de impulsar unha investigación rigorosa sobre o estado de conservación do ámbito da Enseada de San Simón incluída na Rede Natura 2000.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Enseada de San Simón está considerado como un espazo de extraordinario valor ecosistémico. De aí que este ámbito fose declarado Rede Natura 2000 e Zona Especial de Conservación (ZEC). Esta figura protexe 2.252 hectáreas entre os concellos de Redondela, Soutomaior, Pontevedra, Vilaboa, Moaña, e contén 18 tipos de hábitats naturais diferentes e 83 especies de flora e fauna, incluídos na Directiva Europea 92/43/CEE relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres.

Ademais no ano 2004 foi declarado como Lugar de Importancia Comunitaria pola Comisión do 7 de decembro de 2004, pola que se aproba a lista de lugares de importancia comunitaria da rexión bioxeográfica atlántica.

A pesar de contar con estas figuras de protección, este espazo segue sufrindo numerosas agresións ambientais que danan e comprometen os seus valores. A aplicación deficiente destes instrumentos por parte das Administracións competentes, fai con que non se cumpran cos seus obxectivos, que son o de lograr deter a perda de biodiversidade e a supervivencia a longo prazo deste hábitat tan singular e das súas especies.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha das cuestións fundamentais que está a afectar a este espazo é todo o relativo ás transformacións artificiais do sistema costeiro, que foron modificando paulatinamente as súas dinámicas naturais e, por tanto, os condicionantes ambientais que conformaban e sostiñan este ecosistema.

Por exemplo, os aterros no Estreito de Rande dificultan a renovación das augas da Enseada e modifican a súa composición, xa que incrementa a salinidade; altera as correntes mariñas, menoscabando a achega dos nutrientes da plataforma continental; e altera a súa distribución ao longo da Enseada. Todo isto provoca que cada vez haxa menos especies.

En xeral, os diversos recheos ao longo de todo o litoral da enseada, para gañar espazo ao mar, teñen un grave impacto sobre múltiples factores. Primeiro, sobre a composición dos fondos mariños, xa que parte dos seus elementos contaminantes depositados nos fangos mariños voltan liberarse cando son removidos. Segundo, os aterros tamén modificaron a liña de costa provocando importantes mudanzas nas correntes mariñas e a alteración da dinámica sedimentolóxica, é dicir, os sedimentos desaparecen dalgúns zonas e acumúlanse noutras novas. Terceiro, todos estes cambios afectan ás dinámicas de renovación das augas, que sumado ao fondo lamarcento, fai que a Enseada se “hiperfertilice” favorecendo desequilibrios ecosistémicos.

Algunhas destas accións invasivas constitúen as espigóns, os portos deportivos e a ocupación indiscriminada de lámina de auga para a instalación de pantaláns flotantes. Esta situación obriga a revisar os documentos planificadores das distintas administracións competentes (Autoridade Portuaria, Portos de Galiza, etc) para tender a un uso racional e sustentábel, en defensa da biodiversidade e da riqueza natural e económica da Enseada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ademais de todo isto, existe unha agresión química, que ten que ver con todo tipo de verteduras que rematan na Ría. En xeral, a industrialización da ría ten disparado a concentración de sustancias potencialmente tóxicas. Nunha investigación da Universidade de Vigo sobre os sedimentos que circundan a illa de San Simón alertábase do incremento preocupante de sustancias como chumbo, arsénico, cromo, cobre, cadmio ou zinc. A artificialización de toda a bacía tamén condiciona un maior arrastre de áridos e cinzas por erosión que acaban impactando na Enseada.

Para alén desta situación xeral, seguen existindo situacións particulares que deberían estar xa completamente erradicadas. Mais na realidade vemos como as distintas figuras de protección coas que conta a enseada non foron efectivas para, por exemplo, avanzar na creación dunha rede separada de pluviais e residuais, ou nunha mellor xestión dos encoros que impactan na composición das augas. Nin tan sequera foron funcionais para rematar con algunhas verteduras, como as que de forma reiterada realizan empresas como AUCOSA, que en lugar de ser sancionadas pola Xunta son protexidas e amparadas.

Por último, o cambio climático é un novo factor que está impactando xa na biodiversidade da enseada, afectando os bosques de algas, esenciais como alimento e refuxio de moitas especies.

En conclusión, os grandes valores ambientais da enseada están en risco por unha suma de múltiples factores ante os que non se están pondo medidas, instrumentos nin recursos que permitan a súa preservación. Esta realidade complexa esixe, en primeiro lugar, de contar cun diagnóstico pormenorizado e realizado por investigadores e profesioanais, para despois implementar as medidas axeitadas.

As respostas deben ser áxiles, pois ademáis de estar en risco a biodiversidade da enseada, tamén están en risco a actividade económica ligada ao mar. A crise de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

produtividade das rías supuxo para o sector do marisqueo a pé da confraría de Cesantes a redución do 42% dos postos de traballo en apenas unha década.

Está en xogo o futuro ambiental, económico e social da enseada e da súa contorna.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre o estado do espazo Rede Natura 2000 Enseada de San Simón?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 09:19:40

Paulo Ríos Santomé na data 04/09/2024 09:19:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 04/09/2024 09:20:03





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o desmantelamento da Atención Primaria no Centro de Saúde de Teis en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego do PP leva anos desmantelando a rede da Atención Primaria con políticas estruturais orientadas a recortar o sistema público en favor do sistema privado. Nesa liña, nos últimos 15 anos o goberno non realizou unha correcta planificación e previsión do cadro de persoal do sistema público, coa finalidade de que, progresivamente, esta entrase nunha situación crítica. A responsabilidade da Xunta era a de planificar e organizar correctamente a anos vista, cunha visión a longo prazo e estratéxica, a renovación de profesionais que debían xubilarse. Porén a súa pasividade deliberada e a degradación da formación e das condicións de traballo destes profesionais están pondo en risco o sistema de saúde público.

En particular, no centro de saúde de Teis en Vigo estanse a ver as consecuencias dramáticas destas políticas do goberno do PP. Dunha plantilla de 18 médicos de familia, neste momento hai 6 prazas que non están cubertas. En concreto faltan 5 médicos de cabeceira pola tarde e 1 de mañá. É sinxelo deducir que a situación ás tardes é moi grave. De nove médicos cos que debería contar este centro de saúde no turno de tarde, neste momento os veciños denuncian que apenas hai catro.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación lonxe de solventarse parece que vai ir a peor. A Xunta de Galiza vén advertindo de que durante o período estival poden chegar a pechar centros de saúde. A receita da Xunta ante este problema estrutural non son as solucións, senón o de tratar de convencer á sociedade de que apenas podemos optar á resignación.

Os veciños e veciñas de Teis non se resignan e reclaman o seu dereito a ter unha asistencia sanitaria pública, áxil e de calidade. Levan xa máis de seis meses denunciando a falla de persoal neste centro e o pasado 24 de maio centos de veciños saíron á rúa para reclamar médicos. Esta situación é ben coñecida pola propia Consellería de Sanidade, xa que a veciñanza fixo reiteradas accións e escritos de denuncia.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai a Xunta de Galiza a solventar a falla de médicos de familia no centro de saúde de Teis?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 09:24:48

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/09/2024 09:25:01

Carmela González Iglesias na data 04/09/2024 09:25:11

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2024 09:25:21





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a valoración por parte do goberno galego da evolución da violencia machista e dos feminicidios en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A violencia machista é un problema de primeira orde para a sociedade galega e que se manifesta de múltiples formas e polo tanto debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos, asegurar o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista e mellorar os recursos activos. Máis aínda, nun contexto de evidentes retrocesos no discurso político e institucional, co avance das posicións negacionistas, e nun contexto de avance da manoseira, que constitúen unha enorme ameaza para a vida das mulleres e para a calidade democrática.

Cómpre recordar que desde o ano 2003 son máis de 70 as mulleres que foron asasinadas na Galiza e no que vai de ano Galiza xa tivo que responder e lamentar, de forma oficial, o asasinato en marzo de Andrea Yturry Alave, veciña de Ribeira de 25 anos, e de Mercedes Ríos Muñiz, de 74 anos, veciña da Coruña. Todo isto tendo en conta a existencia de casos en vías de investigación e a existencia aínda de prexuízos e limitacións na aplicación da definición de violencia machista que fan que moitos casos, especialmente de mulleres en situación de prostitución ou vulnerabilidade, tarden en computar ou non cheguen a ser tidos en conta como asasinatos machistas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Así mesmo, recentemente coñeciamos as informacións estatísticas do Ministerio respecto da violencia sexual, unha das formas de violencia machista, e son tamén a punta do iceberg dunha violencia estrutural e profunda pois estímase que só se denuncia arredor dun 20% destas agresións. Así, o informe do Ministerio do Interior sobre delitos contra a liberdade sexual serve para ser conscientes do seu impacto. En Galiza, no 2023, houbo un total de 924 de delitos coñecidos rexistrados, 205 máis que no 2022, un aumento do 22%.

Estes e outros datos, estatísticos ou cualitativos, reafirman a necesidade de avaliar como funcionan os nosos mecanismos de prevención, sensibilización, intervención e apoio de cara a os mellorar e ampliar.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego da evolución dos datos de violencia machista no que vai de 2024?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2024 09:48:14

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2024 09:48:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que debe pór en marcha a Xunta para evitar o colapso dos centros de saúde de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza leva anos dismantelando a rede da Atención Primaria con políticas estruturais orientadas a recortar o sistema público en favor do sistema privado. Nesa liña, nos últimos 15 anos o goberno non realizou unha correcta planificación e previsión do cadro de persoal do sistema público, coa finalidade de que, progresivamente, esta entrase nunha situación crítica. A responsabilidade da Xunta era a de planificar e organizar correctamente a anos vista, cunha visión a longo prazo e estratéxica, a renovación de profesionais que debían xubilarse.

Esta planificación debía abarcar dende a fase formativa até a consolidación das prazas, considerando cuestións como a calidade do emprego e da formación. Que a Xunta non fixo os seus deberes e que non pon solucións é xa unha evidencia. Na última convocatoria de formación MIR, na especialidade de médico de familia quedaron sen cubrir 63 prazas, 1 de cada 3 ofertadas, un 60% máis que o ano anterior. Isto é un síntoma claro, ademais, de rexeitamento ao empeoramento das condicións de traballo destes profesionais e a unha formación cada vez máis deficitaria por falla de títolos e de tempo para ofrecerlles un adecuado acompañamento e motivación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tras todos estes anos de recortes e dun proceso silencioso de desmantelamento, xa son unha realidade as listas de esperas de varias semanas para acudir ao médico de cabeceira. Os galegos e galegas estamos a sufrir unha grave perda dos nosos dereitos a unha sanidade pública, universal, gratuíta e de calidade. A atención primaria, na que se resolven entre o 80% e o 90% dos procesos de saúde, está colapsada e, por tanto, perdendo a súa característica fundamental que é a de ser a primeira porta de entrada ao sistema de saúde. A accesibilidade e a calidade do sistema público están gravemente danadas.

Neste contexto xeral, a situación da Atención Primaria na cidade de Vigo non é mellor. Ao contrario, a área sanitaria de Vigo vén sendo o laboratorio de probas do desmantelamento da rede sanitaria que afecta tanto a nivel hospitalario como nos centros de saúde. Na cidade de Vigo é xa habitual atopar listas de espera para unha cita no médico de familia ou incluso para unha receita de máis de 15 días. Tamén resultan habituais situacións en que directamente nin se lles ofrece a posibilidade dunha cita porque “non hai axenda”, polo que os usuarios deben ir ao centro de saúde ou ao PAC e intentar buscarse algunha solución.

A situación parece que aínda se vai agravar máis no período estival. A estas alturas aínda non existe de forma oficial unha previsión de cara ao verán. Mais de forma oficiosa a Consellería de Sanidade vén filtrando algunha información que apunta a que se vai vivir unha situación crítica. Segundo algunhas informacións publicadas “os centros de saúde da área sanitaria de Vigo enfróntanse ao seu peor verán”. Ante a falla de solucións estruturais á falla de profesionais a Xunta semella que vai optar polo peche de centros de saúde durante este meses. En concreto fálase do peche no horario de tarde nalgúns centros ou incluso a posibilidade de que só atendan urxencias. Iso suporía o aprazamento de citas que se programa para revisións de pacientes crónicos para despois de verán.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A situación que se vai dar non é froito dun feito excepcional porque a Xunta de Galiza coñecía perfectamente de antemán cal era ía a ser a situación estival. Mais a Xunta de Galiza enfronta o verán cun cadro de persoal que xa están ao límite no resto do ano. O problema non é puntual senón estrutural.

Por tanto, ou hai un cambio de rumbo nas políticas do goberno ao respecto da planificación da atención primaria ou camiñamos cara un colapso total da atención primaria..

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer o goberno galego para garantir a calidade e a axilidade na atención sanitaria en todos os centros de saúde de Vigo?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Montserrat Prado Cores

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 09:59:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/09/2024 09:59:18

Carmela González Iglesias na data 04/09/2024 09:59:34

María Montserrat Prado Cores na data 04/09/2024 09:59:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Iago Suárez Fernández, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a pésima tramitación do Programa bono alugueiro mocidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Observatorio de Emancipación del Consejo de la Juventud de España sinala no seu último informe que a taxa de emancipación entre 16 e 29 anos en Galiza baixou 1,2 puntos porcentuais nun ano, situándose no 15,3%. Esta evolución negativa contrasta coa leve melloría na media do conxunto do Estado, que mellora nun punto a media galega. Estes malos datos evidencian as pésimas políticas públicas por parte da Xunta en materia de vivenda e da falla de preocupación ante este drama social.

Hai múltiples causas que condicionan as dificultades de acceso á vivenda da mocidade, como son a precariedade laboral ou o incremento de prezos do mercado da vivenda. Cuestións, todas elas, ante as que o executivo galego non está a pór medidas que faciliten a emancipación da xente moza.

Ao contrario, a Xunta non ten impulsado ningún programa específico que permita aos mozos e mozas lograr unha vivenda a prezos accesibles. Nin a través de axudas específicas, nin a través dunha bolsa de vivenda pública, ou a prezos limitados, suficientes.

A única medida que existe neste momento é o Programa bono alugueiro mocidade impulsado dende o Goberno. Un programa con recursos insuficientes para chegar a todos os posibles receptores anunciados. Ante isto nin a Xunta de Galiza nin o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

gobierno central amplían a súa aportación. Tampouco o goberno galego establece outras liñas de axuda propias, como si teñen outras CCAA.

En conclusión, en materia de emancipación o goberno de Rueda actúa apenas como unha oficina de xestión e tramitación dunha medida estatal insuficiente, sen vocación de actuar máis alá e de exercer as súas competencias nesta materia. O que resulta aínda máis grave é que incluso boicotean esa política de mínimos obstaculizando a tramitación da axuda estatal.

En primeiro lugar produciuse unha demora na convocatoria das axudas en 2022. En segundo lugar, houbo unha negativa por parte do goberno galego de adecuar as bases da convocatoria das axudas á realidade dos pisos compartidos, tal e como o demandou este grupo. En terceiro lugar, volven a acumularse demoras na tramitación e notificación das axudas.

Segundo a propia convocatoria das axudas, o prazo máximo para ditar e notificar a resolución do procedemento é de 3 meses. Xa en outubro de 2022, dende o BNG advertimos que non se estaban a respectar os prazos marcados e instamos a Xunta a cumprir escrupulosamente os prazos de ditame e notificación das resolucións nas solicitudes.

Durante todo o ano 2023 a Xunta mantivo a convocatoria de 2022 aberta e non foi até xaneiro de 2024 cando a directora técnica de Fomento do IGVS certificou o esgotamento de crédito da convocatoria de 2022. Por se fose pouco o retraso, non foi até o 15 de marzo que o director xeral do IGVS, ditou as resolucións polas que se denega a subvención do Programa, unha vez transcorrido o período electoral.

De forma que son centos os mozos e mozas que veñen de recibir unha notificación en abril de 2024 dunha convocatoria de axudas do ano 2022. Non é admisible que os mozos e mozas que a solicitan, teñan que estar anos costeando do seu





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

peto o aluguer íntegro, mentres agardan con incerteza se lograrán ser un dos afortunados que recibirán a axuda, porque son miles as solicitudes que se rexeitan. Esta demora acaba por supor un boicot á propia vocación da axuda, que é dar soporte a esa persoa moza que non se emancipa porque o salario non lle alcanza para pagar unha vivenda. Se este bono chega, con sorte, anos despois deixa de ser útil para ese cometido.

Por tanto a Xunta de Galiza ten todo por facer en materia de emancipación. Ten que deixar de boicotear as axudas estatais e ten que desenvolver unha política propia de emancipación, con medidas e investimento suficiente.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a súa xestión do programa Bono alugueiro mocidade?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Iago Suárez Fernández

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 04/09/2024 10:07:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Suárez Fernández na data 04/09/2024 10:07:27





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

No ano 2009 existían en Galicia tan só dúas unidades de atención temperá que daban cobertura a 15 concellos. Na actualidade a rede de unidades de atención temperá de Galicia conta con preto de 50 centros que dan cobertura a 200 concellos galegos e que atenden problemas de desenvolvemento en nenos de 0 a 6 anos.

Isto demostra o forte impulso que o Executivo autonómico deu nos últimos anos á atención temperá, consolidando unha rede pública que hoxe está formada por preto de 50 unidades distribuídas por toda comunidade que dan cobertura ás familias de 200 concellos fronte ás tan só dúas que había en 2009.

Asemade, a Xunta seguirá ampliando esta rede de servizos de atención temperá para que cheguen a todos os puntos da comunidade.

Por todo o exposto, os deputadas e deputados asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno:

Que previsións ten a Xunta de Galicia en relación á ampliación da rede de servizos de atención temperá?

Santiago de Compostela, 4 de setembro 2024.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 04/09/2024 11:54:06

Noelia Pérez López na data 04/09/2024 11:54:18

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/09/2024 11:54:30

Nicole Grueira Fernández na data 04/09/2024 11:54:39

Víctor Baladrón Lamas na data 04/09/2024 11:54:46

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/09/2024 11:55:01

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/09/2024 11:55:13

Ethel Vázquez Mourelle na data 04/09/2024 11:55:31

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/09/2024 11:55:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)



[@GrupoPopularGal](https://www.twitter.com/GrupoPopularGal)





Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Noelia Pérez López, Nicole Grueira Fernández, Encarna Amigo Díaz, Víctor Baladrón Lamas, Dolores Hermelo Piñeiro, Argimiro Marnotes Fernández, Ethel Vázquez Mourelle e Cecilia Vázquez Suárez deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en pleno.

O pasado 12 de xullo, a conselleira de Política Social e Igualdade, Fabiola García, visitou a unidade de atención temperá de A Estrada financiada pola Xunta de Galicia. Durante a visita, recordou que a nova orde de axudas para estes centros permitirá a creación de doce novas unidades, consolidar as existentes e a ampliación do persoal.

Esta orde de axudas, aprobada polo Consello da Xunta, contará con 15,8 millóns de euros. A rede de atención temperá impulsada pola Xunta ofrece atención a nenos e nenas de 0 a 6 anos con posibles problemas de desenvolvemento e ás súas familias.

A aposta do Goberno galego por este servizo permitiu pasar de dúas unidades de atención temperá abertas no ano 2009, ás máis de 40 que existen na actualidade e que dan cobertura a máis de 200 concellos. Con esta medida se procura mellorar a calidade de vida das familias e favorecer que contén con servizos de atención preto das súas casas, sen necesidade de trasladarse á cidade.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





-Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia da rede de atención temperá dende a súa posta en funcionamento?

Santiago de Compostela, 4 de setembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 04/09/2024 12:01:02

Noelia Pérez López na data 04/09/2024 12:01:19

Nicole Grueira Fernández na data 04/09/2024 12:01:44

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/09/2024 12:01:55

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/09/2024 12:02:02

Víctor Baladrón Lamas na data 04/09/2024 12:02:12

Argimiro Marnotes Fernández na data 04/09/2024 12:02:31

Dolores Hermelo Piñeiro na data 04/09/2024 12:02:42

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Ethel Vázquez Mourelle na data 04/09/2024 12:03:01

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gpppgalicia](https://www.facebook.com/gpppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey, Elena Espinosa Mangana e Silvia Longueira Castro, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Desde que no ano 2004 se aprobou o primeiro decreto que regula os centros de información ás mulleres (CIM) en Galicia, foi moita e definitiva o labor que dende eles veñen facendo os e as profesionais en defensa da igualdade, dándolle apoio e soporte a milleiros de mulleres galegas.

É importante lembrar que pese a que a prevención, detección, tratamento e loita contra as violencias machistas, así como a atención ás mulleres vítimas son funcións prioritarias destes centros, o decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia define os CIM como “aqueles recursos de carácter permanente desde os cales se articula unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada á consecución da igualdade efectiva entre mulleres e homes.”

Temos, entón, que son moitas as funcións encomendadas a uns centros que son esenciais como servizo de apoio integral ás mulleres, en todas as súas vertentes, pero que nos últimos tempos están dedicados practicamente na súa totalidade a tarefas asistenciais con mulleres vítimas de violencias machistas ou en contextos de vulnerabilidade, tal e como se recolle nun informe recente elaborado pola Fegamp. Ademais, desde o ano 2016 os centros de información





á muller teñen encomendadas novas responsabilidades profesionais como ser un servizo de información, atención e asesoramento ao colectivo LGTB, unha función que debería ser vinculada a servizos ad hoc co fin de prestar realmente atención a un colectivo efectivamente marxinado e necesitado de políticas propias por parte do Goberno galego.

Por iso, o Grupo Socialista cre necesario iniciar unha reflexión profunda acerca das funcións dos centros de información ás mulleres, a capacidade de cumprilas, a súa estrutura técnica e de recursos humanos e o seu financiamento, entre outras cuestións. Un dos principais déficits que teñen os centros de información ás mulleres é a falla de recursos, principalmente humanos, o que provoca unha carga de traballo non asumible e en moitos casos, como denuncia a propia Asocim, unha diminución non desexada na calidade da atención. Isto débese, entre outras razóns, á inexistencia de criterios rigorosos que establezan o número e tipoloxía de profesionais que ten que existir nun CIM atendendo, por exemplo, ao número de mulleres residentes na área xeográfica que debe cubrir ese centro.

Entre as moitas tarefas que dende os CIM teñen que deixar de realizar pola excesiva carga de traballo que soportan figuran, por exemplo: a difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes; a realización de conferencias, encontros, xornadas e cursos sobre temas de especial incidencia na consecución da igualdade; actuacións de dinamización levadas a cabo por persoas expertas en xénero e igualdade cara á integración da perspectiva de xénero nas accións de entidades locais, ou o fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos.

Moitas delas poderían ser desenvolvidas por unha figura imprescindible e escasamente presente nos CIM como é a da/do axente de igualdade. Por outra banda, gran parte do traballo que realizan as persoas técnicas dos CIM é





administrativa, e o propio Decreto 130/2016 establece no seu artigo 10.2 a posibilidade de que os CIM contén con persoal de apoio ou persoal administrativo que se considere conveniente, algo que acontece en moi poucos centros.

A Xunta de Galicia subvencionou no ano 2022 un total de 84 CIM, dos que 33 son xestionados por agrupacións de concellos ou mancomunidades, resultando así que só 193 concellos dos 313 que existen contan con este servizo imprescindible. Dito doutro xeito: as mulleres de case o 40 % do territorio galego non dispoñen deste recurso. Ademais, en moitos casos, aínda nos concellos con CIM a situación para as mulleres pode resultar moi gravosa tendo en conta a dispersión xeográfica do noso país, nomeadamente nas zonas rurais, e o precario do transporte público interurbano, que dificulta o desprazamento a estes centros.

O Decreto 130/2016 establece a posibilidade de que o persoal dos CIM se desprace para facilitar o acceso a este recursos, pero dado o colapso na súa carga de traballo esta é unha tarefa imposible. Todo o anterior é produto dunha normativa laxa nalgunha esixencia e moi estrita noutras, de maneira que estes centros adolecen dunha estrutura obrigada eficaz que responda ás necesidades de todas as mulleres galegas, sen que existan diferenzas en función do territorio.

Por iso, é necesario elaborar unha estratexia, tal e como manifesta a propia Fegamp, que comece polo establecemento dun novo marco de financiamento que, ademais de incrementarse con fondos propios da Xunta de Galicia, estableza unha ratio de persoal necesario en función da poboación e do número de mulleres atendidas.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan preguntan:





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2024 12:24:40
Nº Rexistro: 10451
Data envío: 04/09/2024 12:24:40.625

Ten previsto este goberno elaborar, en colaboración coa Fegamp, unha estratexia para estender a rede de centros de información á muller (CIM) a todo o territorio galego?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 04/09/2024 12:20:04

Elena Espinosa Mangana na data 04/09/2024 12:20:13

Silvia Longueira Castro na data 04/09/2024 12:20:30

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34509

@PSdeG



CSV: BGPSIBR03H40YXpXqJn62-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ariadna Fernández González, Cristina Fernández Davila, Noa Presas Bergantiños e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a capacidade de aforro das familias galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As cifras do risco pobreza ou exclusión social no noso país acadaron en 2023 dous puntos porcentuais máis que no 2022, chegando esa situación de emerxencia ao 25,5% da poboación galega segundo a enquisa de condicións de vida do INE. Con datos recollidos na renda de 2022 o INE indica tamén, que un 19,4% dos galegos e galegas estaban nese momento en risco, de maneira que os datos empeoran dende o período anterior, deixando ver unha situación crítica para as familias do país, evidenciándose nas carencias severas de material que aumentaron en dous puntos porcentuais dende 2022 ao pasado ano, acadando o 8,2% da poboación.

A pesares de que a renda media neta anual de Galiza por persoa subiu ata os 13.147 euros no pasado exercicio, esta continúa case mil euros por debaixo da do Estado español, que medrou un 8,3 % a comparación coa nosa, cun discreto 6,4%. Os períodos vacacionais non son unha opción economicamente viable no caso do 40% das familias galegas, que non teñen capacidade para gozar nin sequera dunha semana de vacacións ao ano, así coma da incapacidade para facerlle fronte a gastos imprevistos do 29%, coa inseguridade que deriva desta situación para quen a vive a diario.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A todos os datos anteriores únese un estudo recente que desvelou, neste pasado mes de agosto, que máis de un de cada catro fogares galegos son incapaces de aforrar parte dos seus salarios, indicador que empeorou con respecto á anterior análise, sen esquecer que un 7,5% de fogares galegos vive en baixa intensidade de traballo en Galiza. O mes de setembro, co inicio do curso escolar e as actividades asociadas propias da rutina, supón un sobrecusto para as familias, que chegan a situacións económicas críticas ao afrontar o pago de libros, materiais, actividades extraescolares, roupa, etc. das súas crianzas, coa alza de prezos actual, que non está debidamente acompañada por a subida salarial.

Un ano atrás a capacidade de aforro das familias chegaba ao 75,9% da poboación mentres, segundo os datos aportados recentemente e que amosan ese empeoramento, sitúan as aforradoras nun 73%, tres puntos porcentuais menos. A cantidade dos ingresos reservada en Galiza para o seu aforro é peor que a do resto do estado, alcanzando un 16%, dous puntos menos que no exercicio anterior, o que evidencia o estado económico dos fogares galegos, dos cales recoñecen ter dificultades para chegar a fin de mes o 54,5% segundo datos do IGE do primeiro trimestre de 2024. Os gastos da cesta da compra, transporte, gas, luz ou electricidade, entre outros, son os que máis preocupan en canto a situación financeira dos fogares, que se reduciron nun 19,4% das familias no 2023, evidenciando a gravidade da situación, cambiando hábitos de consumo no 33,1% dos fogares, coma por exemplo na cesta da compra, onde os produtos de marca branca gañaron espazo.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza necesario recuperar o complemento autonómico ao bono social térmico que se suprimiu recentemente para paliar os problemas de risco de pobreza e exclusión social que sofre o 25,5% da poboación galega e que recibían unhas 82.000 familias?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: Ariadna Fernández González

Cristina Fernández Davila

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 04/09/2024 12:24:59

Cristina Fernández Davila na data 04/09/2024 12:25:03

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2024 12:25:11

Ariadna Fernández González na data 04/09/2024 12:25:19





Á MESA DO PARLAMENTO

Lara Méndez López e Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Galicia só conta con 7 municipios que superan os 50.000 habitantes, o que corresponden coas grandes cidades, 49 concellos entre 50.000 e 10.000 habitantes 57 entre 10.000 e 5.000 e os que nos chegan aos 5.000 habitantes son 200 municipios.

Dito doutro xeito 306 municipios galegos teñen menos de 50.000 habitantes, e os que non chegan aos 10.000 habitantes son 257.

A realidade galega dificulta a conexión dixital mediante fibra óptica e iso reflíctese nos datos, se en España o 89,87 % dispoñen da dita conexión, en Galicia esa cifra só alcanza o 77,1 %, o que supón 12,77 puntos por debaixo da media estatal. Pero se o levamos ao rural galego esta cifra descende de modo preocupante chegando a baixar ata o 55,34 %, 43,53 % menos que a media española.

Dixitalizar o rural galego é unha obriga para garantir que todos os cidadáns independente de onde vivan teñan os mesmos dereitos e as mesmas oportunidades. Sabemos das dificultades engadidas que presenta o noso país pola dispersión xeográfica, a dispersión da poboación, pero isto non pode supoñer un inconveniente para dotar de internet a todo o territorio.

O esforzo que se faga neste ámbito contribúe a erradicar a fenda dixital entre zonas rurais e urbanas, contribúe a asentar poboación no rural. A fomentar a





igualdade de oportunidades e a garantir a libre elección de vivir no lugar desexado.

Hoxe as novas tecnoloxías son imprescindibles no noso día a día, no ámbito laboral, educativo, e social. Polo que a implicación das administracións e imprescindible.

Desde o Goberno de España estase a facer un investimento de fondos que combaten esta realidade tanto a nivel de usuarios individuais como do esforzo investidor en Pymes e Autónomos e o financiamento en proxectos tecnolóxicos a través dos Pertes.

A Comunidade Autónoma tamén ten posto en marcha distintos proxectos ou estratexias coa mesma finalidade algunhas delas con fondos europeos, entre eles a Estratexia Galicia Dixital 2030, con investimentos privados e públicos.

Pero o compromiso da Xunta debe ser maior para asegurar a igualdade de dereitos e a igualdade de oportunidades e con iso potenciar a nosa economía, as relacións persoais, as relacións coas administracións, así como o asentamento da poboación no rural.

A pesares destes avances a fibra óptica non dá cobertura á totalidade do territorio nin á totalidade dos fogares galegos, aínda existen retos para levar a conectividade de alta calidade ás zonas rurais e máis despoboadas para seguir estendendo a cobertura e calidade do acceso a internet en toda a comunidade autónoma.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2024 12:30:32
Nº Rexistro: 10459
Data envío: 04/09/2024 12:30:32.120

Por iso, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta:

Ten previsto a Xunta de Galicia dotar de máis orzamento para proxectos ou estratexias que permitan a Galicia alcanzar o 89,87 % de conectividade e, cando menos, obter os niveis estatais?

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Lara Méndez López na data 04/09/2024 12:28:46

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2024 12:28:54

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34515

@PSdeG



CSV: BGPSIBR93Jmz0VW608v6-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Nicole Grueira Fernández, Miguel Ángel Viso Diéguez, María Encarnación Amigo Díaz, José Manuel Mato Díaz, Enrique Barreiro Sánchez, Cristina Campero Dorado, Juan Manuel Casares Gándara, Ángel Rodríguez Conde e Cecilia Vázquez Suárez, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral no **Pleno**

A Consellería de Medio Rural, está comprometida coa promoción dunha alimentación saudable entre a poboación máis moza, potenciando a inclusión de produtos do sector agrícola e gandeiro. Así o reflicte a liña de axudas destinadas á subministración de froita fresca, castañas e leite aos centros educativos de Galicia.

Estas axudas, que dan continuidade ás iniciativas de anos anteriores, ten como obxectivo garantir que os centros escolares galegos teñan acceso a alimentos de alta calidade durante o recreo, contribuíndo así a súa nutrición e ao desenvolvemento de hábitos saudables que perduren ao longo da vida.

A través desta liña de axudas, cada ano arredor de 80.000 alumnos e alumnas galegas poderán desfrutar diariamente de froita fresca, castañas e leite nos centros escolares onde se están a formar para o futuro. Esta iniciativa, combina a educación en hábitos alimenticios saudables coa posta en valor dos produtos do sector primario.

O seu principal obxectivo é fomentar o consumo de alimentos saudables entre os máis mozos, cun enfoque na froita fresca, as castañas e o leite, alimentos fundamentais nunha dieta equilibrada. A inclusión destes produtos nos centros escolares non só busca mellorar a saúde dos estudantes, senón tamén educar sobre a importancia dunha alimentación equilibrada.

Ademais, esta iniciativa ten un papel importante á hora de resaltar os produtos galegos, xa que contribúe a reforzar o coñecemento e o aprecio pola riqueza gastronómica da nosa comunidade. Ao incorporar froitas, castañas e leite na dieta diaria dos escolares, estase a apoiar tamén o sector agrícola, ao tempo que se fortalece a economía rural.

Por todo o exposto os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta:

- 1.- Que balance fai o Goberno galego sobre a última edición das axudas destinadas á subministración de froita fresca, castañas e leite aos centros educativos de Galicia?





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2024 12:37:57
Nº Rexistro: 10463
Data envío: 04/09/2024 12:37:57.536

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Nicole Grueira Fernández na data 04/09/2024 12:33:10

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 04/09/2024 12:34:42

María Encarnación Amigo Díaz na data 04/09/2024 12:34:58

José Mato Díaz na data 04/09/2024 12:35:17

Enrique Barreiro Sánchez na data 04/09/2024 12:35:32

Cristina Campero Dorado na data 04/09/2024 12:35:48

Juan Manuel Casares Gándara na data 04/09/2024 12:36:06

Ángel Rodríguez Conde na data 04/09/2024 12:36:28

Cecilia Vázquez Suárez na data 04/09/2024 12:36:45

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: B0PISJTB0GZ508WpJN/2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luís Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral Pleno**, sobre a situación da N-120 no tramo entre Valdeorras e a cidade de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca de Valdeorras, conformada polos concellos de A Rúa, A Veiga, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras, é a segunda comarca máis poboada de Ourense (a pesares de ter perdido 1.924 habitantes nos últimos 10 anos, pasando dos 27.000 en 2014 a 25.76 en 2023).

O dinamismo económico pivota sobre o sector da lousa e do vitivinícola, aínda que sectores como a construción e sector servizos teñen unha grande relevancia.

O “illamento” nas comunicacións ten sido un lastre importante no despegue económico e social das terras de Valdeorras, xa que boa parte dos motores económicos dependen en boa medida da capacidade de desprazamento viario de mercadorías e bens de consumo.

Así atopámonos con problemas “endémicos” nas comunicacións, tanto interiores como cara o resto das comarcas galegas e mesmo nas comunicación co resto da península.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No tocante a comunicación por estrada esta comarca depende en exclusiva da N-120, estrada que a comunica coa A6, o Bierzo e o resto da península e o que máis importante con Ourense e o resto de Galiza.

Esta estrada N-120 é a única vía de comunicación coa cidade de Ourense, onde deben acudir para citas médicas hospitalarias, xestións, estudos, traballos, entre outras cuestións. A situación da N-120 no traxecto que discorre desde Valdeorras ata Ourense chegou ao límite tolerábel do mal estado.

A perigosa situación en que se atopa o firme da N-120 en distintos tramos despois de anos de abandono, así como os problemas de seguridade viaria que isto xera, ten sido denunciado reiteradamente nos últimos anos polo BNG, recollendo as queixas e reclamacións das persoas usuarias. Trátase dunha estrada que precisa de forma urxente de investimentos en mantemento e da dotación orzamentaria adecuada para abordar a reforma do traxecto galego.

As alertas e as queixas proceden tanto dos habitantes da zona como do persoal sanitario e condutores de ambulancias, do sector empresarial e do transporte que se lamentan da falta de atención por parte do Ministerio de Transportes e do cada vez maior illamento da comarca que non ten outra opción de vía de comunicación e transporte. A N-120 é a única vía de conexión actualmente dado que a autovía A-76 entre Ourense e Ponferrada segue sendo un proxecto.

Sen esquecer que se trata dunha estrada que se quedou obsoleta para soportar o tráfico rodado. Actualmente, carece de capacidade para absorber a circulación diaria, non só polo seu mal estado, senón tamén pola escaseza de carrís de adelantamento por exemplo no tramo entre Ourense e Os Peares con 18 quilómetros de liña continua en dirección a Ponferrada. En sentido inverso, a liña continua esténdese durante 28 quilómetros no alto de Guítara.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O Ministerio de Transporte aprobara en marzo de 2023 un proxecto de terceiro carril desde a cidade de Ourense ata a desembocadura do río Sil nun percorrido de 15 quilómetros pero a pesar de comprometerse a licitar as obras antes de terminar o ano non o fixo, no mes de abril do 2024 volveu aprobar definitivamente o trazado da ampliación pero seguimos sen a contratación das obras.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que xestións fixo a Xunta de Galiza para resolver a situación na que está a N-120 e que afecta dun xeito tan fundamental a todas as veciñas e veciños da comarca de Valdeorras?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Luís Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 04/09/2024 13:35:07

Luis Bará Torres na data 04/09/2024 13:35:31

Paulo Ríos Santomé na data 04/09/2024 13:35:42

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 04/09/2024 13:35:52

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2024 13:36:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Carreira Pazos e Cristina Fernández Davila, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación no CPI Fonte Díaz de Touro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.

A política de recortes e deterioro dos servizos públicos do Partido Popular na Xunta de Galiza ten como un dos albos o ensino público, que ano tras anos se ve deteriorado por mor das súas políticas, nomeadamente no rural.

No caso do CPI Fonte Díaz de Touro a situación é máis que preocupante. Trátase dun centro que non conta con persoal suficiente, ata o punto de que varios períodos de garda quedarán desatendidos por non haber profesorado abondo para poder realizar esta cobertura. Feito que se ve agravado por ser este un centro no que convive alumnado de infantil, primaria e secundaria, no que as etapas máis baixas requiren de supervisión constante, o que pode supor problemas de convivencia entre o estudantado.

E neste contexto, o centro vén de perder o segundo profesor de inglés que complementaba as horas de docencia da outra profesora, quen ocupa un cargo directivo. Con esta política, a Consellería de Educación pretende que unha mesma persoa desenvolva o cargo da xefatura de estudos de primaria e 19 horas de docencia, polo que tería que renunciar a 2 das 6 horas que lle corresponden para desenvolver dito cargo directivo.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta situación, ademais de supor un deterioro das condicións laborais, tamén implica un prexuízo para as crianzas, pois supón o recorte de 3 horas de ensinanza plurilingüe na etapa de infantil e outras 6 en primaria.

Ademais, o centro de Fonte Díaz non conta con profesorado de primaria con horario dispoñíbel para a realización de apoios dentro das aulas e atención á diversidade, o que supón un agravio para o alumnado con necesidades educativas especiais que verá, máis unha vez, como non se garanten os seus dereitos no acceso a un ensino público de calidade.

Esta política de recortes está a supor un fondo rexeitamento no concello de Touro, a comezar pola ANPA A Santaia que se está a mobilizar para esixir unha rectificación por parte da Consellería de Educación e a dotación do CPI Fonte Díaz do profesorado preciso.

Por todo o exposto anteriormente formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Dada a situación, cando vai a Consellería de Educación incrementar a dotación de persoal do CPI Fonte Díaz?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: Iria Carreira Pazos
Cristina Fernández Davila
Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Cristina Fernández Davila na data 04/09/2024 13:44:35

Iria Carreira Pazos na data 04/09/2024 13:44:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Rosana Pérez Fernández, Ramón Fernández Alfonso, Óscar Insua Lema e Brais Ruanova Vilas-Boas deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á valoración do goberno galego respecto da súa planificación e execución orzamentaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O orzamento é a maior ferramenta que ten un goberno para a posta en marcha de políticas públicas activas que contribúan á cohesión social e ao desenvolvemento dos sectores produtivos e, polo tanto, ao avance dun país. Así, a súa correcta planificación e execución son fundamentais para que cada euro dos recursos dispoñíbeis redunden en beneficios para o conxunto do país.

Porén, a planificación e execución orzamentaria do goberno galego arrastra desde hai máis dunha década recorrentes eivas que non son abordadas con dilixencia, malia ser evidentes á luz de cada período executado e á luz dos distintos informes que o Consello de Contas vén elaborando, singularmente os referidos á Conta Xeral.

Así, se atendemos ao seu Informe de fiscalización da Conta Xeral da Comunidade Autónoma respecto do exercicio do ano 2022, observamos novamente eivas como o abuso do recurso ao fondo de continxencia, a constancia das modificacións orzamentarias, a incorrecta inclusión no capítulo VI do orzamento de gastos da Administración xeral gastos de carácter inmaterial que non teñen natureza de capital, as cuestións referidas á contabilidade do SERGAS, a falta de concordancia do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inventario de inmovilizado material, a falta de elaboración do rexistro de entidades malia o mandato legal, financiamentos non permitidos polos remanentes, utilización recorrente das ampliacións de crédito que constata unha deficiente orzamentación, dado que se reiteran as mesmas partidas todos os anos, etc.

Por outra banda, salienta, ano a ano, a falta de execución de importantes contías orzamentarias. Por exemplo, no último exercicio económico do que temos datos pechados, o 2023, deixou sen executar 1.051 millóns de euros no total de seccións e aquelas con menor nivel de execución relativo son recorrentes en exercicios precedentes. Tamén, no ámbito orzamentario, salienta negativamente o escaso resultado dos teóricos esforzos anunciados para impulsar o gasto en investimentos reais, que no 2023 deixaron atrás arredor de 500 millóns de euros. Finalmente, cómpre lembrar que canto á execución por programas, hai numerosos programas que ano a ano non superan un nivel de execución do 50%, o cal amosa unha debilidade na planificación que non pode escusarse cun ano concreto nin cunha conxuntura específica.

Mellorar a planificación orzamentaria e afondar na transparencia son aspectos fundamentais para mellorar a calidade democrática e para mellorar na eficiencia da xestións dos recursos públicos, algo esencial en xeral e máis aínda nun contexto de profundas transformacións económicas, inestabilidade política e volta á senda centralista e neoliberal do déficit e da limitación de gasto e do exercicio do noso autogoberno.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións vai impulsar o goberno galego para evitar que a súa deficiente planificación orzamentaria fure capacidade económica para enfrontar as necesidades da sociedade e dos sectores produtivos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Rosana Pérez Fernández

Ramón Fernández Alfonzo

Óscar Insua Lema

Brais Ruanova Vilas-Boas

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 04/09/2024 14:06:47

Rosana Pérez Fernández na data 04/09/2024 14:07:03

Ramón Fernández Alfonzo na data 04/09/2024 14:07:11

Óscar Insua Lema na data 04/09/2024 14:07:22

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 04/09/2024 14:07:31





Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e María Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**.

A evolución do Índice de Prezos ao Consumo é un dos problemas económicos máis importantes e constantes dos últimos anos, desde que no período post pandemia se sucedeu unha importante crecida.

Malia as medidas impulsadas desde o Goberno progresista de España, o certo é que este índice mantén aínda unha intensidade considerable, unha suba acumulada e que non tivo un descenso como o que prevían distintos organismos internacionais ou, no caso estatal ou galego, as propias administracións e o Banco de España.

No recente estudo publicado polo Banco de España sobre "*heteroxeneidade rexional na evolución recente da inflación en España*" de 3 de setembro de 2024, amósase que Galicia está na cola de España respecto a evolución da inflación.

A evolución recente da inflación en España foi heteroxénea entre as diferentes comunidades autónomas. O informe ofrece unha análise pormenorizada desta heteroxeneidade e discute algúns dos seus principais factores determinantes.

Entre xuño de 2019 e xuño de 2024, a inflación acumulada, para o conxunto da economía española, foi do 18,9 %. O incremento acumulado dos prezos variou de maneira apreciable por rexións. Galicia foi a Comunidade Autónoma cunha maior inflación acumulada neste período do 21,2 %.





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2024 17:26:15
Nº Rexistro: 10490
Data envío: 04/09/2024 17:26:15.244

O pasado 13 de agosto de 2024 o Instituto Galego de Estatística publicaba o Informe sobre as variacións nos índices de prezos de consumo cos datos definitivos correspondentes ao mes de xullo de 2024. Como vén sendo habitual, Galiza rexistraba unha taxa superior á do Estado español. Así, fronte a un 2,8 % estatal, Galiza rexistraba un aumento de tres décimas máis, situándose no 3,1 %, malia que en termos mensuais se rexistrara un descenso do 0,5 %. Así mesmo, é preocupante que unha vez máis a inflación subxacente é tamén superior á rexistrada no Estado.

É por iso, que esta é unha evolución que o Goberno galego debería vixiar, sobre todo tendo en conta tanto o diferencial entre Galicia e o Estado, como tendo en conta o efecto por acumulación que ten na vida das maiorías sociais e no sistema produtivo.

Por todo o exposto, as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a valoración do Goberno galego de que Galicia teña a inflación máis alta do Estado en termos interanuais?

Santiago de Compostela, 4 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 04/09/2024 17:24:09

Elena Espinosa Mangana na data 04/09/2024 17:24:19

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34529

@PSdeG



CSV: BGPRISJTRDQv7EFOU6z6W8VZ-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iria Taibo Corsanego, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da lingua galega na Administración central do Estado.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos días, puidemos ler nos medios de comunicación a noticia de que dous avogados denunciaron o Instituto Nacional da Seguridade Social porque se lles negou a atención en lingua galega. Segundo esta denuncia, unha funcionaria da Delegación Provincial do INSS negoulles a resolución dunha consulta, en varias ocasións, por non falaren castelán.

A Mesa pola Normalización Lingüística denuncia de xeito recorrente, tanto a través do informe anual da Liña do Galego como na súa actividade habitual, innumerábeis queixas relacionadas coa presenza do galego, ou mesmo coa imposibilidade de recibir atención ou documentación nesta lingua. De feito, o 54 % das queixas que recibiu este servizo da Mesa pola Normalización en 2023, segundo se recolle no seu informe anual, estaba relacionado coa administración pública (o 34 % delas corresponde á administración estatal).

O Plan Xeral de Normalización Lingüística, que neste mes de setembro fai 20 anos, indica entre os seus obxectivos, en relación coa Administración do Estado con presenza en Galiza, e recoñecendo a existencia dun “marco lexislativo que recoñece





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

o status legal da lingua galega como lingua propia de Galiza e que lles impón ás administracións asentadas en Galiza a obriga de usala”:

- Velar, en cumprimento dos mandatos constitucional e estatutario, polo uso do galego nos departamentos e organismos radicados en Galiza dependentes da Administración do Estado.
- Lograr que o carácter plurilingüe do Estado sexa un feito recoñecido como natural na práctica desa Administración.
- Eliminar as trabas existentes, co fin de que os cidadáns poidan exercer con naturalidade os seus dereitos lingüísticos nas oficinas asentadas en Galiza, dependentes da Administración periférica do Estado.

Alén diso, a Lei 3/1983, de 15 de xuño, de normalización lingüística, dispón:

“Artigo 6º

1. Os cidadáns teñen dereito ó uso do galego, oralmente e por escrito, nas súas relacións coa Administración Pública no ámbito territorial da Comunidade Autónoma.
2. As actuacións administrativas en Galiza serán válidas e producirán os seus efectos calquera que sexa a lingua oficial empregada.
3. Os poderes públicos de Galiza promoverán o uso normal da lingua galega, oralmente e por escrito, nas súas relacións cos cidadáns.
4. A Xunta ditará as disposicións necesarias para a normalización progresiva do uso do galego. As Corporacións Locais deberán facelo de acordo coas normas recollidas nesta Lei.”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

“Artigo 9

1. (...) Nos Rexistros Públicos non dependentes da Comunidade Autónoma, a Xunta de Galiza promoverá, de acordo cos órganos competentes, o uso normal do galego.”

“Artigo 11

1. A fin de facer efectivos os dereitos recoñecidos no presente Título, os poderes autonómicos promoverán a progresiva capacitación no uso do galego do persoal afecto á Administración Pública e ás empresas de carácter público en Galiza.”

O Artigo 10 da Carta Europea de Linguas Rexionais e Minoritarias, tratado internacional ratificado polo Goberno de España en 2001, durante o mandato de José María Aznar, indica os seguintes compromisos:

i a assegurar que as autoridades administrativas empreguen as linguas rexionais ou minoritarias; ou

ii a asegurar en particular que aqueles funcionarios que estean en contacto co público empreguen as linguas rexionais ou minoritarias nas súas relacións con persoas que se dirixen a eles nas devanditas linguas; ou

iii a asegurar que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan formular as súas peticións orais ou escritas nas linguas rexionais ou minoritarias, así como a recibir resposta nestas mesmas linguas; ou





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

iv a asegurar que os falantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan formular as súas peticións orais ou escritas nas linguas rexionais ou minoritarias; ou

v a asegurar que os habitantes de linguas rexionais ou minoritarias poidan formular validamente as súas peticións nestas linguas.

Por todo o exposto anteriormente fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas prevé levar a cabo o goberno galego para protexer e promover o uso do galego na Administración do Estado en Galiza?

Santiago de Compostela, 4 de setembro de 2024

Asdo.: **Iria Taibo Corsanego**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 04/09/2024 17:26:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Castro García na data 04/09/2024 17:26:16

Iria Taibo Corsanego na data 04/09/2024 17:26:28





Á MESA DO PARLAMENTO

Carmen Rodríguez Dacosta e Lara Méndez López, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Ministerio de Agricultura leva 3 anos sen recibir o proxecto para a execución das obras de limpeza da canle principal e secundarias na lagoa de Antela.

Unha demora de tres anos por parte da Consellaría do Medio Rural da Xunta de Galicia que é a encargada de remitilo ao Ministerio de Agricultura Pesca e Alimentación, tal como quedou de manifesto no compromiso adquirido no ano 2021.

Foi naquel intre cando o Ministerio decidiu dedicar 15,9 millóns de euros para a modernización dos regadíos da Limia, tamén comprometeu 12 millóns de euros de fondos do MAPA para a limpeza de canles que reclamaban tanto os agricultores como os gandeiros da Limia. Unha vella demanda ante os continuos asolagamentos da invernía que dificultan as tarefas de labor na sementeira, tanto de pataca como de cereal de gran e forraxe.

Así llo puxeron de manifesto desde ADEGAL á voceira municipal do concello de Xinzo de Limia e deputada socialista, Elvira Lama, nunha xuntanza recente.

Unha vez feitas as consultas pertinentes, as socialistas comprobaron que no MAPA non consta ningún proxecto enviado desde a Xunta de Galicia, e aseguran que seguen á espera de que a Xunta responda. Xa que non se pode iniciar a tramitación administrativa sen un proxecto que ten que ser revisado e





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 04/09/2024 17:57:44
Nº Rexistro: 10505
Data envío: 04/09/2024 17:57:44.048

aprobado, para que se poidan executar as obras demandadas por parte do Ministerio.

Para este grupo parlamentario resulta inexplicable que un proxecto deste tipo teña un retraso de máis de 3 anos por parte da Consellaría de Agricultura que dirixía José González ata este ano, e pon de manifesto de novo os incumprimentos da Xunta coa comarca da Limia, a pesares das numerosas visitas, sempre con promesas, que como comprobamos quedan no esquecemento.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Como valora o Goberno galego o retraso de tres anos na remisión ao Ministerio de Agricultura do proxecto para a execución das obras de limpeza da canle principal e secundarias na lagoa de Antela?

Parlamento de Galicia, 4 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Carmen Rodríguez Dacosta na data 04/09/2024 17:43:31

Lara Méndez López na data 04/09/2024 17:43:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o desmantelamento do servizo de pediatría en Fornelos de Montes e Pazos de Borbén.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dunha parte, o centro de saúde de Fornelos de Montes ten adscritas algo máis de 1.500 cartillas de adultos e de 100 de pediatría. Doutra, o centro de saúde de Pazos de Borbén ten adscritas entorno ás 1.600 cartillas de adultos e 150 de pediatría. En total suman máis de 250 cartillas de pediatría, que serían moitas máis se houbo unha correcta prestación de servizo. Son moitos os pais e nais que acaban trasladando as cartillas dos seus fillos a outros centros como o de Redondela, ante o escaso horario de atención pediátrica nos seus concellos e as habituais baixas sen cobertura. Por tanto estamos falando de bastantes máis de 250 nenos entre ámbolos dous concellos que veñen de sufrir un grave recorte no servizo de asistencia sanitaria, coa supresión do servizo de pediatría.

Xa coa excusa da pandemia, a Consellería de Sanidade foi dando pasos co obxectivo da eliminación deste servizo. Entón aproveitouse para suspender o servizo presencial, deixando a todos os cativos sen atención no seu centro de saúde máis próximo, obrigando aos pais e nais a desprazarse, ben a Redondela, ben ao Hospital Álvaro Cunqueiro, para ser atendidos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Posteriormente pasou a atender unha pediatra, común para ambos concellos, cun horario de atención moi precario, con apenas 2 horas de mañá, 2 días á semana. Porén nin tan sequera este servizo precario foi real, xa que foron habituais as baixas por parte do persoal, sen que a Xunta cubrixe as ausencias.

Todas estas decisións están orientadas a lograr que os pais e nais destes cativos desistan do servizo de pediatría no seu concello. Agora, a Consellería dá un paso máis nesta folla de ruta do desmantelamento do servizo de atención sanitaria en Pazos de Borbén e Fornelos de Montes. O SERGAS vén de aprobar o cambio de praza para Redondela da pediatra que realizaba a cobertura nestes concellos, sen que se buscara unha persoa substituta para esa vacante. De forma que o servizo neste momento queda suspendido, como así foi comunicado dende o centro de saúde de referencia. A partir de agora os cativos deberán desprazarse a Redondela, cuxo centro de saúde xa se atopa sobreesaturado.

Dende o Bloque Nacionalista Galego denunciámos que con esta decisión a Xunta está decretando o peche en diferido deste centro de saúde. Son moitos os sinais e moi claros: peche de pediatría, baixas que non se cubren, persoal que ten que cubrir gardas fóra do concello, urxencias e visitas a domicilio que son habituais e que deixan o centro sen atención.

Todo isto é parte dunha orientación política que busca crear un unha situación crónica de mala atención sanitaria. Que ademais acaba por dificultar que logo se cubran as baixas, pola propia situación de precariedade da praza.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai recuperar a Xunta de Galiza o servizo de pediatría en Fornelos de Montes e Pazos de Borbén?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 09:25:21

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2024 09:25:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a falla obxectivos ambiciosos e de execución orzamentaria en materia de promoción de vivenda pública.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2021 o goberno galego presentaba un novo plan de vivenda baixo o título *Pacto Social da vivenda 2021-2025*. Un plan cargado de vaguidades e de falla de concreción sobre as medidas e obxectivos concretos que pretendía acadar. Tal era a indefinición que a Xunta de Galiza tardou máis de dous anos, logo da súa aprobación, en anunciar unha meta precisa en materia de desenvolvemento e promoción de vivenda protexida e de vivenda pública.

De forma que en 2023 o Consello da Xunta comunicou o desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida*. Esa estratexia propón incorporar 1.802 novas vivendas ao parque público de vivenda, contando as xa incluídas dende 2022 e até o 2026. En concreto o goberno comprometíase a incorporar 959 vivendas promovidas polo IGVS, 260 vivendas promovidas por promotores privados e concellos, 157 vivendas adquiridas e rehabilitadas a través do programa Rexurbe, 331 vivendas con axudas para recuperar inmobles e edificios propiedade municipal e 125 vivendas adquiridas á SAREB.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O compromiso global do goberno segue a ser insuficiente tendo en conta que no Rexistro de Demandantes de Vivenda existen máis de 18.000 familias agardando por unha vivenda protexida, das cales, máis do 80% solicitan o réxime de vivenda pública.

Por se fose pouco, o cativo compromiso da Xunta de Galiza non está a contar co impulso económico necesario para acadar os resultados prometidos. Nas contas de 2023 o executivo comprometeu unha partida de 8M€ para a construción de vivendas de promoción pública, das que apenas executaron 2,6M€. É dicir, 2 de cada 3 euros previstos non chegaron a executarse. O mesmo sucede coa partida prevista para a promoción de solo residencial, que con apenas 2M€ executados só logra executar 1 de cada 3 euros.

Con este ritmo de investimento semella realmente complicado que a Xunta acade os cativos obxectivos marcados na súa estratexia. Por todo isto dende o BNG formulamos o seguinte:

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que valoración fai a Xunta do desenvolvemento da *Estratexia para a promoción de vivenda pública e o impulso da vivenda protexida* durante o ano 2023?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 09:31:48

Luis Bará Torres na data 05/09/2024 09:32:01





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez e Daniel Pérez López, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade urxente de planificar e limitar as Vivendas de Uso Turístico en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As mudanzas nas que estamos inmersos, na era da información e da uberización da economía, están tendo un forte impacto no sector turístico. Se no século pasado a presión turística canalizábase fundamentalmente a través dos inmobles hoteleiros, hoxe a vivenda de uso turístico ocupa xa un papel máis predominante en termos cuantitativos. Este cambio implica tamén novos retos en cuanto á súa xestión e planificación, para lograr un modelo sustentable dende o punto de vista turístico e tamén residencial.

Porén este fenómeno ten medrado nos últimos anos sen ningún tipo de control. Hai unha evidente falla de análise e de lexislación que limite os efectos negativos singulares que provoca este tipo de aloxamentos. Se no século pasado o turismo podía xerar tensións ou conflitos naquelas localizacións cun exceso de hoteis, hoxe, o aluguer de vivendas de uso turístico transforma a súa lóxica de implantación territorial cunha difusión dos usos turísticos polo parque inmobiliario dun xeito distinto, máis capilar e máis extendido. É preciso, por tanto, unha visión territorializada e de carácter supramunicipal deste problema.

Se realizamos unha lectura en termos de país, a primeira característica que destaca deste fenómeno é a súa evolución explosiva, como así o confirman os datos. Se





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

en 2017 había apenas unhas 500 rexistradas, hoxe ascenden a 22.553 vivendas de uso turístico, o cal representa un incremento do 4.510% en apenas 7 anos.

Este crecemento exponencial das VUT está ligado á gran diferenza de rendibilidade entre o aluguer residencial e o aluguer vacacional. A pesar de que os prezos dos alugueres residenciais aumentaron en máis dun 40% na última década en Galiza, e que non son pequenas as marxes de beneficio dos alugueres residenciais, as plusvalías que se poden acadar a través do aluguer vacacional son habitualmente maiores. Xérase así unha diferenza de presión entre un mercado e outro que leva á expansión descontrolada das VUT.

Esta situación non foi acompañada de medidas de ordenación. A maioría de concellos aínda non dispoñen de ordenanzas específicas que as regulen, e aínda que as teñan non poden efectivizalas como consecuencia da actuación da Xunta de Galiza, que permite a inscrición irregular destes aloxamentos. O executivo galego no exercicio das súas competencias en materia de turismo, permite a inscrición de todas as VUT a pesar de que estas non cumpran coas normas urbanísticas que determinan os concellos. De forma que neste momento para dar de alta unha VUT e incorporala no REAT-o censo oficial da Xunta para estes aloxamentos- só hai que presentar unha declaración responsable asinada polo propietario conforme cumpre as normas, pero non a documentación que así o acredite.

Baixo este mecanismo de descontrol premeditado, a Xunta de Galiza vén inscribindo vivendas de uso turístico sen comprobación da súa legalidade. De forma que nestes momentos o goberno galego négase a exercer a labor de vixilancia e apenas retira do censo aquelas vivendas cunha sentenza firme, como xa ten sucedido, en que o TSXG resolve que non poden exercer sen o título habilitante.

Por tanto, o que condiciona inicialmente a explosión deste fenómeno, ten que ver coa diferenza de plusvalía entre o mercado residencial e o turístico, pero as cifras





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

desorbitadas só se explican pola falta de políticas de planificación e control, especialmente da Xunta de Galiza.

Dende o BNG queremos alertar que a proliferación descontrolada está interferindo en 3 planos fundamentais que nos afectan como sociedade. O primeiro efecto negativo é a súa repercusión na alza de prezos da vivenda en xeral. O diferencial de prezos entre o uso residencial e o turístico está provocando un descenso da oferta de vivenda de aluguer residencial e un aumento dos seus prezos. O cal se traduce no colapso da accesibilidade á vivenda da poboación residente.

En segundo lugar existe unha afectación dende o punto de vista da calidade urbana.

Toda vez que o turista que ocupa o lugar dun veciño non exerce de cidadán nese entorno, é dicir, non crea relacións de veciñanza e de permanencia. Por iso a alta concentración de VUTs fai colapsar a complexidade social deses lugares e pon en cuestión a propia sensación de pertenza dos veciños sobre o lugar que habitan, creando unha percepción de indefensión, de ser substituídos e de ser cidadáns de segunda fronte a unha industria turística, que algúns gobernos néganse a ordenar para minimizar os seus perigos e consecuencias negativas.

O terceiro plano no que as VUT afectan é sobre o propio modelo turístico. A concentración de VUT deriva nunha presión e expulsión da poboación residente desas zonas, que ao mesmo tempo remata por segregar os centros das cidades e vilas ou determinados ámbitos territoriais. Eses espazos fican reducindo a meras zonas tematizadas, como simples centros comerciais ao aire libre para turistas. Nestas situación, os primeiros afectados son os propios residentes, mais co tempo acaban por crearse entornos turísticos pobres, carentes de vida cotiá, de memoria, de complexidade e de interese. É dicir, fai colapsar a riqueza turística inicial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso é urxente pór en marcha una política de planificación, control e equilibrio da presión entre o mercado residencial e o turístico. Dunha banda, corresponde aos Concellos a delimitación de usos, doutra, a Xunta de Galiza ten a competencia das outras funcións fundamentais: a planificación do modelo turístico, a normativa sobre este tipo de aloxamentos e as funcións de control sobre os mesmos.

Polas súas competencias tanto en materia de turismo, como en materia de vivienda e planificación territorial, a Xunta de Galiza ten a capacidade para desenvolver medidas e normativas que garantan a sustentabilidade do modelo turístico, residencial e urbano.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai pór en marcha a Xunta de Galiza para planificar e limitar as vivendas de uso turístico?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Daniel Pérez López

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 09:37:19

Daniel Pérez López na data 05/09/2024 09:37:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas que vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir un teito ás persoas afectadas polo incendio de Alfonso X en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O incendio sucedido en outubro do ano pasado nun inmovible en Vigo deixou ao descuberto as nefastas políticas en materia de vivenda da Xunta de Galiza. Nese inmovible incendiado vivían nunha situación de precariedade e de inseguridade numerosas persoas, que pola súa situación de extrema pobreza e ante a falla de políticas públicas en materia de vivenda, non tiñan outra alternativa habitacional. Nese tráxico suceso morreron catro membros da mesma familia, unha nai e tres dos seus fillos de 14, 12 e 10 anos.

Compre lembrar que esta familia viuse abocada a vivir nun inmovible que non reunía as condicións de habitabilidade e seguridade dunha vivenda digna, logo de que foran expulsados anos atrás do seu poboado chabolista. A Xunta de Galiza era perfectamente coñecedora da súa situación. Primeiro, souberon en 2021 que esta familia ía ser desaloxada do seu poboado. Segundo, coñecían que o maxistrado que decretara o desaloxo, apreciaba especial vulnerabilidade pola presenza de menores. E por último, advertímosllo entón, dende distintos colectivos que facían acompañamento das familias e dende o BNG, que era urxente unha alternativa habitacional, porque esta familia non tiña recursos económicos para facer fronte a un aluguer a prezo de mercado.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero, desgraciadamente, a familia de Rosana recibiu o silencio da Consellería con competencias en Vivenda. A realidade das políticas de vivenda é que nin nos casos de máis extrema vulnerabilidade, con menores afectados, a Xunta responde. Rosana e a súa familia quedaron na rúa ante a impasibilidade da Xunta.

As trágicas consecuencias en que derivou esta falta de actuación por parte da Xunta deberan derivar nunha reflexión profunda e nun cambio de rumbo. Porén novamente a Xunta de Galiza volve a actuar con silencio e impasividade ante as persoas que perderon todo naquel incendio.

As persoas que sobreviviron ao incendio foron realoxadas nun hostel sufragado con cartos do Concello de Vigo. Durante este período de tempo a Xunta de Galiza non buscou solucións ás persoas afectadas. E agora o Concello de Vigo vén de comunicar ás familias afectadas que deixará de costear os gastos do hostel. Por tanto a partir deste día 2 de maio, estas familias quedarán novamente na rúa, xa que non teñen recursos suficientes como para facer fronte ao pago dun alugueiro habitual, nin tampouco logran a través do mercado libre arrendadores que estean dispostos a alugarlles un piso coa súa situación económica.

Esta falla de solucións por parte das Administracións é incoherente coas medidas anunciadas nun inicio por parte de Xunta e Concello. Nos días posteriores ao incendio a Xunta e o Concello de Vigo asinaban un convenio de colaboración para, supostamente, financiar solucións habitacionais aos afectados. Segundo a delegada do goberno en Vigo, Ana Ortiz, o obxectivo era buscar solucións para as oito familias afectadas polo incendio. Pero unha vez que o foco mediático foi desaparecendo, as boas palabras transformáronse en silencio.

Dende o Bloque Nacionalista Galego, esiximos un cambio nas políticas de atención ás persoas en situación de pobreza e no seu dereito a poder vivir nunha vivenda





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

digna. Ademais cómpren medidas urxentes para garantir que estas persoas a partir do día 2 non teñan que durmir na rúa.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que vai facer a Xunta de Galiza para evitar que as persoas afectadas polo tráxico incendio de Vigo non pasen a durmir na rúa?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 09:44:53

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/09/2024 09:45:18

Carmela González Iglesias na data 05/09/2024 09:45:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias e Brais Ruanova Vilas-Boas, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a cesión das vivendas das que é titular a SAREB para uso social na cidade de Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A cidade de Vigo, a maior urbe da Galiza, padece un gravísimo problema de acceso social á vivenda. Unha situación derivada do aumento continuado dos prezos do alugueiro que xa atinxe, segundo datos oficiais do Instituto Galego de Vivenda e Solo (dependente da Xunta de Galiza) unha suba do 49,6 % nos últimos dez anos. Esta suba representa de media un incremento de 207€ mensuais e de 2.484€ anuais, un esforzo económico que non acompaña a evolución da capacidade financeira das familias. Feito ao que se engaden o contínuo desprazamento da oferta de vivenda residencial cara a súa explotación turística, que acumula xa 1673 VUT rexistradas no REAT.

A dificultade de atopar alugueiros accesíbeis para a maioría social fica evidenciada ademais por un dato moi alarmante: en Vigo 7 de cada 10 habitacións en pisos compartidos xa superan os 300 euros mensuais. Unha situación especialmente alarmante, tendo en conta que a esta fórmula acoden as persoas de menores ingresos e en situación de grave vulnerabilidade social.

Fronte a esta crise de prezos no mercado libre, non existe por parte da Administración Pública unha provisión suficiente de vivenda protexida en aluguer que puidese permitir unha alternativa habitacional máis asequible. Nesta situación de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

carencia estrutural de parque público de vivendas e ante esta situación de crise de acceso á vivenda, a cesión do parque da SAREB ao IGVS supón un mecanismo áxil e eficaz para incrementar a oferta pública de vivenda.

Se ben descoñécense os datos reais a respecto da cantidade total de propiedades inmobiliarias e a súa tipoloxía das que é titular a SAREB na cidade de Vigo, nas últimas datas tense anunciado publicamente a intención de poñer á venda por parte desta sociedade, a prezo de mercado, 51 das 155 vivendas que posúe nunha promoción da rúa Aragón, 26 vivendas en Gran Vía e tamén 43 pisos na Privada Moderna, no barrio do Calvario, unha vez se realice a súa rehabilitación.

Se xa non tiña sentido que se pretenda, como parece querer facer o Goberno español, que comunidades autónomas ou concellos teñan que repagar inmobles que xa foron adquiridos a cargo de recursos públicos, moito menos que se poñan á venda a prezos de mercado que poden atinxir até os 300 mil euros, como no caso das vivendas da rúa Aragón.

É a todas luces intolerábel e incomprensíbel que unha sociedade participada maioritariamente polo Estado e cuxos activos proveñen do mil millonario rescate á banca privada con recursos públicos, pretenda agora facer caixa xogando á especulación inmobiliaria en lugar de utilizar eses inmóbeis para facilitar o acceso social á vivenda. Ademais en casos, como o de Privada Moderna, mediante o emprego dunha política de intimidación e acoso aos veciños por parte da SAREB, absolutamente inaceptable.

Aliás, esa decisión vai no sentido contrario da pretensión que sustenta o acordo suscrito entre a SAREB e a FEMP o mes de setembro do pasado ano 2023 co obxectivo de cooperaren cos concellos para contribuír ao impulso do parque de vivenda social.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por iso, acreditamos en que a decisión que se debe adoptar é a de promover a cesión das vivendas da SAREB para a súa incorporación ao parque público de vivenda do IGVS ou de ser o caso ao Concello de Vigo.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas vai tomar a Xunta de Galiza en relación coa necesaria cesión de vivendas da SAREB en Vigo?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: Alexandra Fernández Gómez

Brais Ruanova Vilas-Boas

Carmela González Iglesias

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 09:52:18

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/09/2024 09:52:30

Carmela González Iglesias na data 05/09/2024 09:52:41





Á Mesa do Parlamento

Ángel Rodríguez Conde, Cristina Campero Dorado, Miguel Ángel Viso Diéguez, Cecilia Vázquez Suárez, José Manuel Mato Díaz, Encarnación Amigo Díaz, Juan Manuel Casares Gándara, Nicole Grueira Fernandez e Enrique Barreiro Sánchez ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **pregunta oral en pleno**.

A Dirección Xeral de Defensa do Monte é á que lle corresponde o exercicio das competencias inherentes ás medidas de prevención e defensa contra os incendios forestais e a vixilancia de incumprimentos.

Entre as funcións e competencias establécense as de coordinar ás administracións públicas con competencias en materia de prevención de incendios, garantindo o cumprimento das respectivas obrigas legais, prestar colaboración e asesoramento estable aos concellos para o cumprimento das súas obrigas e homoxeneizar os procedementos e actuacións por eles desenvolvidos, asegurar o cumprimento das medidas de prevención contra os incendios forestais recollidas na lexislación vixente e tramitar os expedientes sancionadores derivados deses incumprimentos, planificar as medidas de prevención de incendios e o seu desenvolvemento –impulsando a realización das tarefas encomendadas ás administracións competentes–, dirixir os equipos de vixilancia, desenvolver o Plan de Prevención e defensa contra incendios forestais dentro de cada Plan de Ordenación dos recursos forestais de distrito, impulsar, comprobar e esixir a elaboración dos plans municipais de prevención e defensa contra os incendios forestais e manter o orientación aos concellos de ámbito rural a fin de que leven a cabo tarefas de silvicultura, limpeza dos montes e outras tarefas de valorización forestal dentro das medidas de prevención dos incendios forestais.

Para o exercicio das súas competencias a devandita Dirección Xeral conta con dúas subdireccións xerais.

- A Subdirección Xeral de Extinción exerce as funcións encamiñadas á defensa dos montes contra os incendios forestais.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





- A Subdirección Xeral de Prevención exerce as funcións encamiñadas á realización das actuacións encamiñadas á protección e á defensa dos montes contra os incendios forestais.

Esta subdirección conta co Servizo de Actuacións Preventivas (con funcións de planificación preventiva e as accións subsidiarias e de elaboración dos informes sectoriais en materia urbanística e de planeamento municipal).

Para o correcto desenvolvemento das competencias sinaladas encamiñadas á protección e defensa do montes contra os incendios forestais, así como a coordinación de medios na loita contra os incendios, cómpre o desenvolvemento evolutivo e soporte de diversos sistemas de información.

Por outro lado a Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio Climático, a través da Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral, exercerá as competencias en materia de xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia, impulsando o desenvolvemento de iniciativas e proxectos de investigación en materia ambiental, así como a divulgación, coordinación e seguimento da estratexia galega fronte ao cambio climático.

En relación coas competencias en materia de xestión dos sistemas de observación ambiental e predición meteorolóxica de Galicia a Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral establece como obxectivos principais a elaboración dunha predición meteorolóxica específica para Galicia, a observación de variables ambientais e a prestación doutros servizos en relación coa meteoroloxía e climatoloxía en Galicia.

Os incendios forestais constitúen unha grave ameaza para as políticas de desenvolvemento rural, ademais de comprometer a sustentabilidade económica, ambiental e social de Galicia. Por outra banda, o fenómeno do cambio climático é un dos maiores retos ambientais aos que se enfronta na actualidade a nosa sociedade debido ás súas implicacións, unha delas e como pode afectar a ocorrencia de incendios forestais e a súa evolución.

Tanto a Consellería do Medio Rural como a Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático estableceron unha colaboración nos campos de interese común, é dicir, a elaboración dunha predición meteorolóxica específica para Galicia, a observación de

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





variables ambientais e a prestación doutros servizos en relación coa meteoroloxía e climatoloxía en Galicia que, como dixemos, son os obxectivos principais da Subdirección Xeral de Cambio Climático e da Ordenación do Litoral e, ao tempo, constitúen elementos fundamentais imprescindibles para protección e defensa do montes contra os incendios forestais, e a coordinación de medios na loita contra os incendios, competencia da Dirección Xeral de Defensa do Monte.

Entendendo que o obxectivo deste acordo de colaboración é regular o marco común de colaboración entre ambas Consellerías para o desenvolvemento dun sistema avanzado de información e predición meteorolóxica para a xestión de incendios, así como a súa integración na aplicación XeoCode para a xestión en tempo real dos incendios forestais da Consellería do Medio Rural, e tamén facilitar información pública á cidadanía sobre o índice de risco diario de incendios (IRDI), que se actualiza diariamente, cunha predición a tres días, cando ata o de agora se facía de un só. A maiores, delimitarase por concello, establecendo o mesmo nivel de risco en todo o municipio, evitando así posibles confusións e mellorando o sistema de predición.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o Goberno galego sobre o acordo de colaboración para o desenvolvemento dun sistema de información e predición meteorolóxica para a xestión de incendios forestais?

Santiago de Compostela, 5 de setembro 2024.

Asinado dixitalmente por:

Ángel Rodríguez Conde na data 05/09/2024 10:21:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal





Cristina Campero Dorado na data 05/09/2024 10:21:38

María Encarnación Amigo Díaz na data 05/09/2024 10:21:54

Miguel Ángel Viso Diéguez na data 05/09/2024 10:22:00

Cecilia Vázquez Suárez na data 05/09/2024 10:22:08

Juan Manuel Casares Gándara na data 05/09/2024 10:22:16

Nicole Grueira Fernández na data 05/09/2024 10:22:26

Enrique Barreiro Sánchez na data 05/09/2024 10:22:37

José Mato Díaz na data 05/09/2024 10:22:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luís Bará Torres, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o nomeamento da nova directora xeral de Calidade Ambiental da Consellaría de Medio Ambiente.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Xunta do pasado luns 2 de setembro aprobou o cesamento do Director Xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade, Ramón Martínez Boga, e o nomeamento para o cargo de María José Echevarría, até agora Directora Territorial da Consellaría de Cultura en Pontevedra e que é a esposa de Antonio Casal, Director Territorial de ENCE para Galiza.

Para o BNG estamos diante dun nomeamento escandaloso, reprobable desde o punto de vista ético e que incorre nun claro e evidente conflito de interese xa que a Dirección Xeral de Calidade Ambiental ten competencias en materia de cumprimento da normativa ambiental, avaliación ambiental, autorizacións ambientais integradas, control da contaminación, pactos ambientais e expedientes sancionadores por incumprimento da normativa ambiental.

O BNG non cuestiona a experiencia, cualificación e capacidade profesional da nova directora xeral, que até agora desempeñaba a función de Directora Territorial da Consellaría de Cultura, Lingua e Mocidade en Pontevedra. Mais consideramos que estamos diante dun caso evidente de incompatibilidade e conflito de interese xa que a empresa ENCE desenvolve a súa actividade no sector enerxético e pasteiro e a nova





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Directora Xeral terá que intervir en procedementos que afectan directamente á empresa como a renovación da autorización ambiental integrada da fábrica de Lourizán, o proxecto de interese autonómico de ampliacións das instalacións, o pacto ambiental asinado entre a Xunta e a empresa ou a tramitación do novo proxecto industrial de ENCE nas Pontes.

E tamén terá que intervir na tramitación ambiental de proxectos industriais de empresas que entran en competencia con ENCE.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera axeitado a Xunta o nomeamento da esposa do director territorial de ENCE en Galiza como directora xeral de Calidade Ambiental?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Luís Bará Torres**
Alexandra Fernández Gómez
Montserrat Valcárcel Armesto
Deputado e deputadas G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Luis Bará Torres na data 05/09/2024 11:41:16

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 11:41:24

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/09/2024 11:41:35





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Secundino Fernández Fernández, Luís Bará Torres, Paulo Ríos Santomé, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Noa Presas Bergantiños, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación das obras e tramitación da autovía A-76 en Valdeorras.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A comarca de Valdeorras, conformada polos concellos de A Rúa, A Veiga, O Barco de Valdeorras, O Bolo, Carballeda de Valdeorras, Larouco, Petín, Rubiá e Vilamartín de Valdeorras, é a segunda comarca máis poboada de Ourense (a pesares de ter perdido 1.924 habitantes nos últimos 10 anos, pasando dos 27.000 en 2014 a 25.076 en 2023).

O dinamismo económico pivota sobre o sector da lousa e do vitivinícola, aínda que sectores como a construción e sector servizos teñen unha grande relevancia.

O “illamento” nas comunicacións ten sido un lastre importante no despegue económico e social das terras de Valdeorras, xa que boa parte dos motores económicos dependen en boa medida da capacidade de desprazamento viario de mercadorías e bens de consumo.

Así atopámonos con problemas “endémicos” nas comunicacións, tanto interiores como cara o resto das comarcas galegas e mesmo nas comunicación co resto da península.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A A-76 é especialmente importante para as comunicacións da comarca de Valdeorras e o seu enlace coa meseta

Levamos anos esperando por unha autovía con capacidade adecuada para o transporte de mercadorías. Ao igual que noutras infraestruturas viarias de titularidade do Estado en Galiza, o proxecto de Autovía A-76 entre Ponferrada e Ourense leva anos de atrasos e tempos en branco sin que se produza un impulso firme que demostre un compromiso real de executar dita infraestrutura nun prazo de tempo concreto.

O proxecto dividiuse tecnicamente en doce tramos, cada un co seu propio procedemento de adxudicación e execución, dos cales os máis avanzados son os próximos a Ponferrada.

En 2018 adxudicouse a redacción do proxecto do tramo que vai entre Requeixo e A Veiga de Cascallá (Rubiá), pero pouco máis se soubo ao respecto. O tramo entre A Veiga de Cascallá até o enlace leste de O Barco ten un proxecto de construción rematado, pero igualmente carecemos de información concreta sobre o seu estado despois do anuncio do Ministerio en 2020 indicando que se estaba abordando unha modificación para incluír un enlace.

En abril do ano 2023, o Ministerio sometía a información pública o proxecto de construción da “Autovía A-76 Ponferrada-Requeixo” na provincia de León, cun orzamento aproximado de 126 millóns de euros.

O obxectivo de dita actuación é converter en autovía do tramo actual da N-120 entre Villamartín de la Abadía y Requeixo, baixo o nome da futura autovía A-76.

Durante a presentación do Plan Director do Corredor Atlántico por parte do Ministro de Transportes e Mobilidade Sustentábel o 16 de maio do 2024 na Coruña anunciouse un investimento no territorio galego de 4.561 millóns até o ano 2030.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No ámbito das infraestruturas viarias, prevese investir 801 millóns de euros ata 2030 para autovías como a A-55, AC-11 e a AP-9. Prevense 436 millóns para as estacións intermodais e estacións de mercadorías. Así mesmo, planificouse unha partida para portos de 293 millóns. E aínda que os aeroportos non están na rede básica, planificáronse 52 millóns para os aeroportos de Galiza

Con todo, no referido ao apartado de estradas bótase en falta a inclusión da A-76 Ourense-Ponferrada

En xuño do 2024 o ministerio respondeu a preguntas feitas polo deputado do BNG Néstor Rego no congreso dos deputados o seguinte

En relación coas inversións a executar na A-76, indícase cos tramos que se teñen en fase de redacción son:

- Tramo Villamartín de la Abadía – Requejo: consiste na conversión en autovía do tramo actual da N-120 entre ambas poboacións leonesas, cun trazado de 6,2 km de longo, que vai a traveso dos termos municipais de Carracedelo, Toral de los Vados, Corullón e Sobrado.

- Tramo Requejo – A Veiga de Cascallá.

- Tramo A Veiga de Cascallá – O Barco de Valdeorras

Dende o BNG e sobre todo o deputado no congreso Néstor Rego, levamos traballando reiteradamente nos últimos anos insistindo e traballando conxuntamente coa veciñanza de Valdeorras para evitar que esta infraestrutura quede no esquecemento.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que xestións fixo a Xunta de Galiza para que esta situación de parálise no Estado das obras da A76 remate e se dean pasos significativos de avance?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Secundino Fernández Fernández**

Luís Bará Torres

Paulo Ríos Santomé

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Noa Presas Bergantiños

Deputados e deputada G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 05/09/2024 13:23:41

Luis Bará Torres na data 05/09/2024 13:24:01

Paulo Ríos Santomé na data 05/09/2024 13:24:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2024 13:24:22

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2024 13:24:39





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Cada vez hai máis estudos que amosan a importancia tanto de aumentar a actividade física como de reducir o sedentarismo, xa que ambos factores teñen unha influencia clara na mellora da saúde, na prevención dalgunhas enfermidades crónicas e na xestión destas, e polo tanto, na calidade e na esperanza de vida da poboación.

Os últimos informes publicados revélannos que os índices de sedentarismo e abandono da práctica deportiva medran a partires dos 16 e ata os 30 anos, o que provoca un impacto negativo na saúde deste rango de poboación.

Para loitar contra isto son moitas as CC.AA que tomaron medidas entre as que se atopa a implementación da educación física como materia de libre configuración en 2º de Bacharelato.

Unha materia que baixo a denominación “ Desenvolvemento de Estilo de Vida Activo e Saudable” pretende ser unha ferramenta para que os alumnos se conciencien sobre a necesidade da práctica da actividade física para a saúde e poidan adquirir certo rango de autonomía para a programación, execución e seguimento do seu propio proceso de exercicio físico saudable, cara á súa vida adulta.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista cremos que o Goberno da Xunta ten que se sumar a esta medida principalmente por entender que nesta etapa





Por iso, as deputadas que asinan preguntan:

Santiago de Compostela, 5 de septiembre de 2024

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 05/09/2024 13:48:08

Patricia Iglesias Rey na data 05/09/2024 13:48:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Alexandra Fernández Gómez e Noa Presas Bergantiños, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a declaración do centro histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No Pleno ordinario correspondente ao pasado mes de marzo o Concello de Ourense acordou, coa abstención do partido Democracia Orensana, instar ao goberno municipal a que, de maneira urxente e inmediata, solicite á Xunta de Galicia a declaración do centro histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico (Rexurbe).

A pretensión da declaración do espazo casco histórico de Ourense como área susceptible de ser considerado como Rexurbe implica o recoñecemento expreso por parte de todos os grupos municipais que esta zona tan importante da cidade está inmersa nun proceso de degradación arquitectónica, urbanística e/ou ambiental, debida a obsolescencia do edificado, tanto das vivendas, como dos equipamentos, dotacións e servizos, así como a falta de conservación dos bens mesmo dos que gozan dalgún tipo de protección cultural.

Igualmente a acordo Plenario parte da constatación da complicada situación demográfica do casco histórico de Ourense, cunha notable perda de poboación nos últimos anos e un incremento da media de idade das residentes actuais.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Situacións que xunto coa falla de planificación estratéxica sobre este núcleo da cidade de Ourense está a provocar graves problemas económicos e sociais con diminución constante da taxa de actividade económica, particularmente da comercial, en beneficio exclusivo dunha explotación turística carecente de deseño estratéxico.

A realidade é que en pouco máis dunha década a poboación residente no casco histórico de Ourense reduciuse en máis dunha terceira parte, pasando de 5.500 a 3.650. O 50% das residentes pasan dos 65 anos, e máis de 70 edificios da zona histórica ameazan ruína.

Segundo informaban diferentes medios de comunicación o Concello de Ourense, en cumprimento do acordo plenario, no mes de abril formalizou ante a Xunta de Galiza a solicitude da declaración do casco histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico, sen que após o tempo transcorrido conste se procedera á declaración interesada, nin se avanzase na tramitación da mesma.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

-Cónstalle ao goberno galego a razón da demora na declaración do casco histórico de Ourense como área de rexeneración urbana de interese autonómico?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Alexandra Fernández Gómez

Noa Presas Bergantiños

Deputado e deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 05/09/2024 16:03:13

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 16:03:32

Noa Presas Bergantiños na data 05/09/2024 16:03:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres e Iria Carreira Pazos, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa a destinar á mellora da sanidade pública da Área Sanitaria Pontevedra-Salnés os 11.168.455,92 € do Acordo Marco para que os hospitais privados presten asistencia sanitaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estratexia privatizadora da sanidade pública galego por parte do PP non ten límite. Nesa carreira desenfreada a Xunta ven de aprobar un Acordo-Marco polo que vai derivar á sanidade privada parte da asistencia sanitaria das 300 mil persoas da Área Sanitaria Pontevedra O Salnés. Tanto consultas, intervencións cirúrxicas, probas diagnósticas, incluso a prevención.

Xustificar esta privatización en que é preciso para mellorar a calidade da asistencia sanitaria é totalmente inaceptábel, xa que está demostrado que a xestión da sanidade por empresas privadas levan consigo un maior gasto, unha mingua na calidade asistencial que recibe a poboación, perda de postos de traballo, maior precariedade.

O modelo do Partido Popular está asentado en converter en negocio para as empresas privadas a atención sanitaria. Empresas privadas de fóra de Galiza, fondos de investimento que parasitan máis e máis o noso sistema sanitario.

Un modelo polo que lle teñen entregada á empresas privadas unha parte importantísima da atención hospitalaria.

Máis de 11 millóns de € de recursos públicos destinados a empresas privadas na vez de actuar para prestar a atención sanitaria desde o público.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É inaceptábel que o Sergas na vez de dedicar estes recursos á sanidade pública para dar resposta ás necesidades sanitarias, opte por deixala baixo mínimos mentres destina millóns de euros a unha multinacional para facer unha actividade que se pode e debe realizar nos hospitais públicos.

Resulta sorprendente que ano tras ano se paralice a actividade durante o verán nos hospitais públicos mentres nos hospitais privados non se produce ese peche de recursos.

O PP está a reforzar o papel dos grupos privados, facendo depender aínda máis a nosa asistencia sanitaria dos mesmos

As decisións do Partido Popular en materia de sanidade non son inocentes, ao final sempre está a sanidade privada e o negocio.

É claro o obxectivo da Xunta de deixar unha sanidade pública esnaquizada en mans das multinacionais que son as que pretenden manexar os nosos recursos, tanto económicos como asistenciais, e obter substanciosos beneficios a costa da saúde dos cidadáns.

Ademais de opacidade, falta de transparencia no control da xestión da sanidade e perda de dereitos para a poboación e calidade asistencial.

A Xunta pretende normalizar o traslado constante dos cartos da sanidade pública á sanidade privada.

Non só está privatizando o sistema sanitario, senón tamén incentivan a baixa calidade asistencial. O Consello de Contas ven denunciando, a falta de mecanismos de control da calidade asistencial, a carencia de informes de fiscalización, para verificar que non é posíbel prestar a atención cos recursos do Sergas e que os concertos se están constituíndo en algo estrutural do sistema.

É preciso que a Xunta rectifique, que deixe de actuar como comercial, das empresas privadas, dos fondos de investimento, que deixe de reforzar a sanidade privada, e empece a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

defender o dereito da veciñanza da Área Sanitaria de Pontevedra o Salnés a unha sanidade pública de calidade.

Por todo isto fórmulase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera unha aposta pola sanidade pública destinar a contía de 11.168.455,92 € do Acordo Marco para que os hospitais privados presten asistencia sanitaria na da Área de Pontevedra- Salnés, na vez de destinar eses recursos ao fortalecemento da sanidade pública?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 05/09/2024 16:18:23

Iria Carreira Pazos na data 05/09/2024 16:18:26

Luis Bará Torres na data 05/09/2024 16:18:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas e Iria Taibo Corsanego, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a urxencia de a Xunta cumprir o convenio de financiamento asinado coa Orquestra Sinfónica de Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consorcio para a Promoción da Música conta co financiamento do Concello da Coruña, da Deputación da Coruña e da Xunta de Galiza.

Este financiamento público é, para alén doutros patrocinios privados, o substrato fundamental que viabiliza o proxecto didáctico e artístico da Orquestra Sinfónica de Galiza.

Os compromisos por parte do Concello da Coruña e mais da Deputación da Coruña mantivéronse no tempo, contribuíndo a garantir a excelencia dun proxecto musical artístico e formativo de referencia a nivel nacional e internacional.

No entanto, a Xunta de Galiza leva varios anos incumprindo o compromiso asinado no convenio de 2004 polo que se comprometía a financiar a Orquestra Sinfónica de Galiza anualmente con 3 millóns de euros.

Desde hai máis dunha década a Xunta de Galiza achega ao Consorcio para a Promoción da Música para o financiamento da Orquestra Sinfónica de Galiza unha cantidade inferior á asinada no convenio, acumulando na actualidade unha débeda de máis de 5 millóns de euros que está a comprometer a viabilidade da Orquestra Sinfónica, do Coro, da Orquestra Xove e das agrupacións infantís.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlase a seguintes pregunta para resposta oral en Pleno:

Como vai reverter a Xunta a débeda millonaria contraída coa Orquestra Sinfónica de Galiza?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 05/09/2024 16:43:08

Iria Taibo Corsanego na data 05/09/2024 16:43:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Brais Ruanova Vilas-Boas, Alexandra Fernández Gómez e Montserrat Valcárcel Armesto, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, en relación coa tramitación da autorización do proxecto industrial de Greenfiber (ALTRI) na Ulloa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta está a levar a cabo a tramitación ambiental do proxecto industrial promovido por Greenfiber (ALTRI) na Ulloa.

Nas pasadas semanas transcenderon informacións parciais e interesadas sobre determinados informes sectoriais mais non se deron a coñecer os documentos destes informes, o que pon de manifesto unha práctica habitual na Xunta, a opacidade e falta de transparencia. O mesmo se pode dicir da tramitación da autorización da concesión da captación e vertido de augas no río Ulla.

Por se isto non fose abondo, os cambios que se produciron na dirección xeral de Calidade Ambiental e Sostibilidade da Consellaría de Medio Ambiente semella que se explican entre outras razóns polas diverxencias e tensións na tramitación ambiental de grandes proxectos industriais.

En relación coa tramitación ambiental do proxecto de Greenfiber (ALTRI) o *modus operandi* que se deduce da actuación do goberno galego parece claro: os informes sectoriais serán favorábeis e incluírán medidas de corrección e minimización dos importantes impactos previstos. Isto é o que xa trascendeu a respecto do informe do Instituto de Estudos Territoriais, que reconece un importante impacto no territorio e na





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

paisaxe. Esta interpretación tamén se pode deducir de diferentes manifestacións públicas dos máximos representantes do goberno galego. Parece claro que a decisión fai moito tempo que está tomada.

Máis alá desta cuestión, hai que ter en conta as limitacións e carencias da documentación presentada pola empresa promotora, e a necesidade de levar a cabo unha análise integral e global dos impactos acumulativos e sinérxicos no territorio e no conxunto do país, no inmediato e no medio prazo.

Este é precisamente o enfoque do informe recentemente presentado polo Consello da Cultura Galega, a partir da análise de persoas de recoñecido prestixio no ámbito académico e científico, e que avalía de maneira extensa as diferentes dimensións do proxecto e as súas repercusións no eido económico, do emprego, das cadeas de valor do monte, do turismo, do territorio, da paisaxe, do patrimonio natural, do patrimonio cultural, da contaminación do ar e das augas e tamén da saúde.

Este informe é absolutamente contundente e demoledor. Desmonta unha grande parte da propaganda espallada pola Xunta e a empresa promotora, aliadas no apoio e impulso deste proxecto (xestado e promovido desde Impulsa Galicia). Sinala importantes eivas da documentación presentada pola empresa e do proceso de tramitación da avaliación e da autorización ambiental. E alerta de impactos significativos e críticos na zona, nas masas de auga, na biodiversidade, na economía ou na saúde.

Polo que se refire ao eido ambiental, entendido nun sentido amplo que englobaría tamén o ámbito territorial e paisaxístico, os impactos do proxecto serán moi fortes e incompatibles cun desenvolvemento autocentrado, sustentable e respectuoso co medio circundante. O informe sinala que “a instalación do proxecto Gama produciría unha grave fractura no territorio no que se pretende implantar”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O informe do CCG tamén advirte dos impactos no patrimonio natural e a biodiversidade, nas masas de auga, na atmosfera e na saúde, con afeccións que non están suficientemente analizadas na documentación presentada pola empresa.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Comparte o goberno galego as análises e conclusións do informe do Consello da Cultura Galega sobre o proxecto industrial de Greenfiber (ALTRI) na Ulloa , informe avalado por persoas de recoñecido prestixio do ámbito científico e académico, expertas no ámbito económico, ambiental, territorial, paisaxístico, patrimonial ou da saúde?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Valcárcel Armesto

Brais Ruanova Vilas-Boas

Alexandra Fernández Gómez

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Luis Bará Torres na data 05/09/2024 17:21:25

Montserrat Valcárcel Armesto na data 05/09/2024 17:21:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Alexandra Fernández Gómez na data 05/09/2024 17:21:38

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 05/09/2024 17:21:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Iria Taibo Corsanego e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a necesidade de asegurar a protección e conservación da paisaxe e do patrimonio cultural na área de implantación do proxecto GAMA.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Consello da Cultura Galega acaba de facer público o *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas*, dando cumprimento institucional ao Decreto 162/2008 que, no artigo 1.2, determina as funcións do Consello da Cultura Galega como máximo órgano estatutario de asesoramento e consulta de todas aquelas cuestións referidas ao patrimonio cultural de Galiza, ratificado posteriormente no artigo 7.1 da Lei 5/2016 do patrimonio cultural de Galiza.

O goberno da Xunta ignorou, máis unha vez, o cumprimento lexislativo e a lealdade institucional ao non lle solicitar ao CCG o seu informe sobre as posíbeis afeccións patrimoniais e ambientais derivadas da implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas, promovido por Greenfiber, S. L. (proxecto GAMA) na comarca da Ulloa.

Con todo, o CCG decidiu facer un informe por iniciativa propia que agora se acaba de facer público.

O *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas* parte de que a conservación e a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xestión dos recursos naturais e do patrimonio cultural é un dos obxectivos a nivel europeo das políticas de desenvolvemento territorial. Asemade, aséntase na aplicación do principio de conservación integrada para garantir que se teña en conta o patrimonio nas políticas de desenvolvemento, uso do solo, medio ambiente e enerxía, o que require adoptar políticas e medidas legislativas que faciliten o enfoque integrado desde e cara ao patrimonio.

Este enfoque integrador permea a redacción do informe á vista dos diferentes especialistas que asinan os 8 textos técnico-científicos.

A demorada análise científica da decisión da Xunta de implantar unha fábrica de fibras téxtiles a base de celulosa en Palas de Rei formula unha serie de conclusións de alto valor informativo, tanto a nivel social, para unha cidadanía que se está a manifestar cun alto grao de mobilización, canto a nivel político, xa que estamos a falar dun proxecto que o PP, desde o Consello da Xunta, declarou unilateralmente proxecto industrial estratéxico.

Entre as conclusións do *Informe sobre o proxecto para a implantación dunha industria de fibra téxtil a base de celulosa e as súas infraestruturas asociadas* destacamos aquelas centradas na afectación moi lesiva ao patrimonio cultural da comarca e á súa relevancia económica e turística a nivel local e comarcal.

O turismo converteuse nunha actividade moi destacada na área de implantación do proxecto GAMA, fundamentalmente debido ao Camiño de Santiago, ruta do Camiño Francés declarada Patrimonio da Humanidade que ten unha forte pegada nos concellos de Melide e Palas de Rei.

O Plan director dos Camiños de Santiago 2022-2027 sinala que o Camiño Francés impacta intensamente no desenvolvemento local, en canto a emprego e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

demografía, o que entra en contradición co proxecto industrial que representa a macrocelulosa de Altri.

Segundo o informe do CCG o Camiño de Santiago, ademais do Castelo de Pambre, veríase moi prexudicado polos accesos temporais para a construción da fábrica e pola afectación ao valor universal excepcional da ruta xacobeá polo impacto na paisaxe dos elementos arquitectónicos e instalacións.

Unha alerta que xa ten manifestado o ICOMOS e polo que xa demandou un estudo independente de impacto patrimonial.

Por todo o exposto fórmase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Vai facer prevalecer o goberno do PP a protección e conservación do Patrimonio da Humanidade que é o Camiño de Santiago e a actividade económica local diversificada que este recurso ten creado na comarca?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Iria Taibo Corsanego

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 05/09/2024 17:32:20

Iria Taibo Corsanego na data 05/09/2024 17:32:32

Daniel Castro García na data 05/09/2024 17:32:45





Á MESA DO PARLAMENTO

Paloma Castro Rey e Patricia Iglesias Rey, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

A inestabilidade en Senegal e a guerra en Malí están a provocar un aumento nas chegadas de persoas destas nacionalidades ás Illas Canarias. Estes conflitos provocan ademais un incremento dos solicitantes de asilo desta nacionalidade, unha tendencia marcada nos últimos anos, pero en especial desde finais de 2023 e durante 2024.

A isto hai que engadir a situación do Sahara occidental, cada vez máis inestable, e as relacións entre Arxelia e Marrocos que fan que esta vía sexa a máis utilizada.

O manifestado anteriormente está a provocar un incremento na chegada de inmigrantes en situación irregular e ante isto o Goberno de España, a través do Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións implementou un Programa de Atención Humanitaria co fin de garantir os Dereitos Humanos dos chegados ás costas españolas.

Para iso, conta cunha rede de entidades en todo o territorio nacional, con gran experiencia neste tipo de emerxencias, que se encargan de atender as necesidades básicas dos migrantes en situación de vulnerabilidade.

Cando se produce un número de chegadas importante nun punto das costas españolas, o Programa activa traslados aos centros situados en todo o territorio nacional no marco da solidariedade interterritorial e co fin de dar unha resposta





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 18:10:03
Nº Rexistro: 10628
Data envío: 05/09/2024 18:10:03,279

eficaz.

Neste sentido, e ó tratarse de persoas maiores de idade, é o Goberno de España o que ten as competencias nesta materia, e polo tanto, está a asumir integramente o custe de aloxamento, manutención e atención social das persoas migrantes, polo que a xestión dos inmigrantes chegados estes días a diferentes territorios de Galicia non está a supoñer ningún gasto para a Xunta ni para os concellos.

A pesares desta situación e da traxedia humanitaria que isto supón o PP está a abrazar abertamente as posicións xenófobas da ultradereita e a criminalizar a estas persoas creando un efecto negativo na poboación e o Goberno da Xunta a trasladar publicamente unha situación de descontrol e descoordinación falsa, xa que na realidade non existe tal.

O Grupo Parlamentario Socialista quere que o Goberno galego actúe coa seriedade e responsabilidade que un asunto coma este esixe, colabore co Goberno de España cunha lealdade institucional á altura e mostre o seu rexeitamento frontal aos discursos xenófobos e desprezables en torno ás persoas inmigrantes.

Ante esta situación, as deputadas que asinan preguntan:

Vai o Goberno da Xunta de Galicia colaborar co Goberno de España dando mostra de lealdade institucional e de solidariedade interterritorial?

Santiago de Compostela, 5 de setembro de 2024

Asinado dixitalmente por:

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34585

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 18:10:03
Nº Rexistro: 10628
Data envío: 05/09/2024 18:10:03,279

Paloma Castro Rey na data 05/09/2024 18:03:05

Patricia Iglesias Rey na data 05/09/2024 18:03:15

CSV: B6P1S1R8D3GfEeXyKkV2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  981.55.15.30

34586

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 18:13:27
Nº Rexistro: 10633
Data envío: 05/09/2024 18:13:27.386

Á MESA DO PARLAMENTO

Patricia Iglesias Rey e Elena Espinosa Mangana, deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O Grupo Parlamentario dos Socialistas galegos defendemos a máxima esixencia política e democrática como parte dunha oposición útil e responsable. Unha esixencia onde principios como a transparencia, a integridade e a rendición de contas, a participación cidadá, a responsabilidade e o respecto aos principios da democracia sexan os comportamentos que guíen a acción política e institucional, co fin de alcanzar o nivel que teñen as sociedades máis desenvolvidas da nosa contorna política e cultural.

Unha liña de acción política prioritaria nesta lexislatura – e sobre a que insistiremos todos os días en traer a axenda galega- é a do impulso pola rexeneración democrática, a transparencia e a integridade pública, que é unha sinatura pendente do Goberno galego do PpdeG. A Xunta de Galicia atópase á cola de España en materia de transparencia e calidade de goberno, segundo o último Informe de Cohesión Económica, Social e Territorial elaborado pola UE.

Por outra banda, a contratación pública foi considerada como un dos espazos de actuación das administracións públicas onde pode existir un maior volume de casos de corrupción e de conflitos de intereses, produto da interacción dos sectores públicos e privados, as amplas marxes de discrecionalidade e as altas cantidades de diñeiro que se manexan nos procesos de contratacións públicas, os cales puidesen quebrantar a igualdade de trato e a igualdade de oportunidades entre os operadores económicos que participan no procedemento contractual. No ordenamento xurídico español, a regulación normativa dos conflitos de intereses en materia de contratación pública está

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

 gp-socialista@parlamentodegalicia.gal /  **981.55.15.30**

34587

@PSdeG



CSV: BGRISJTRDGFVQZJANGVW3-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





prevista no artigo 64 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, denominado “Loita contra a corrupción e prevención dos conflitos de intereses”.

En noticias recentes en distintos medios de comunicación- e comprobada a información na plataforma de contratación do sector público estatal PLACSPE- parece evidenciarse un posible trato de favor ou conflito de interese non detectado e xestionado da contratación dos distintos poderes adxudicadores do sector público autonómico co grupo EULEN, sobre todo no Sergas.

Do mesmo xeito, pola información da PLACSPE hai un número moi significativo de contratos menores adxudicados directamente a EULEN cun encadeamento de contratos ano tras ano vulnerándose o artigo 118.3 da LCSP ao fraccionarse o obxecto dos contratos adxudicados para eludir as normas de publicidade e concorrência.

A Administración autonómica asinou contratos co grupo EULEN por valor de máis de 55 millóns de euros desde o ano 2009, entre eles 1.361 contratos menores por valor de 4.8 millóns de euros adxudicados a dedo nos últimos 5 anos.

O último episodio desta relación privilexiada da Xunta con este grupo empresarial foi a recente adxudicación dun contrato de seguridade dos hospitais e centros de saúde da área Santiago-Barbanza, adxudicado a EULEN por valor de 3.899.058 euros, no que a xerente era ata hai escasos meses prima da directora comercial para a zona norte do Grupo Eulen, que é á súa vez irmá do presidente da Xunta de Galicia entre os anos 2009 a 2022.

Desde o PsdeG consideramos que é unha obriga da Xunta e un mandato parlamentario o envío da documentación solicitada polas deputadas e deputados e que ten que rematar coa opacidade co envío desta documentación





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 05/09/2024 18:13:27
Nº Rexistro: 10633
Data envío: 05/09/2024 18:13:27.386

ao Parlamento. E ademais é preciso actuar con máxima transparencia e información en relación coa contratación co grupo EULEN. A mellor maneira de demostrar que non hai nada que ocultar é garantir o acceso á información e á documentación e que se faga auditoría independente.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas que asinan preguntan:

Cantos contratos menores, abertos, de urxencia e de emerxencia da covid foron adxudicados polas distintas entidades do sector público autonómico ao grupo EULEN ao longo do período 2009-2024?

Santiago de Compostela, 5 de setembro do 2024

Asinado dixitalmente por:

Patricia Iglesias Rey na data 05/09/2024 18:09:36

Elena Espinosa Mangana na data 05/09/2024 18:09:44



Á Mesa do Parlamento

Pablo Javier Prieto Perille, Julio García Comesaña, Roberto Rodríguez Martínez, Argimiro Marnotes Fernández, Paula Mouzo Mas, José Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, María Felisa Rodríguez Carrera e Katherinie Varela Fernández deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral en **pleno**, polo trámite de **urxencia**

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada pola relevancia que ten efectuar un balance da participación dos deportistas olímpicos e paraolímpicos galegos nos xogos de París.

A Xunta de Galicia puxo en marcha diversas convocatorias de bolsas e axudas dirixidas a cubrir os gastos dos deportistas galegos, e tamén de membros do corpo técnico, xuíces ou árbitros, que acudiron aos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París.

Ademais habilitou a website 'Galicia Olímpica', con toda a información dos olímpicos e paralímpicos que entre outros contidos inclúe o calendario dos deportistas galegos con todos os detalles das probas nas que compiten e entrevistas personalizadas, o espazo web tamén informa ao momento sobre os seus resultados

Por todo o exposto, as deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular formulan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai o Goberno galego da delegación galega nos Xogos Olímpicos e Paralímpicos de París?

Santiago de Compostela, 6 de setembro de 2023

Asinado dixitalmente por:

Pablo Prieto Perille na data 06/09/2024 11:57:18

Julio García Comesaña na data 06/09/2024 11:57:35

Paula Mouzo Mas na data 06/09/2024 11:57:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





PARLAMENTO
DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/09/2024 12:05:51
Nº Rexistro: 10651
Data envío: 06/09/2024 12:05:51.304

Katherinie Varela Fernández na data 06/09/2024 11:58:06

Argimiro Marnotes Fernández na data 06/09/2024 11:58:15

Roberto Rodríguez Martínez na data 06/09/2024 11:58:29

Paula Prado del Rio na data 06/09/2024 11:58:43

María Felisa Rodríguez Carrera na data 06/09/2024 11:59:24

Alberto Pazos Couñago na data 06/09/2024 11:59:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



CSV: BGPSJTBGZNFQWMe68fz47
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



PREGUNTA PARLAMENTO GALLEGO

¿Cuándo se va a adaptar la ley 8/2008 de salud de Galicia para garantizar a la ciudadanía transparencia de manera que cualquier ciudadano gallego pueda saber previa solicitud o implementándolo en É-Saúde qué funcionarios acceden a su historia clínica para saber si está justificado o no? Hay que recordar que el historial médico es un datos especialmente protegido por lo que se necesitan medidas para garantizar esta protección especial.

A día de hoy el Catastro y Carpeta ciudadana permiten saber quién accede a sus datos a través de sus respectivas sedes electrónicas.

El gobierno de Navarra y Cataluña son pioneros en estas iniciativas, así por ejemplo podemos ver la siguiente normativa:

“

LEY FORAL 17/2010, DE 8 DE NOVIEMBRE, DE DERECHOS Y DEBERES DE LAS PERSONAS EN MATERIA DE SALUD EN LA COMUNIDAD FORAL DE NAVARRA

CAPÍTULO II. De la confidencialidad

Artículo 31. *Derecho a la confidencialidad de la información.*

1. Toda persona tiene derecho a la confidencialidad de toda la información relacionada con los datos referentes a su salud y estancias en centros sanitarios públicos o privados. Igualmente, tiene derecho a que nadie que no cuente con su autorización pueda acceder a ellos, salvo cuando así lo autorice por razones de interés general la legislación vigente, conforme a lo previsto en la Ley Orgánica 15/1999, de 13 de diciembre, de Protección de Datos de Carácter Personal, y a conocer en todo caso quién ha accedido a sus datos sanitarios, el motivo del acceso y el uso que se ha hecho de ellos, salvo en caso del uso codificado de los mismos.

“



Asinado dixitalmente por:




PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 09/08/2024 12:08:00
Nº Rexistro: 8877
Data envío: 09/08/2024 12:08:00,137

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 09/08/2024 12:07:41

CSV: B6PISJTBGCR7aC0bV0wJ0WZs7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-7zOWmJNv2-7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

